Public. diaria 30

A NOSA TERRA

Ingresa en prisión un novo insubmiso
7
O PP galego insatisfeito polos resultados da Festa do Faro
7

Carlos Príncipe: "Ao PSOE ten que chegar unha nova xeneración: Paco Vázquez leva desde o 76"
9
O governo español abandona ás empresas instaladas en Cuba
16
A CIG e o SLG entrevístanse cos ministros de Traballo e Agricultura
12

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA SANTIAGO

18 DE XULLO • 1996 • ANO XIX | PERIÓDICO GALEGO SEMANAL | Nº 735 • 200 PTA

A segregación da mina, á que se opuxeron empresa, partidos, Xunta e sindicatos, seria o primeiro paso

A Banca quer pechar a central das Pontes

A Comisión do Sistema Eléctrico quer segregar a mina das Pontes da central de Endesa. Hai un ano xa o intentou. Daquelas todos os partidos políticos, a empresa, a Xunta, o Parlamento Galego e, por suposto, os sindicatos, opuxéronse. Agora volta de novo á carga. A empresa recoñece que significaría pechar a mina e o Comité de Empresa afirma que só se pode explicar a teima segregacionista vinculándoa á privatización. Detrás está a Banca que controla o Sistema Eléctrico e que se vai facer con Endesa. O carbón vai deixar paso ao gas e as centrais situaranse no eixo mediterráneo, onde se vai concentrar os sectores industriais.

A lexislación dificulta a cada máis o dedicarse ao agro

Proibido ser labrego

(Páx. 13)

A tradición foi restaurada por Franco

Nos periodos liberais e republicano non se celebraba a oferenda ao Apostol

(Páx. 4)

Os sindicatos piden aos traballadores que o 25 de Xullo se mobilicen contra as privatizacións

O nacionalismo volve a convocar actos e festas en toda Galiza como anticipo do Dia da Pátria

(Páx. 13)

PARADO NA TORMENTA

Suso de toro

As cavilacións dun dos mellores escritores galegos sobre literatura, política, sexo, televisión... Un libro escrito desde a liberdade e coa suxeitividade do escritor como bandeira.

galaxia



A preséncia ainda de ex-franquistas explica a escasa repercusión en Galiza do aniversário do 36

Un fotógrafo correu ao laboratório nos días de sangue de Xullo de 1936. Colleu as placas e estrelounas nunha praia perdida contra as rochas para que a policía non recoñecese á xente que ia aos actos políticos. Pasados 60 anos só podemos recoller algunhas pezas daquel puzzle destruido. Anacos de dignidade, glória e heroismo. Na próxima semana os *Cadernos A Nosa História* recollen 13 biografias daqueles republicanos que estaban mudando a face de Galiza: *Os mártires do 36*. (Páx. 21)

O Estado mastín

O Ministro de Defensa, Eduardo Serra, anunciou, o pasado Luns na Coruña, a intención do Partido Popular de implantar un servício militário voluntário, mixto e de seis meses de duración coma unha transición até a posta e marcha do exército profisional. Serra, que inaugurou o seminário "Reinventar a defensa: Cara un novo modelo de Forzas Armadas", na sé da Universidade Menéndez Pelayo, non puido evitar recoñecer as dificultades orzamentárias que atopa o Governo central para executar a total profisionalización do Exército nun prazo de seis anos. O presuposto de Defensa teria que aumentar até o 1,5% do PIB para poder cumprir este compromiso eleitoral. Cun incremento deste tamaño, paralelo á privatización de bens estatais en banca, enerxia e telecomunicacións, é posíbel que o modelo de Estado que se está a deseñar xire ao redor da Defensa, das Forzas Armadas e do mantenimento do orde público. Quizá un Estado vixia ou Estado mastín, protector das propriedades. ♦

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias.
VICEPRESIDENTE: Xaquín Acosta.
CONSELLEIRO DELEGADO: Xosé Fernández Puga.
VOGAIS: Alberte Ansede, Xosé Mª Dobarro, Manuel Dios, Manuel Veiga, Xosé Castro Ratón, Manuel Portas e Xan Costa.
SECRETARIO: Xan Piñeiro.

Director:
Alfonso Eiré López

Redacción:
Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Castro.
FOTOGRAFIA: Anxo Iglesias
EDICIONS ESPECIAIS: Xosé Enrique Acuña.
DESEÑO GRAFICO: Xoselo Taboada.

Colaboradores:
PESCA: Severino Xestoso.
SANIDADE: Maria Alonso.
AGRO: Xoán C. Garrido.
DEPORTES: Rodolfo Dacuña.
MADRID: Manuel Seoane.
BARCELONA: Iria Varela.
PORTUGAL: Goriçalo Nuno.
CULTURA: Xoán M Estévez, Celso López Pazos, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Óscar Losada, Gonzalo Vilas, Xosé M. Eiré Val, Xesus González Gómez.
LECER: Iago Luca

Fotografia: Andrés Panaro, Xosé Marra, *Voz Noticias*.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Carlos Silvar, Gonzalo Vilas.

Publicidade: Carlos Martínez Muñoz
Xefa de Administración: Blanca Costas
Subscripcións: Lola Fernández Puga
Vendas: Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración: Rua do Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo. Apartado 1371. 36280 Vigo

Teléfonos:
REDACCION: (986) 43 38 86 - 22 24 05 Fax (986) 22 31 01
ADMINISTRACION. SUBSCRIPCIONS E PUBLICIDADE: (986) 43 38 30*

Imprenta: E.C. C-3 1958
Depósito Legal: C-963-1977
ISSN: 0213-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados.

Está permitida a reprodución sempre que se citar procedéncia.

Emarcada no proceso privatizador as suas accións baixaron máis de 600 pesetas en Xullo

A separación de actividades en *Endesa* das Pontes, fase prévia ao seu peche

A. EIRÉ

As privatizacións que pretende realizar o Governo español necesitan adecuacións das empresas para facer o paso a mans privadas ainda máis rendíbel. Neste proceso enmárcase a separación de actividades que se pretende realizar en *Endesa* nas Pontes. Por un lado a sección de minaria, polo outro, a central térmica. Empresa, partidos políticos, Xunta e, por suposto, sindicatos, non estaban de acordo cando se baraxou esta posibilidade hai un ano.

Agora, a Comisión do Sistema Eléctrico voltou a retomar unha idea que xa parecia desbotada. Desde As Pontes afírmase que o que se pretende "é botarlle o pestillo a estas instalacións".

***Endesa* é a única empresa eléctrica que conta con mineria própria.**

A fins de Xuño o valor das accións de *Endesa* estaban perto do seu máximo anual. Quince dias despois baixaran máis de 600 pesetas, mentres o conxunto das empresas eléctricas só sofriran unha baixa de 19 pesetas por acción. Nese intre, o Governo manifestara a sua intención de comezar as privatizacións, relatando prioridades e prazos. O anúncio, xa sabido por outra banda, levou consigo numerosas declaracións, entre elas as de Emílio Botín, presidente do Banco de Santander, afirmando que "as accións de Endesa están sobrevaloradas". No mesmo senso se manifestaron outros representantes bancários. Desde aquelas as accións comezaron a baixar, sen que os analistas económicos consultados por *A Nosa Terra* atopen razóns no mercado. O que si consideran é que "a baixa das accións vai repercutir directamente no montante que reciba o Estado pola sua venta".

Mais non é esta a única *adecuación* que se pretende facer na empresa cara a sua entrega ao capital privado. Hai un ano o Consello de Administración da Comisión do Sistema Eléctrico, acolléndose á lei que regula o *Sistema Eléctrico Nacional* decretou a separación de actividades entre a explotación mineira e a produción eléctrica. Empresa, grupos parlamentários españoles, Consellaria de Indústria, Parlamento Galego e sindicatos manifestáronse en contra.

O 2 de Outubro de 1995 celebrouse no Congreso dos Deputados a comparecéncia do presidente de Endesa, Fuster Jaume, para explicar as actuacións deste empresa a respeito da segregación das suas actividades. Nesta comparecéncia o señor Fuster mostraríase contrário a esta segregación, afirmando que "non é o mesmo separar actividades que foron adequeridas no trascurso da traxectória empresarial que separarse da actividade coa que naciches. Separar o carbón da central, cando a central nace co carbón ao lado e, enriba, cando incluso a plantilla non é mineira nen eléctrica, senón única, e cando a empresa é unha empresa electro-mineira como Endesa, é un arco de igrexa".

> "Non é o mesmo separar actividades que foron adequeridas no transcurso da traxectória empresarial que separarse da actividade coa que naciches" FUSTER JAUME

Iria ainda máis alá o presidente de Endesa ao afirmar que "separar actividades supón, sobre todo, aclarar situacións cun descoñecimento e unha incerteza no futuro". Fuster Jaume afirmaba que despois de deliberar coa Comisión do Sistema Eléctrico, pensaba que esta, coñecendo os pontos de vista chegara a un consenso de non segregación.

O Presidente de *Endesa* F. Fuster, centro, cos directivos S. Foucillas e A. Corostegui.

Os partidos contrários

O deputado do PP, Pérez Corgos, tamén se mostou contrário a esta segregación, facendo unha "série de precisións" cos que coinciden todos, incluido os sindicatos e que mostran a imposibilidade da segregación. "A central térmica nas Pontes constrúese precisamente porque existe un xacimento importante de lignito pardo. A pequena mina que viña explotando *Encaso* e, posteriormente *Enfersa*, non ten nengunha comparación coa que explotou a segue explotando *Endesa*. O lignito pardo que contén o xacimento das Pontes non ten nengunha posibilidade de almacenamento, non é susceptíbel de transporte a meio alcance nen sequer de venta ao mercado externo. A produción da mina está condicionada ás demandas que, en todo momento lle efectua a central. Existen na actualidade unha série de servícios comuns para a mina e a central. Seguramente, unha hipotética segregación xurídica obrigaria a duplicar todos estes servícios".

Os socialistas, daquela no Governo, pediron por boca de Saez Lorenzo a modificación da lei se for necesário, considerando que a segregación ia "producir alguns problemas á empresa Endesa pola estreita vinculación entre o negócio mineiro e o negócio de produción". Ao final, todos os grupos votaron en contra desta segregación, agás CiU que se abstivo.

O 12 de Xullo de 1995 a Consellaria de Indústria e Comércio realizou unha valoración xurídica da Lei 40/94 de *Ordenación do Sistema Eléctrico Nacional* (LOSEN) resumindo as posición da Consellaria en dous pontos: "entendemos que a entrada en vigor da LOSEN non supón a esixéncia da segregación entre mina e central, polo que apoiaremos o mantenimento da actual estrutura orgánica do Complexo". O informe realizado polo prestixioso gabinete de advogados *Cuatrecas,* incide tamén nas mesmas consideracións, afirmando no seu ponto final que "a lei non exclue expresamente o lignito como combustíbel para a produción de enerxia eléctrica. Se non resulta rendíbel como fonte de produción, será a sociedade productora a que teña que decidilo".

Pasa á páxina seguinte

Ven da páxina anterior

Na Xunta de Accionistas celebrada o 5 de Xuño o presidente de Endesa, Feliciano Fuster, resalta no seu discurso a diversificación das distintas áreas e a separación de negócios e o isolamento de áreas de monopólio natural".

A volta ao pasado

Semellaba que os dictames xurídicos, as conversas da empresa coa CSEN e a postura dos grupos políticos, deixaba xa aparcado as intencións do Presidente do Consello de Administración do CSEN, Miguel Angel Fernández Ordoñez. Pero non foi asi. O 1 de Xullo o Comité de Empresa recibia unha convocatória para unha reunión en Madrid. Nesta reunión daríaselles a saber un escrito de Fernández Ordóñez a Feliciano Fuster, presidente de Endesa no que se lles comunica que "analisando os argumentos do escrito de Endesa e as disposicións legais da Lei de Ordenación do Sistema Eléctrico Nacional, non atopa razóns que permitan proceder á non aplicación da separación xurídica esixida pola Lei".

O Ministro de Indústria Josep Piqué afirma descoñecer estas intencións segregacionistas e os partidos xa se mostraran totalmente en contra. Por que, logo, esa teima segregacionista na Comisión do Sistema Eléctrico? Acolléndose á Lei de Ordenación do Sistema Eléctrico, que supostamente está dirixida á consecución dunha transparéncia de custes no sector da electricidade, tentan separar a produción de electricidade doutras actvidades como a extración mineira. Máis, no fondo, como ben pon de manifesto o informe *Cuatrecasas* o que intentan é "excluir o lignito como combustíbel para a fonte de enerxia eléctrica".

> 'A lei non exclue expresamente o lignito como combustíbel para a produción de enerxia eléctrica"
> *INFORME CUATRECAS*

Para entender a posición de Fernández Ordoñez e da Comisión do Sistema Eléctrico haberia que ter en conta que este organismo, en teoria independente, como afirman mesmo directivos das empresas eléctricas, en realidade está composto por pións dos principais báncos que foron os que, dun ou doutro xeito, controlaron sempre o sistema eléctrico para o seu beneficio. Será esta a explicación agora que se van producir as privatizacións?♦

Fermín Paz Lamigueiro, presidente do Comité de empresa

'A segregación só se pode explicar vinculándoa ás privatizacións'

O Comité de Empresa vaille facer fronte, de novo, aos intentos de segregación. Nesta semana xa se entrevistou cos deputados do BNG, Francisco Rodríguez, (que apresentou unha pergunta no Parlamento de Madrid) e Xaime Bello, que o fixo no Parlamento Galego, asi como co Presidente do PSdeG-PSOE, Abel Caballero. Para o presidente do Comité, Fermín Paz Lamigueiro (CIG), —que entrou na empresa cando esta se instalou nas Pontes, en 1972, sendo un dos fundadores do sindicalismo nacionalista—, coa segregación non se trata de resolver "unha transparéncia de custes no sector eléctrico", como pretenderia a Lei, "pois seria relativamente fácil, podendo ser asegurada grácias á contabilidade analítica que considera a cada centro de explotación —mina e central— como se fosen empresas separadas. Desde logo, a transparéncia que din buscar non a asegura a separación xurídica, como pretende Fernández Ordóñez".

Fermín Paz razona que "cando a transparéncia de prezos non ten como regulador á próprio mercado, no canto da transparéncia de prezos o que se obtén son prezos de transferéncia que nada teñen que ver co valor do mercado". Explica que a lei da libre competéncia non pode ser aplicada ao carbón das Pontes "porque non *vive* máis de 25 kilómetros, pois entón os custes de transporte fan irrendíbel a sua explotación". Non pode ser consumido, polo tanto, por outra empresa que non sexa Endesa. Asi teriamos que a nova empresa xurídica criada para a extración do carbón "seria unha empresa cautiva cun único cliente, Endesa".

Fermín Paz afirma tamén que a própria Lei *40*, no seu artigo 20, "deseña un método para que o Governo poida obter a información contábel necesária sen limitación algunha, para que o obxectivo sinalado de custes de enerxia elécrica transparentes sexa unha realidade. Polo tanto, pode afirmarse que a Lei confia a consecución de tal obxetivo na separación contábel e non na segregación".

Como explica logo esa teima de Fernández Ordoñez de segregar a mina de Endesa?

A representación sindical de Endesa só pode explicar o asunto dun xeito racional se o vinculamos ás privatizacións. Desde esta perpectiva si acertaríamos a comprender como unha Endesa con maioria social en mans privadas, quixera desprenderse dos activos mineiros".

Para entender o interese *segregacionista* é necesário ter en conta que *Endesa* é a única empresa do sector que ten ainda minaria e que a tendéncia é reconverter estas centrais para que a combustión sexa gas. Máis esta non é a única tendéncia, senón que o que tratan é de concentrar a produción eléctrica no eixo Mediterráneo, que é a zona na que o deseño económico da UE prevé a concentración de indústrias consumidoras. "Se además temos en conta que *Endesa* xa está a importar o 50% do carbón que consume e que, dos 2080 traballadores das Pontes, 1300 fano na mina e 300 en servícios comuns, entenderemos a teima co capital privado", afirma Paz Lamigueiro.

O Presidente do Comité de Empresa critica aos privatizadores alegando que "son precisamente os privatizadores os que sempre viviron á costa do Estado. As empresas cando van mal sempre recorren ao Estado, xa sexa con obras, axudas, rebaixa das cuotas de Seguridade Social, isencións, moratórias...". Tamén pon de manifesto como tivo que ser a empresa pública quen apostara pola combustión para a produción eléctrica, consumindo recursos de todos "e só cando as privadas ollan a rendabilidade dan o paso, como ocurriu con Meirama".

Fermín Paz é contundente cando afirma que "non só As Pontes e a comarca non se beneficiou de Endesa, unicamente se criaron postos de traballo, senón que foi a mina das Pontes o que levantou a empresa (Endesa) que máis rendíbel lle foi todos estes anos ao Estado. Os beneficios xerados nas Pontes foron investidos noutras empresas do sector ou en factorias como a Seat, criando o grande sector público español sen que a comarca e Galiza se beneficiasen para nada. Cando os nacionalistas denunciabamos isto, decian que estábamos tolos. Agora todo o mundo o admite".

Para Fermin Paz agora o que pretende o capital privado é "poñerlle o pecho a Endesa nas Pontes. A segregación é só un paso", Feliciano Fuster Presidente de Endesa, mostrábase preocupado na sua comparecéncia no Congreso dos Deputados por pechar a mina doutro xeito que non fose "nunha forma alargada no tempo", pois a segregación podia rematar coa mina "nun momento no que a povoación das Pontes non ten unha actividade alternativa, iso xeraria un problema social e económico importante".♦

As imposicións do capital especulativo

O desmantelamento da central termoeléctrica das Pontes é un chito máis na dinámica capitalista que, agora, coa mundialización, está a dividir o planeta en áreas económicas, programando o seu máximo benefício. Este benefício só poden obtelo baixando significativamente o crecimento da economia, até o ponto de que nos últimos 20 anos o crecimento non acadou nen a metade dos 20 anteriores. Un factor que xogou un papel determinante foi o enorme aumento do capital non regulado e especulativo. Esta dinámica acelerouse rapidamente sobre todo desde que Nixon quebrou o sistema de Bretton Woods a comezos da década dos setenta. Anteriormente o sistema descansaba sobre a regulación das moedas, a convertibilidade do dólar en ouro e sobre toda unha série de medidas que fixeron dos EE.UU. o banqueiro mundial. A comezos da década dos sesenta os Estados Unidos non podian manter o control desta situación, que lle fora moi beneficiosa durante os vinte anos anteriores, cando as suas corporacións investiron por todo o mundo.

A inxente cantidade de moeda non regulábel aboiando nos mercados internacionais tivo o efecto de producir unha significativa presión sobre as políticas deflacionárias e iso é o que busca hoxe o capital finánceiro: baixo crecimento e baixa inflación. Esta masa especulativa, que agora ven a constituir a imensa maioria do capital disponíbel internacionalmente, provoca un efecto anticrecimento. Un exemplo desta dinámica foi visto cando a disminución do paro ou a reactivación económica provoca a baixada automática das bolsas de todo o mundo. As cifras son realmente sorprendentes. John Eatwell, un dos principais especialistas en finanzas da universidade de Cambridge, estima que en 1970 aproximadamente o 90% do capital se destinaba ao comércio e a investimentos a longo prazo. En 1990 invertíronse as cifras e o 90% do capital dedícase agora a especulación.

Tratase agora de impoñer por parte dos paises ricos aos paises máis pobres unhas severas medidas de austeridade: control de orzamentos, redución de gasto social, control de moeda etc. Niso consiste a economia liberal de mercado. Agora os grandes bancos tentan, de novo, investir este diñeiro desregulado. Pero só están dispostos a facelo en sectores extratéxicos e con futuro. A maior parte destas empresas están en mans dos estados, que desenvolveron estes sectores con cartos públicos. Por iso se impoñen as privatizacións. Máis non de calquer xeito, senón que será preciso facelas coas suficientes garantias de plusvalia para o capital privado. As non rendíbeis, estratéxica ou competitivamente, serán pechadas e as demáis vaciadas daqueles elementos *perturbadores* do benefício económico. Este é o caso da central termoeléctrica das Pontes. Será máis rendíbel unha central de gas é millor situada en Catalunya (CiU abstívose na votación sobre a desregulación). Despois virá a desregulación do prezo da electricidade e Galiza terá que pagar o transporte desde outras nacións.♦

A NOSA TERRA

Vense celebrando desde 1646, agás nos periodos liberais e republicanos

A oferenda ao Apostol, unha tradición absolutista restaurada por Franco que permanece en democrácia

XAN CARBALLA

A oferenda do Apostol é unha reminiscéncia absolutista que se ven celebrando desde 1646, e que só se abandoou como prática guvernamental nos periodos liberais e nos cinco anos da II República. Apesar de amosar, ano tras ano, o seu carácter integrista e deixar en entredito a separación de Igrexa e Estado, cargos institucionais do PSOE (Garcia Sabell ou Xerardo Estévez) téñense sumado a representar aos reis na Oferenda, aplastantemente encarnada no franquismo por militares. Este ano tócalle turno a Vitorino Núñez como Delegado Réxio.

Durante a Ditadura a oferenda ao Apostol foi praticamente monopolizada por militares, que tamén teñen preséncia na representación réxia despois da restauración democrática.

"O Señor, nos seus inexcrutábeis xuizos permitiu que [España] perda os derradeiros restos dos seus domínios de Ultramar, non para que en Cuba, Porto Rico e Filipinas se ergan novos Estados independentes, como soñaban hai tempo os autonomistas e separatistas, senón para que estes sofran o pesado xugo da dominación estranxeira en xusto castigo da sua ingratitude e rebeldia á nai pátria". Cun discurso deste tenor, en español por suposto, respostaba ao oferente o cardeal Martín de Herrera na celebración do Apóstolo de 1899. A escolla da cita, case ao azar, no repetitivo estilo que acompaña á Misa da Oferenda desde xa hai 353 anos, pode servir de mostra coa que nos amartela ano tras ano a celebración ultraconservadora do 25 de Xullo.

A revisión do calendário da celebración non oferece dúbidas da adscripción absolutista da oferenda instaurada en 1646 por Felipe IV, e que tiña aparellado durante máis de dous séculos o denominado Voto de Santiago que debia pagar cada ano a monarquia por man do alcalde maior máis antigo da Audiéncia de Galiza. As Cortes de Cádiz xa plantearon en 1812 a supresión da Oferenda, e despois interrompiuse nos primeiros anos de Isabel II, durante o biénio progresista, no sexénio democrático e xa neste século nos anos da República.

Con Franco volveron a exaltación españolista e o discurso integrista, e a chegada da democrácia deixou aberta a data como ágora conservadora, na que se teñen escoitado de boca do Rei e dos seus representantes, pero sobretodo nas respostas do Cardenal Suquia ou do Arcebispo Rouco, as máis fortes soflamas enxuiciando a política ou decisións democráticas como as adoitadas a respeito do aborto.

Política da direita

Xesus Mª Palomares ten estudado con atención a evolución da oferenda do Apóstolo no periodo 1898-1939 en relación á política española. Deste traballo, publicado no *Caderno de Estudos Galegos* (1981), dedúcense as liñas xerais do que foron posteriormente durante a Ditadura de Franco as liñas desa Oferenda, realizada persoalmente polo próprio Caudillo.

No periodo que analisa Palomares as oferendas son, en xeral, realizadas polo governador da Coruña ou o presidente da Deputación. Alfonso XII ven no 1904 e no 1909, Primo de Rivera no 1924 e distintos ministros ocasionalmente, singularmente o xeneral Martínez Anido, governador en Barcelona cando a Semana Tráxica de Barcelona, coñecido como precursor das técnicas de xenocídio dos militares arxentinos, afogando en alta mar aos sindicalistas detidos.

A perda das colónias no 1898, a campaña da África, e sobretodo unha insistente teima na «unidade da pátria» marcan os discursos que invariabelmente comezan coa "prostración» do oferente ante o Sepulcro. "Glorioso patrón de España de España, sé Salvador da nosa fé, palanca de impulso de grandeza e ben para a Patria, para a Igrexa e para os Exércitos de mar e terra que remataron coa meirande glória a campaña que na África, desde 1909, se seguia, levando a tranquilidade aos fogares e o benestar á nosa amada pátria", dicia o sanguiñento Martínez Anido, e retrucáballe o cardeal, alertando doutros perigos maiores:

"Hoxe non hai mouros na costa, porque os derrotástedes; e dentro da Pátria reina a paz e a orde. Mais, é preciso vixiar porque hai espíritos rebeldes, extraviados que cobizan aproveitar todo momeno para extender por España e polo mundo o caos social; hai mouros dentro de España que por todos os médios ao seu alcance: prensa, revistas, cine, etc... queren extender o sensualismo para nos arrincar a fe dos nosos maiores".

O laicismo da República

A decisión do govermo da República de suprimir a representación guvernamental sentou coma un tiro aos santiaguistas mais reacionários que continuaron coa tradición conservadora apoiados, entre outros, polo Bispo das Ordes Militares. O bispo de Lugo, Rafael Balanzá, no 1933,resumia na intervención do 25 de Xullo o xuizo que lle merecia a situación:

"Actualmente na nosa Pátria faise guerra sen cuartel contra Deus Noso Señor. Guíndase a imaxe dos centros oficiais e das escolas; incéndianse os templos; dificúltase o exercício do culto; perséguese e calúmnia ao clero e ás ordes relixiosas; impúgnanse os dogmas; suprímese o ensino do catecismo nas escolas; proíbese aos relixiosos que ensinen; foméntase a corrupción de costumes por todos os médios, e en especial pola insólita difusión dunha literatura perniciosa...".

O entusiasmo volve co golpe militar e a restauración da oferenda por Franco, inaugurándose a nova xeira polo xeneral Dávila, ao que seguiron o xeneral Moscardó —aureloado pola lenda do Alcazar de Toledo—, o filonazi Serrano Suñer e o xeneral Ibáñez Sanmartin. Todos eles fan soflamas exaltatórias dos valores do novo réxime, "este caudillo admirábel soubo ser exemplar discípulo voso [Santiago] na difícil virtude dunha fé enxamais desalentada. Ameazaba perderse para sempre o honor e a glória de España, cando un dia 18 de Xullo, desde a chaira marela de Ketama, Franco anuncionos unha era de pelegrinaxe e sacrifício".

Asi se continua durante 40 anos repetindo a mesma cantilena militarista, a meirande parte das veces polo capitán xeral da Rexión militar. No 76, cando se realiza masivamente por toda Galiza a primeira convocatória do Dia da Pátria Galega após a morte de Franco, veñen os Reis, e o arcebispo segue incluindo a Franco na sua resposta "tedes a gala vir persoalmente a venerar as sagradas relíquias do noso pai na fe. Como viu o Xeneralísimo tantas veces nas últimas décadas. Como viñeron moitos reis de España, entre eles os vosos máis imediatos predecesores, o voso bisabó Afonso XII e o voso abó Afonso XIII". E nun discurso cursi e efectista Suquia insiste "formades unha exemplar família... co don incomparabel dos fillos", e fai unha loa ao matrimónio, albiscando quizais no futuro cercano leis como a do divórcio.

Ese intrusismo no comentário político faise máis absurdo cando, desde Decembro do 1977, coa Constitución aprobada e a separación efectiva de Igrexa e Estado, non teña sentido o mantimento dunha tradicion que entronca co pasado máis reaccionário, especialmente tinxido de sangue desde 1936. ♦

A. EIRÉ

A xubilación de Beiras

O dia que Fraga Iribarne anunciou que se voltaba a presentar como candidato do PP ás próximas eleicións autonómicas estiven con Xosé Cuiña. Cando lle comentei se esa decisión non tronchaba bastante as suas espectativas, a sua contestación foi que "o pior vai ser para Beiras, que se vai ter que xubilar sen ser presidente". Cavilei que era unha saida pola tanxente, mais, desde aquela, en cantos actos partidários apareceu Xosé Cuiña, sempre fixo o mesmo agoiro, a última o Sábado no Faro. Qué é o que realmente está a afirmar Xosé Cuiña cando se refire deste xeito a Beiras? Nen máis nen menos que el pretende ser o próximo presidente. Descubre asi várias claves políticas: que existe un acordo seu con Fraga para que se apresente ás eleicións para tratar de impedir a perda da maioria absoluta e que, xa na lexislatura, Fraga dimitirá para deixalo a el de presidente. Cuiña, instalado na presidéncia do Governo, afrontaria as proximas eleicións con outras garantias. Pero tamén outra: que o inimigo a bater e o BNG pois os seus inquéritos situan ao PP con tan só 36 deputados é ao BNG cun ponto de vantaxe a respeito do PSOE. \ elaí por que situa a confrontación a respeito de Beiras. ♦

CIG e CCOO reivivindicarán, o 25 de Xullo, o sector público

O BNG tratará de facer do *Dia da Pátria* unha demostración de forza en defensa dos intereses galegos

A celebración do *Dia da Pátria de 1996* ven marcado por unha ofensiva do neoliberalismo instalado tamén no Governo central que está a atacar profundamente ao tecido productivo galego, por meio das privatizacións no sector industrial e o desmantelamento do sector agrário e pesqueiro e tamén pola proximidade das eleicións autonómicas. Estes dous feitos levan a afirmar ao BNG que se dan as condicións para lograr "a manifestación maior de toda a história desta celebración".

As distintas organizacións, políticas, sindicais ou sociais, que se manifestaron sobre a celebración coinciden nos seus respeitivos chamamentos en afirmar que nesta celebración do *Dia da Pátria* danse unhas especiais circunstáncias sociais e políticas "especialmente preocupantes para Galiza". Esta *efervescéncia social* levou a que o BNG convocase máis de medio centos de actos prévios en toda a nación entre mítines, festas e charlas. Mais a campaña do BNG estivo centrada até de agora nunha série de conferéncias sectoriais, que ainda van continuar, nas que trata de poñer a ponto o seu programa de governo e de darllo a coñecer xa á cidadania.

Para o BNG, o 25 de Xullo marca o comezo dun ano eleitoral "que xa se palpa no ambiente". Eleicións que os nacionalistas converteron nun "reto do nacionalismo nucleando un governo alternativo ao PP". Encarna Otero, voceira do BNG, afirmou que "agardamos poder despedir o século XX con Galiza governada polos seus, polos nacionalistas". En consonáncia con esta idea escolleron o lema: "Aquí e agora", co que queren trasmitir que "Galiza ten nas suas mans o destino e é o momento de collelo". Pensan que este *Dia da Pátria* "vai ser unha demostración da puxanza do BNG, da sua vitalidade e do salto cualitativo que se deu na organización, disposta xa para governar", como afirmou na presentación da campaña o responsábel de organización, Francisco Garcia.

O BNG tamén promoveu que en cuarente concellos galegos se publiquen bandos instando aos galegos a celebrar a data, decorand balconadas e fiestras con bandeiras galegas. Nos concellos governados polo BNG, ademáis, repartíronse libros do *Sempre en Galiza* ou *Estampas de Guerra* de Castelao con motivo de celebrarse este ano o 60 aniversário da rebelión militar fascista. Aos actos do 25 de Xullo están convidadas nove organizacións sectoriais galegas, EA de Euskadi, ERC, CIEMEN, PSM e UPV dos Paises Cataláns; PCP, UDP, CNA e CGTP de Portugal; a Alianza Libre Europea; o Sinn Fein, o Partido Comunista Cubano, o FSLN nicaraguano; o FMNL salvadoreño,o Fronte Polisária, a OLP,a ANC sulafrícana e o Centro de Información e Cooperación co Kurdistán.

Encarna Otero, voceira da organización nacionalista, afirma que o BNG é unha formación preparada para governar. A. PANARO

Destacan tamén os actos que Galiza Nova vai a celebrar na noite do 24 en Compostela baixo o título de *I Arenga da Mocidade*.

En defensa do sector público

Os nacionalistas coinciden tamén cos sindicatos en que nesta data hai que realizar unha aposta decidida na defensa do sector público. A CIG e CCOO fan senllos chamamentos a participar nesta celebración acudindo a Compostela. A central nacionalista reivindica o dereito de autodeterminación como único xeito de conseguir "a liberación nacional e social de Galiza". Critica ao governo Fraga pola sua atitude "patética e vergoñenta ante Madrid" e afirma que o desmantelamento do sector público significa "un duro ataque aos intereses galegos".

Comisións Obreiras que utiliza a denominación *Dia da Pátria Galega*, pensa que hai que celebrar esta data en defensa do sector público, afirmando que os agoiros "falan de malos tempos para os traballadores", pois pódense perder "as conquistas sociais que tento tempo nos custou acadar". Critica a febre privatizadora porque "nos pode deixar dunha sentada sen o noso tecido industrial".♦

A NOSA TERRA

Casimiro Xil Arauxo recebido en Teis despois de 19 anos de cadea

O preso político máis antigo do Estado foi recebido o pasado Sábado dia 13 no bairro vigués de Teis por un grupo duns 200 veciños, amigos e simpatizantes. Pasadas as oito e média da tarde, Casimiro Xil Arauxo chegou á praza do Mercado de Teis, entre os sons dun grupo da gaitas. Un corredor de bandeiras nacionalistas, vermellas e republicanas rendiulle homenaxe. Arauxo, acusado de formar parte do grupo que secuestrou a Oriol e Villaescusa, foi detido en 1977, nos albores da democrácia, réxime que coñeceu só desde a prisión. Durante a sua estáncia na mesma, e para reivindicar os dereitos humanos dos presos, realizou 22 folgas de fame, algunhas das cales custaron a vida a vários dos seus compañeiros dos Grapo. Xil Arauxo naceu en Arbo, a sua família emigrou a Arxentina, onde Casimiro iniciou a militáncia política. Aos 18 anos regresou a Galiza. Unha década despois foi detido. Na actualidade ten 47. O acto de recebimento foi apoiado por vários colectivos pro-amnistia, asi como polo PC (r), PCPG e a FPG.♦

Primeira Liña preséntase o 25 de Xullo

***Primeira Liña (MLN)*, organización que se define como revolucionária e partidária da independéncia e o socialismo fará a sua presentación pública este 25 de Xullo. O novo colectivo quedou constituido o pasado 1º de Maio e deuse un prazo de dous anos para celebrar o seu 1 Congreso, no que serán aprobados os seus estatutos. Carlos Morais un dos seus responsábeis, anunciou que está en trámite a sua legalización como partido político e que para despois do verán presentarán a documentación que os habilite como forza política recoñecida dentro do BNG. Os responsábeis da nova organización afirman ter preséncia en seis comarcas do país, sendo a sua militáncia maioritariamente xoven. Segundo apontan no documento de *Bases Ideolóxicas* o seu obxetivo é reforzar a asa esquerda e independentista da frente, botando de menos os procesos mobilizadores na prática actual do BNG que califican de "moderada". Entre os seus membros fundadores encóntranse Xosé Maria Piñeiro, Eva Salgado, Marcos López, Igor Lugris, Uxia Pérez e Lois Alberte López Garcia. O seu voceiro que será presentado o Dia da Pátria levará o nome de *Abrente*.♦**

UG celebrará o seu congreso en Decembro

Reforzar a organización e culminar a incorporación dos sectores profisionais, culturais e sindicais son os principais obxetivos do congreso que Unidade Galega ven de convocar para o vindeiro mes de Decembro. Fronte á actual situación económica e política de Galiza e a subordinación da Xunta a intereses alleos ao país, esta organización cre necesário un governo galego que antepoña as necesidades e intereses da nosa nazón. Unidade Galega chama, por outra banda, a simpatizantes e militantes a asistires ao tradicional acto de homenaxe a Castelao que celebra o 25 deste mes e tras o que terá lugar a manifestación convocada polo BNG.♦

Manifestación da FPG-FLN

A Fronte Popular Galega (FPG) acordou celebrar o *Dia da Pátria* conxuntamente coa Fronte de Liberación Nacional (FLN) despois de ter celebrada unha xuntanza o 15 de Xullo por "considerar primordial que nos manifestemos conxuntamente baixo o lema *Por Unha Galiza de esquerdas, Independéncia*". A FLN é unha organización criada recentemente, cuxo voceiro é o ex concelleiro do BNG Lois Garcia Campos. Ambas organizacións acordaron "proseguir conversas en busca dun acordo de suma de esforzos para necesários pasos comuns".

A FLN e a FPG consideran que as outras organizacións que celebran o 25 de Xullo "aceitan o réxime franquista e o próprio sistema, concorrendo nun afán festeiro a esta celebración, cun intencionado confusionismo ideolóxico e de expectativas", polo que consideran que eles teñen "que dar a coñecer o noso descontento pola situación insostíbel na que estamos imersos".♦

Oferenda floral

A Fundación Rosalia de Castro tamén realizará os seus tradicionais actos, cunha misa votiva no templo de San Domingos de Bonaval as 17,30, oficiada por Bieito Santos Ganzález. As 18, 15 terá lugar a ofrenda floral no Panteón de Galegos Ilustres. Neste acto colaboran a Fundación Castelao e Alfredo Brañas.♦

OPINIÓN

ENTRE AS COMPETÉNCIAS PENDENTES DE TRANSFERÉNCIA, É A DOS PORTOS DE INTERESE XERAL A QUE SUSCITA MEIRANDE CONTROVÉRSIA. CINCO SON QUE NON TEÑEN DEPENDÉNCIA COMPETENCIAL DA XUNTA DE GALIZA (VIGO, A CORUÑA, FERROL-SAN CIBRAO, MARIN E VILAGARCIA), QUE EN CONXUNTO TIVERON UN SALDO POSITIVO NA SUA EXPLOTACION DE 2.637 MILLÓNS, QUIITADO O TRÁNSITO DE MERCADORIAS E PESCA. O AUTOR REIVINDICA A POSICIÓN NACIONALISTA A PROL DO SEU CONTROL POLO GOVERNO GALEGO E A INTEGRACIÓN NA PLANIFICACIÓN ECONÓMICA DO PAÍS.

QUE TRANSFIRAN TODOS OS PORTOS A GALIZA!

FRANCISCO TRIGO DURAN

Cando falamos dos portos de interese xeral estamos a falar dos portos de Vigo, A Coruña, Ferrol-San Cibrao, Marín e Vilagarcia, cinco portos que dacordo co artigo 149.20 da Constitución e a Lei de Portos e Mariña Mercante non teñen nengunha dependéncia competencial da Xunta de Galiza, nen de Galiza. Son, polo tanto, alleos a unha planificación económica própria do país, sendo competéncia exclusiva do Estado.

Por todo isto Galiza non ten posibilidades de decidir sobre unha parte principal do seu território. Nestes portos desenvolven-se actividades comerciais e pesqueiras, polo que un sector fundamental da nosa economía se realiza dentro destes cinco "enclaves" , sobor dos que non temos xurisdición.

Rematada a introdución, debe coñecer-se que, fóra do tráfico de mercadorias e pesca que se realiza nos mesmos, os resultados da conta de explotación do conxunto dos portos apresentan un saldo positivo de 2.637 millóns de ptas, segundo un estudo feito público pola Xunta de Galiza. Estamos, polo tanto, diante dunha actividade económica estratéxica para os sectores productivos, e que ten saldos positivos na sua explotación, e non é deficitário.

Ao fio do debate que se está a dar sobor da transferéncia da sua xestión á Xunta de Galiza, e as veces que se levantan a prol e en contra da devandita transferéncia, é necesário clarificar a posición que os nacionalistas galegos temos sobre a mesma, frente a outras posturas que están a criar unha confusión interesada, contrária á transferéncia e que coido perxudicial para os intereses de Galiza.

Asi, temos que deixar claro diante da opinión pública, que alén de pactos coxunturais para a formación de governos no Estado, os nacionalistas galegos fumos os promotores de que o Parlamento de Galiza solicitara a transferéncia dos portos de interese xeral, que nos foi denegada polo Parlamento do Estado na anterior lexislatura. Por iso, e ainda que a transferéncia da xestión non é a nosa arela máxima, a nosa posición debe ser favorábel á devandita transferéncia, entre outras razóns:

- Porque os portos son unidades económicas que desenvolven a sua actividade na Galiza e, polo tanto, non poden estar afastados do seu desenvolvemento.

-Porque se aspiramos a un desenvolvimento autocentrado, que aproveite as avantaxes comparativas de calquer caste á nosa disposición, nengun porto nen território de Galiza nos pode ser alleo.

-Porque nos portos de interese xeral se realizan as descargas das duas terceiras partes da pesca subastada en Galiza, polo que non poden permanecer alleos a quen debe ter a competéncia exclusiva en matéria pesqueira e marisqueira.

Porto de pasaxeiros de Vigo. A. IGLESIAS

Polas razóns anteditas é óbvio que a nosa posición debe ser favorábel frente aquelas que o seu principal problema é ver como se reparten o botín (o chupe para o nomeamento da Autoridade Portuária) entretendo á cidadania mentres o seu obxectivo estratéxico é non transferir-nos os portos de Vigo e A Coruña.

Ou a daqueles outros que din que se se transfire os portos de interese xeral a Galiza, estes perderian inversións ao ser transferidos, cousa que, ao parecer, segundo eles, non sucederia se se lle transferisen aos concellos e ás cidades. Estes amosan claramente a sua contradición e o seu talante desvertebrador do país,opoñendo-se a que Galiza teña competéncias , impedindo, coa sua actitude, un proxecto nacional do país, o que non deixa de amosar o seu carácter centralista.

Como se ve, a discusión é confusionista e interesada, polo que a nosa posición debe partir dunha análise dos benefícios para o país, e non de xogos coxunturais de pactos de calquer caste, fuxindo de localismos, e tamén daqueles que se ven acuciados pola falta de proxecto de país e que incluso, levados pola falta de tesoureiria nos entes locais, pretenden poñer os seus intereses por enriba dos intereses de Galiza.

> "A posición nacionalista debe partir da análise dos benefícios para o país, e non de xogos coxunturais de pactos de calquer caste, fuxindo de localismos"

Estes benefícios seria cualitativamente importantes: Os portos participarian dun proxecto autocentrado de desenvolvimento económico; empezariamos a deixar de ter enclaves territoriais alleos; todo o referido á pesca, ao seu control e a sua posta no mercado estaria concentrado en quen ten a competéncia, obrigaria a un redimensionamento e a unha nova planificación das infraestruturas, non só marítimas, senón terrestres (teña-se en conta que dos 29.000 millóns de ptas. pendentes de inversión nos portos, 10.000 millóns o son en comunicacións dos mesmos), en definitiva, obriga a un plano de desenvolvimento das infraestruturas na Galiza e, por último, e ao contrário do que alguns poidan pensar, potenciaria-se a sua posición frente aos portos do norte de Portugal.

Dito isto, e tendo claro que non estamos pola privatización dos servizos portuários, que como sector estratéxico e servizo público que é, neste intre a posición nacionalista galega non pode caer nas trampas e na confusión que uns e outros pretenden, que poderian levar a unha transferéncia devaluada (só dos portos de Marín, Vilagarcía e Ferrol-San Cibrao) frente a unha transferéncia dos cinco portos (Vigo e A Coruña incluidos), o que reforzaria o proxecto da actual dependéncia do Estado, impedindo a plena competéncia futura, que é a nosa arela. Por todo iso debemos manifestar-nos a prol da transferéncia da xestión dos portos.♦

FRANCISCO TRIGO é deputado polo BNG no Parlamento de Galiza

O FUTURO DO GALEGO

XOSÉ MANUEL SARILLE

Cando Elias Torres era vicepresidente d'A Mesa pola Normalización Lingüística, facia fincapé en dous modais que el consideraba moi eficientes. Un era resolver xantando, o outro, tratar xente relacionada cos idiomas. Un dia citou a Mauro Fernández e charlamos un par de horas sobre a situación do idioma e o seu futuro.

Nós tiñamos unha visión optimista sobre a recuperación de usos para o galego. Baseabamo-nos nos dados dun inquérito que se adxuntara ao último censo de povoación. Até daquela era o estudo máis amplo.

O profesor Mauro Fernández estaba a traballar no Mapa Sócio-lingüístico, do que é coautor. El tiña outra percepción, sustentada nos dados que estaba a manexar. Pensaba que de non mediaren outras políticas a respeito do galego —ás que por outra banda el era indiferente—, nun par de xeracións este idioma quedaria-se en algo asi como o bretón. Poucos falantes do rural, fillos de pais comprometidos e un uso formalista en libros e cerimónias.

Quen lea o Mapa, agora xa publicado, verá un dado revelador e esencial que confirma aquel critério: o 70% dos galegos entre 46 e 55 anos teñen como língua inicial o galego mentres que na franxa dos 16 a 20 anos só o teñen o 34%.

Quere isto dicer que o galego vai desaparecer? Quere dicer qüe o número de falantes se reduce de xeito alarmante nas novas xeracións. Que a tendéncia se pode variar asumindo previamente a realidade lingüística do país.

A Xunta —que financiou o Mapa— deberia asumi-lo e poñer-se a traballar cara o obxectivo normalizador. Non están a facer iso. Antes que abandonar a política feita até agora, desbaratada polo estudo, preferen xogar coa honestidade dos autores, manipular as estatísticas a base de notas de prensa e agachar o Mapa ao grande público. Escoiten-os: din que o galego vai mellor que nunca.♦

XOSÉ MANUEL SARILLE é presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

Xosé Lois



Aznar non cumpriu nengunha das espectativas previstas

Malestar no PP galego despois da festa do Faro

A.E.

Aznar non realizou nengun dos *xestos* galeguistas que lle reclamaban os galegos do seu partido. A festa *popular* no Monte Faro recolleu ademais a un número inferior de participantes a respeito de anos anteriores. Os asistentes non chegaron a 15 mil, ainda que o partido ofereceu cifras similares ás de 1995: 35 mil persoas. Ambos feitos causaron malestar esta semana no partido conservador.

Que o agora presidente do Governo español non bailase a muiñeira, tal é como prometera hai agora un ano na festa do partido na serra do Faro se gañaba as eleicións, representa algo máis que unha promesa incumprida ou un xesto. Tampuco, no seu discurso, usou o galego, nen fixo mención expresa a nengunha das demendas máis perentórias de Galiza, segundo os seus próprios militantes *rexionais*. O PP galego tiña a intención de que a preséncia de Aznar, na sua primeira vistia a Galiza como presidente, servise para tranquilizar ao eleitorado e ás próprias bases, cunha referéncia expresa aos compromisos do Governo galego: financiación, autovias, privatizacións, etc.

Fraga Iribarne, ainda mostrando a sua adesión expresa ao novo liderazgo de Aznar, non esqueceu recordar o papel imprescindíbel que xogou o PP na Galiza para que este chegase a governar. Aznar semellou non enteirarse, cun discurso nada festeiro, no que ventou tempos difíceis nos que serian precisos sacrifícios. Polas suas palabras non se poderia deducir o lugar no que se atopaba.

O crego oficiante, Dositeo Villarino, non se limitou á homilia senón que realizou un panexírico do PP. Antes de arranxarlle a estrada arremetia contra os políticos. XURXO S. LOBATO / VOZ NOTICIAS

Non foron estas as únicas cuestións que agrearon o xantar de Xosé Cuiña e dos seus colaboradores máis directos. As bases galegas do PP botaron en falla unha atitude máis aberta por parte de Aznar. Esta vez non houbo baño de multitudes, nen apertas, nen chocar de mans e tampouco visita aos comensais. Chegou rodeado de policias de paisano que arredaban á xente sen moitos miramentos. Estivo á misa, deu o discurso, pechouse nunha carpa, comeu e marchou. Até os seus encarregados de *comunicación* se enfrontaron cos xornalistas galegos, nun exemplo que alguns dos presentes calificou de menosprécio aos *xornalistas de províncias*. Xesús Pérez Varela, conselleiro de Cultura e Comunicación, sentiuse obrigado a chamar de novo á orde.

A idea primixénia da festa (contido galego, armonia entre as organizacións) quedou desfigurada, ainda que non é a única preocupación do sector *autóctono* do PP, impulsor da celebración. Cada ano é menor o número de asistentes e, se nas duas edicións anteriores a culpa levouna o mal tempo, este ano o dia foi expléndido na cima do monte. Duas parecen ser as razóns de que minguara a concurréncia. A primeira a división existente no próprio PP. Na festa refléxanse esas tensións, con agrupacións como Vigo ou A Coruña que case non participaron, incluidos a maioria dos seus dirixentes. Esta festa é vista como a dos *rurais* que se identifica co sector *autótono* do partido. A menor participación tamén se atribue a que se acabou a comida grátis. Nos sectores próximos ao Xosé Cuiña estúdanse xa algunhas modificacións para a festa do ano que ven. A de 1997 coincidirá coas vésparas dos comícios autonómicos e alguns non lles importaria que non asistise Aznar.♦

Os concellos galegos critican o *Pacto Local*

A Federación Galega de Municípios e Províncias considera que o *Pacto Local* que a Federación Española de Municípios vai negociar co Governo central, é "pouco sensíbel coa realidade municipal", perxudicando ostensibelmente aos pequenos municípios, aos que non lles presta atención, pois no texto do borrador a discusión vai unicamente "dirixido aos grandes concellos de España". Segundo a FEGAMP no Estado hai 8.600 municípios, dos que o 95% non chegan aos 20.000 habitantes. O governo central perxudica sensibelmente aos concellos galegos con este pacto, pois agrava máis ainda a desigualdade orzamentária entre os grandes municípios, que reciben tres veces máis diñeiro por habitante que os pequenos.♦

Cuiña admite o retraso das autovias até o ano 2000

As obras das autovias galegas coa Meseta podian retrasarse máis alá do ano 2000, segundo afirmou o conselleiro Xosé Cuiña. Esta afirmación fíxoa só unha semana despois de que o ministro de Fomento, Arias Salgado, marcase os prazos de conclusión do tramo de Pedrafita para 1999. Este xa dilatara noutro ano o przo fixado polo próprio conselleiro no Parlamento habia 15 dias.

As manifestacións de Cuiña Crespo realizounas no transcurso dunha conferéncia ante empresários na universidade Menéndez Pelayo que este ano, tanto na Galiza, como no Estado, está a sustituir aos conferenciantes socialistas polos peperos.♦

É o terceiro galego no cárcere

O insubmiso Manuel Caride ingresa en prisión

PAULA BERGANTIÑOS

"Amnístia total" para os insubmisos galegos foi unha das consignas repetida polas máis de cincocentas persoas que o pasado Luns acompañaron a Manuel Caride na sua entrada ao cárcere de Vigo, na que cumprirá unha pena de dous anos catro meses e un dia de prisión pola sua negativa a incorporarse ao Exército Español. Xunto con Xosé Lois Cabanas, que cumpre condena en Bonxe e Xosé Maria Valeiras, en Vigo, Caride terá que permañecer en prisión nun momento no que, paradoxicamente, o Partido Popular anúncia a total profesionalización do exército e a eliminación do Servício Militar Obrigatório nun prazo de seis anos. Pésie a estar na mesma prisión, este insubmiso non poderá comunicarse co seu compañeiro antimilitarista, Xosé Maria, por outro meio que non sexa o correo.

Á manifestación, que saiu da Praza de España para percorrer a Avenida de Madrid até as portas do cárcere, asistiron representantes de diferentes organizacións entre as que se atopaban a Asemblea Nacional de Obxección de Consciéncia (ANOC), o Movemento de Obxección de Consciéncia (MOC), Galiza Nova, CGT, a Federación de Asociacións de Veciños, os Comités Abertos de Faculdade e o BNG. Antes da sua entrada en prisión Caride, membro activo do movemento antimilitarista desde hai cinco anos, criticou a hipocresia do governo ao "permitir que continuen ingresando en prisión insubmisos culpábeis dun delito que en breve vai desaparecer".

Mais de 500 persoas acompañaron a Caride.

As organizacións convocantes protagonizaron unha acampada con máis de cincuenta tendas, durante esa mesma noite e a carón do cárcere, para mostrar a sua solidariedade cos insubmisos presos. Tamén anunciaron novas mobilizacións namentres non se lle conceda o terceiro grado a Caride. Neste sentido os deputados do BNG Bieito Lobeira e Olaia Fernández mantiveron unha reunión coa dirección da prisión para esixir a axilización do proceso. Asemade o BNG presentou recentemente unha proposición non de lei no Parlamento para que a cámara lexislativa inste á Xunta de Galiza a dirixirse ao Governo Español e á Administración de Xustiza a fin de resolver a situación pola cal continuan ingresando en prisión mozos por delito de insubmisión e a manifestar o seu apoio e solidariedade con Manuel Caride.

Galiza Nova, organización na que milita este insubmiso aproveitou a ocasión para defender a despenalización total da insubmisión e manifestar a súa negativa a "criación dun exército profisional que marcará ainda máis distáncias fronte á sociedade a cal pretende defender".♦

A ideoloxia do xuíz decisiva nas senténcias

A principal disparidade entre as senténcias provén das "diferéncias ideolóxicas mostradas polos xuices a respeito do papel da xustiza en relación ao mantenimento de orde social, ao papel disuasor do cárcere e, en xeneral ás crenzas a respeito da posibilidade de reabilitación e reinserción social dos delincuentes, modulado todo isto polo sexo e a idade". Estas é a principal conclusión dun estudo realizado polo departamento de Psicoloxia Social da Universidade de Compsotela, realizado polos profesores Xurxo Sobral e Anxo Prieto. Na investigación responderon 32 xuices.

No estudo tamén se afirma que a *igualdade ante a lei* pode parecer un auténtico *desideratun*, poir "ir ou non ir á cadea, ou por periodos breves, pode chegar a depender estrictamente do xuiz que a un lle toque en sorte moito máis que da natureza do delito e das leis".♦

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Propoñen medidas galeguizadoras nas concesións da TV por cabo

O BNG controlará a aplicación da lexislación para a normalización do galego

c.v.

O BNG apresentará no próximo periodo de sesións várias iniciativas encamiñadas a promover a normalización lingüística e controlar a aplicación rigorosa por parte das administracións públicas da lexislación sobre a matéria ante a "deixación de funcións do dispositivo autonómico que non está á altura das necesidades do país". O abano de propostas nacionalistas sobre língua, que serán apresentadas tanto no Parlamento Galego como no Congreso dos Deputados, foron o cerne da terceira xornada celebrada o Sábado dia 13 dentro do programa "Iniciativas para erguer o país".

Pilar Garcia Negro, lingüista e deputada nacionalista no Parlamento galego.

A presenza do galego no ensino e nos meios de comunicación son os eixos principais nos que fará fincapé o BNG, habida conta ademais de que son nestes ámbitos ondé máis se evidéncia a deixación de funcións da administración. Os nacionalistas apoian asi a campaña de recollida de sinaturas desenvolvida por *Nais e Pais polo Ensino en Galego* e defenderán no Parlamento unha iniciativa na que sepergunta á Conselleria que medidas se tomaron para que se cumpran os mínimos establecidos no decreto que regula as matérias a impartir obrigatoriamente en galego. No texto do 1995 estableciase un ano escolar de moratória para que os centros se preparasen para asumir os mandatos do decreto sen que até o momento a Xunta dera conta das iniciativas desenvolvidas pára o seu cumprimento imediato.

A portavoz en matéria lingüística do grupo nacionalista , Mª Pilar Garcia Negro, responsabiliza á deixación de funcións dos poderes públicos, nomeadamente á Xunta, da situación que está a viver a língua xa que "o seu comportamento, non é alleo a esta perda cuantitativa de falantes, que se compensa a duras penas co retorno ao galego desde o español como língua inicial". "Os dados din que o dispositivo autonómico non está á altura das necesidades do país, a sua política pasa pola desaparición do galego mesmo como problema" pontoaliza Garcia Negro.

A deixación de funcións do governo de Fraga salfire, segundo os nacionalistas, tamén aos meios de comunicación de titularidade pública nos que acusan o incumprimento dos obxectivos de promoción da nosa cultura e do noso idioma que se estableceron na Lei de creación da CRTVG. O BNG teme que o desenvolvemento das novas tecnoloxias de comunicación, a televisión por cable e as televisións locais afonde máis ainda no proceso desgaleguizador dos meios audiovisuais polo que vai defender en breve prazo un abano de medidas lexislativas encamiñadas a comprometer á Xunta no cumprimento das competéncias autonómicas na matéria para vencer a sua "atitude de pasividade absoluta en contraste coa actuación dos governos vasco e catalán".

Entre as iniciativas lexislativas do BNG destacan as proposicións de lei no Parlamento Galego nas que se demanda a fixación das demarcacións territoriais do mapa de telecomunicacións por cable e a regulación da programación que por ese meio se distribua para garantir unha presencia significativa do idioma galego. Asimesmo os deputados nacionalistas galegos defenderán as competéncias atribuidas ás comunidades autónomas no debate do Proxecto de Lei de liberalización das telecomunicacións que se celebrará no Congreso dos Deputados unha vez que o PP procedeu mediante real decreto a unha modificación da lei que vacia de contido ás competéncias autonómicas.

En canto ás televisións locais os nacionalistas demandarán que se reserve unha concesión para a xestión directa polo Concello como servizo público local recollendo o emprego do galego como idioma habitual, unha programación maiormente centrada en espácios informativos, culturais e de debate e a criación de Consellos de Administración ou Consellos asesores para o cumprimento dos obxectivos marcados.♦

Promoverán que Parlamento e Congreso asuman a Declaración Universal de Direitos Lingüísticos

O BNG confia que as iniciativas promovidas tanto no Parlamento Galego como no Congreso dos Deputados para a adesión á Declaración Universal de Direitos Lingsitcos, aprobada en Xuño pasado en Barcelona, sexan apoiadas polos demáis grupos nos debates plenários unha vez que unha proposición de similar contido foi aprobada maioritariamente no parlamento catalán a iniciativa de CiU.

O texto apresentado tanto en Galiza como en Madrid -co apoio das outras forzas políticas do Grupo Mixto- polos nacionalistas galegos demanda que as duas cámaras se adiran ao documento aprobado na Conferéncia Mundial de Direitos Lingüísticos -patrocinada pola Unesco- e insten ademais tanto á Xunta como ao Governo estatal a respeitar o acordo "nomeadamente no que atinxe ao papel atribuído aos poderes públicos, como garante do exercício dos direitos lingüísticos". Ao governo galego demándaselle asimesmo que aplique "ao território e á sociedade galega toda a virtualidade positiva que a Declaración contén, en benefício da normalización do uso social e público do idioma galego e en congruéncia co marco xurídico vixente que declara a protección e a promoción do mesmo".

Pilar Garcia Negro, única galega que asinou a declaración na sua calidade de participante do Comité de Expertos, valora o contido e o alcance do documento e sinala especialmentee o recoñecemento que nel se fai dos direitos lingísticos como "direitos colectivos, de índole social, porque é social, por eséncia, a natureza das línguas, porque non hai línguas robinsónicas ou solipsistas e porque somos indivíduos falantes en virtude do noso rol de animais sociais". Destaca tamén a lingüísta a especial atención que a Declaración recolle sobre a actuación dos poderes públicos chegando mesmo a convertilos en guardiáns para sancionar a violación dos direitos lingísticos que se contemplan.♦

EN POLEIRO ALLEO

Politólogos a favor da cesión do 30% do IRPF

"A cesión do 30% do IRPF pode ser un avance significativo no autogoverno", opina o catedrático Xaquín Alvarez Corbacho no boletín POLITICAS E SOCIOLOXIA que edita o coléxio de doutores e licenciados. Mais, para que esta medida seña positiva deberia ir, segundo Corbacho, "acompañada de medidas compensatórias". O profesor Xosé Luis Sequeiros suliña, na mesma publicación, "a incongruéncia de que un Estado descentralizado non tivera tamén descentralizado o seu sistema impositivo". O sociólogo Xan Bouzada opina, finalmente, que "do novo financiamento autonómico poden derivar efectos sociais perversos".♦

A situación do euskera en Navarra

O 64,3% dos navarros non vascoparlantes gostarian de saber falar en euskera, ainda que só o 15% fixeron esforzos de aprendizaxe para conseguilo, segundo unha investigación sociolóxica realizada por Carlos Vilches e que publica PAGINA ABIERTA. Ante a pergunta de se é necesária a promoción do euskera case o 90% responden positivamente na zona vascófona; a porcentaxe acada o 75% na zona mixta e chega ao 60% na zona non vascófona da Baixa Navarra.♦

Presénca do euskera no Ensino

	Zona bascófona	Zona mista	Zona non bascófona
Só castelán	28,8	68,1	84,6
Euskera asignatura	20,0	6,5	6,3
Ambos idiomas	6,2	1,5	0,6
Todo en euskera	45,5	23,9	8,5

Monopólio privado

"A defensa das privatizacións parte dunha concepción na que o mercado é sinónimo de eficiéncia en tanto en canto o sector público é sinónimo de despilfarro", recorda o economista Andrés Sanz Mulas nun artigo que publica na revista da fundación HACIENDA Y SOCIEDAD. "Ambas afirmacións", sinala, "son falsas ou ao menos son verdades a médias. En realidade non se dá o dilema *mercado versus sector público*, senón monopólio privado versus monopólio público".♦

Chave, pero *llavero*

"Coa mesma *naturalidade* coa que se mantén o termo *chave*, por exemplo, fala-se de mercar un *llavero*" ou usase "*caixa*, pero *garaje*", sinala M. Pilar Garcia Negro nun artigo sobre a política lingüística que publica TERRA E TEMPO, revista de información e análise da Unión do Povo Galego, no seu número 110. Estas distorsións do idioma non son "casuais: mantense o máis aderido do mundo vivencial, empírico, desenvolvido en galego: penetra invasivamente todo o procedente do mundo do que o galego está excluido".♦

PAGINA ABIERTA

INTERLINGUA TRADUCCIÓNS S.L.

Tradución directa e inversa e interpretación: galego, inglés, francés, alemán, italiano, portugués, ruso, español, etc.

Traduccións técnicas e xuradas.

Rúa Santa Marta 38 Baixo 36202 Vigo. Teléfono e Fax: (986) 43 52 59

Carlos González Príncipe

'O PSOE corre o risco de pasar a ser irrelevante neste país'

G. LUCA DE TENA

O ALCALDE SOCIALISTA DE VIGO DESDE 1991 A 1995 E SENADOR DESDE MARZO DI QUE FOI *XUBILADO AO ABRENTE* NOS CADROS DO PSDEG-PSOE. DI QUE A MAIORIA DOS GALEGOS CRITICAN HOXE AO PSDG-PSOE POR NON DEFENDER UN PROXECTO AUTÓNOMO PARA O PAÍS E CONFIA NA RENOVACIÓN DO PARTIDO: "PACO VÁZQUEZ ESTÁ NA EXECUTIVA FEDERAL DESDE O 76 E HISTORICAMENTE NALGUN MOMENTO TERÁ QUE ESGOTARSE".

A. IGLESIAS

Fágame un diagnóstico do pais.

A Galiza está perdendo o tren do século XXI. Ten unha asinatura pendente que é a reforma democrática. É dos poucos sitios do Estado onde os que mandan son ou ben os fillos ou os continuadores do Franquismo. É o sitio onde menos cámbio sociolóxico se produciu nos últimos vinte anos nas estruturas de poder. Os grandes poderes fácticos da Galiza (Fenosa, Citroen, o grupo Fernández etc.) seguen sendo os mesmos que mandan na política e na economia. A mobilidade social foi moi cativa e só se pode detectar, parcialmente, no aparello local. Unha nova xeración de demócratas deberia asumir nos anos próximos a tarefa de dirixir o pais.

Que problemas terá que abordar esa nova xeración?

O fundamental é crer no pais. Non se pode manter unha taxa de aforro coma a que temos sen capacidade para investila aqui. É certo que non temos infraestructuras pero as autovias, que no horizonte 98-99 estarán razoabelmente rematadas, non van xerar un novo movimento económico senon que, pola contra, poden permitir unha penetración máis fonda dos produtos alleos. Fainos falla xente emprendedora que comprometa o seu futuro persoal co do pais. Temos un complexo de inferioridade que ten unha razón histórica, certo. Unha persoa maltratada pénsao duas veces antes de erguer a cabeza. Pero é un problema de crer ou non crer nun proxecto e na Galiza: fáltanos fé en nós mesmos. Reflexamos moi ben a cultura dos colonizados. Un deixa de ser colónia cando se da conta de que pode tomar as decisión tan ben coma os que che mandan a distáncia.

Qué é o que estorba un investimento dese aforro a prol do pais?

Se o modelo de banca galega é o modelo que xoga ao interbancário, é un modelo para matar. Como podemos defender un modelo de caixa de aforros coma o do señor Méndez, ao que *La Voz de Galicia* pinta de fenómeno a diário?. O señor Méndez lévalle a Galiza todolos dias o corenta por cento do seu aforro a negociar co *Banco de Madrid.* Colle diñeiro das nosas carteiras e no canto de apostar polo xastre de Arteixo e polo chatarreiro de Mos, axuda ao xastre de Dénia e ao ferralleiro de Málaga. Se o liderazgo económico é o do señor Méndez, equivocámonos de pais. Nese caso preferiria ao señor Gaioso (director de Caixavigo) que vai coller diñeiro a Madrid para investir en Vigo, como fixo coa pesca. Non pode haber un sistema bancário na Galiza que non estea relacionado coa economia do pais. O *Banco Pastor*, que nos corenta e cincuenta fora un motor da economia galega, nos setenta abandoa o pais.

O PSdeG-PSOE tivera trece anos para defender estas ideas e non o fixo.

O problema do PSdeG-PSOE é que foi un partido que tivo todo moi fácil. Aqui hai moita xente que viveu de ser concesionário de Felipe González. Se o partido non recupera a sua própria alma e construe un discurso de seu, o proxecto progresista para Galiza será inviabel. O pacto histórico na Galiza é unha alianza entre social-demócratas e nacionalistas. Na medida en que os social-demócratas galegos non teñan alma própria, non van poder pactar cos nacionalistas. Ainda máis: corremos o risco de pasar a ser irrelevantes neste pais, de non pintar nada.

Pódese cambiar esa tendéncia?

O PSdeG-PSOE nacera coma federación galega do PSOE e a cultura do partido é máis de concesionários do PSOE que dun discurso próprio integrado no PSOE. Podese cambiar? Si. Ao PSOE ten que chegar unha nova xeración que crea no pais. A pregunta é se a xeración que manda hoxe no partido cre na Galiza ou quer administrala. Penso que o segundo, pero teño moitas dúbidas de que crean que este pais ten futuro.

Cal é a sua proposta para avanzar no diálogo cos nacionalistas?

Collendo dun por un aos socialistas (e estamos afiliados arredor dos 20.000 na Galiza) e pasándoos polo confesionário, todos lle dirán que este pais que se chama Galiza só pode andar sobre as duas patas que son o nacionalismo e o socialismo. Aquiles políticos que non son quen de dicer o que pensan, equivócanse porque ao final o eleitorado cáchaos. O problema que podemos ter nas autonómicas será montar un escándalo contra o BNG no canto de montarllo a Fraga. Como se fixo no Pais Basco? Aos primeiros que escoitei falar de entendemento entre nacionalistas e socialistas foi a un vello que se chama Rubial e a un compañeiro que se chama Múgica. Defendiano por realismo político. Naquela época en que o PSOE era un partido españolista, cos seus apoios fundamentais na poboación *charnega*, inmigrante, foron duramente combatidos. Na Galiza non temos un problema de duplicidade de comunidades: un ponto a favor. O que hai é a sensación da maioria dos galegos e incluso dos votantes do socialistas de que o PSdeG-PSOE non defendeu un proxecto autónomo para o pais. Cando temos que defender entre defender o pais ou bicar a man do príncipe preferimos o segundo con esa cultura da submisión que eu digo que hai que romper. E no futuro vaise facer. Os que mandan no Partido Socialista na Galiza son os mesmos nos últimos vinte anos. Paco Vázquez está na executiva federal desde o 76. Históricamente, nalgún momento terá que esgotarse. Eu voume para a consulta sen deixar a política igual que antes colguei a bata de pediatra sen deixar a medicina.

Entre o que conta e estar fóra do partido non debe haber diferéncia.

Por que? Eu perdin no Congreso e tiven un mal resultado eleitoral en Vigo. No Senado quixeron enterrarme algúns pero saleulles mal. O povo de Galiza deume catro anos de bolsa para gañar as oposicións na próxima. O debate da alianza entre nacionalistas e socialistas é algo que en Madrid se fala con moita máis claridade que aqui. Hai menos medo na dirección socialista federal a unha alianza co BNG que aqui. A paciéncia é unha virtude revolucionária e non pode ser confundida coa sumisión. No PSOE fai falla máis política, política no posto de mando. O PSOE é un partido con moita cultura de poder e insuficiente cultura política.

Xosé Luis Barreiro, González Mariñas, Olives. É esa a renovación do PSdG-PSOE?

Se a solución do socialismo na Galiza son persoas que xa tiveron unha experiéncia política, foron xulgados polos votos e recusados pola maioria, imos camiño de esnafrarnos. Barreiro ten cultura de poder e eu considero que pode e debe dicer cousas interesantes. De ai a que poda dirixir un proxecto social-demócrata para Galiza paréceme unha absoluta provocación. O futuro do socialismo son os rapaces a as rapazas que están agora na universidade e que neste final de *regime* socialista foron capaces de aguantar. Teñen tanto mérito alomenos coma aquiles rapaces que loitamos contra a Ditadura hai vinte. Ai están os dirixentes do partido que van coller o relevo. Eu sain senador gracias ao voto dos mozos.

Os seus problemas co partido comezaron pola sua oposición ao proxecto de *Petrovigo*.

E se foi por diferénzas ideolóxicas, acéptoo porque estou por un crecimento sostíbel e coido que *Petrovigo* nunha ria na que hai dez mil persoas vivindo do márisqueo non ten nen pes nen cabeza. Hai sítio abondo nas costas españolas nos que non hai actividade económica arredor do litoral. O risco que se corre con *Petrovigo* non merece a pena porque a actividade económica que xera non é maior da que podemos dar cunha explotación racional da ria. Os intereses económicos de *Petrovigo* son os dunha parte da burguesia local e lexítimos. Manuel Rodriguez está a cumprir co seu papel histórico. O que non podemos facer nós é contrabando ideolóxico. O lóxico é que saquen *Petrovigo* cos votos do PP e non cos do PSOE.

Coida que o sacarán?

Pablo Egerique vai á Zona Franca de Vigo para iso. Xa estivera en Pizarro como asesor de *Banofer* e é o home de confianza de Cuiña; o que lle leva as contas. Fraga tamén é partidário da instalación de Petrovigo, segundo me dixo nunha comida de *Citroen.* Por certo que dàquela o único que apoiou a miña posición contra o proxecto foi Pérez de Brício. Despois entereime que era porque defendia os intereses da *Cepsa* contra o que consideraba o intento de Petrovigo de vender vender os excedenetes do mercado libre.

Fáleme da relación entre o alcalde Manuel Pérez e os constructores.

Pérez está pagando a campaña eleitoral; por exemplo en Samil. Cando no ano 86-87 entrou na política decianos públicamente que estaba no PP por causalidade porque era social-demócrata. Os homes sen ideoloxia coma el son moi perigosos porque só están ai polo poder como sócios privilexiado dos grandes especuladores que botáramos nos últimos catro anos da alcaldia.

Quer dicer que no seu tempo de alcalde os poderes fácticos non eran os construtores?

Non, non. Desde o 91 ao 95 o que mais idade tiña era eu con 35. Se cadrà pecamos de inxénuos e a próxima vez procuraremos que non sexa asi. Os grandes poderes fácticos eran os grandes movimentos sociais. Por parte do Governo se algún erro habia era o de compartir ou co-governar cos movimentos sociais o que se trasladou á opinión pública coma governar en debilidade o que nos fixo dano entre o eleitorado centrista que virou cara ao PP.♦

San Caetano

XAN CARLOS ANSIA

Fetichismo de despacho

A decoración dos cubículos admistrativos é unha mostra do carácter e idiosincrásia de quen os ocupa. A maiores da consabida foto borbónica, das bandeiras constitucionais, e da pegatina calendário da CIG-Administración, exiten obxectos e pequenos detalles que fixándose un pouco marcan as diferéncias entre os que vexetan rutinariamente no seu despacho e quen lle dan un pequeno toque persoal aos habitàculos funcionariais.

Pola sua mesa os coñeceredes. Os da *Obra* teñen sobre o escritório; un crucifixo. a postal de Monseñor Escribá e unha instantánea própria dándolle dan man a Romai Beccaria. Os adeptos ao motarra do Deza adornan as paredes cunha gorra de propaganda de *Construccións Malvar*, unha bolsiña con pedras de extraordinário proxecto de futuro *Lalín 2000* e trozos das tres ou catro cintas cortadas por Cuiña en persoa,nas inauguracións dos distintos e variados proxectos de autovías. Aos que non se mollan é fácil distinguilos, moito expedente desordenado para dar o pego, foto de Fraga con dedicatória e un hórreo de pisapapeis, por éso de que *estamos en la administración gallega*. Os inconformistas teñen maior variedade de obxectos de culto, dende a foto da Pasionária dun disisente se Industria, até o autocolante de *canha contra Espanha* que se pode ver no arquivador dunha funcionária de Família.

Dende logo, tamén os hai do máis extravagante; o coleccionista de todos os pratos de recordo da Festa do Polvo de Carballiño, o que aínda expón enmarcado un ratrato do anterior Presidente Albor en plena *merendiña* e aquel outro que ten colgada enriba da silla a guitarra de cando fora seminarista e animador dos lumes de campamento.

Durante a V Romaria Popular no Monte do Faro puido verse a moitos destes coleccionistas de fetiches. Pensa mal quen asegura que estaban alí para conquerir prevendas, pagar favores ou deixarse ver cada un co seu valedor. Tan só buscaban a fotografia de Aznar a bailar a muiñeira. Unha relíquia coa que aumentar os tesouros que expoñen á vista dos administrados desde a sua atalaia particular. ♦

I ARENGA DA MOCIDADE
24 DE XULLO

ÁS 20,30, PRECEDIDOS DE GAITEIROS, MARCHA CARA A PRAZA DE MAZARELOS.

INTERVENCIÓNS DE MARTIÑO SANTOS CANOSA E FRANCISCO RODRÍGUEZ.

ÁS 22,15 CONCERTO DA ARENGA CON LASTROBORDO, HAMARAINA, SUSO VAAMONDE E PAPAQUEIXOS.

HABERÁ COMIDA E BEBIDA.

GALIZA NOVA GALIZA NOVA GALIZA NOVA

O ESCUDO DA GALIZA DESEÑADO POR CASTELAO EN INSÍGNIA OU CHAVEIRO

Chaveiro:
Prezo 500 pta + 160 pta de gastos de envio

Insignia:
Prezo 200 pta

Pagamento a meio de selos de correos ou ingreso na conta de Caixa Galicia 2091 0501 683040001024
Solicitaos ao apartado 1371, 36200 Vigo.

Correos foi abandonado polo estado durante anos en beneficio dos servicios privados de transporte. A. IGLESIAS

O Ministério de Fomento promete elaborar unha nova Lei de Ordenación Postal

O BNG reclama do Governo un debate sobre o actual Servício de Correos e Telégrafos

PAULA BERGANTIÑOS

A preocupante situación na que se atopa o Servício Público de Correos e Telégrafos en Galiza levou ao BNG a presentar unha pergunta no Congreso por meio do seu Deputado Francisco Rodríguez. Entre as cuestións expostas pola formación nacionalista destacan as referentes á posición do Ministério de Fomento sobre a elaboración dunha nova Lei Postal, á transferéncia da xestión do servício ás Comunidades Autónomas e á posibilidade de artellar novas liñas de actuación que incorporen melloras no servício de correo rural e na situación laboral dos traballadores contratados que o desempeñan.

Manifestou o Governo, na resposta, a sua intención de elaborar unha nova Lei de ordenación dos servícios postais. No texto faise referéncia á cobertura universal que debe ter este servício, tal e como establece a Proposta de Directiva do Parlamento Europeo, máis en nengún momento se recolle de forma explícita o seu carácter público. Neste sentido Francisco Rodríguez afirma que "a consideración do servício de correos e telégrafos como público é fundamental para os sectores máis desfavorecidos e para unha correcta articulación das comunicacións en todo o território do Estado, tendo en conta as suas pecularíedades".

Segundo Xerardo Dacal Rivero, Secretário de Organización da CIG-Correos e Telégrafos "o propósito do Ministério de Fomento de elaborar unha nova Lei non debe quedar nunha mera promesa como pasou co anterior Governo, que xa no ano 1994 pensaba acometer a sua preparación e logo quedou en nada". Para a CIG esta Lei terá que definir "o tipo de Servício Público de Correos que quere o Governo para o conxunto do Estado, principalmente a forma de financiamento do mesmo, cuestión que incide de maneira máis importante en Galiza onde unha grande parte da povoación vive no meio rural, no que a prestación dos servícios de Correos está moi por debaixo dos custos reais".

A Lei Postal é unha petición unánime de todas as forzas sindicais. Nunha reunión, o pasado Martes, co Secretário Xeral de Comunicación, José Maria Vazquez Quintana, os sindicatos expuxeron a necesidade de establecer unhas bases xurídicas que regulen no mercado ao servício público e ás empresas privadas.

Ante o interese amosado polo BNG no referente a transferéncia na xestión do servício de Correos ás Comunidades Autónomas, o Ministério de Presidencia limitouse a lembralle á formación nacionalista o texto da Constitución Española no que se constituen os servicios postais como competéncia exclusiva do Estado.

O Servício rural seguirá marxinado

En Galiza o 56´5% da povoación ten que ser atendida polos servícios de Correo rurais. A pesares de que o Governo central defende a existéncia dun alto índice de cobertura, atendendo á gran dispersión povoacional do país, Xerardo Dacal opina que o servicio rural é "o parente pobre que nunca se ten en conta e que se marxina porque normalmente dá perdas".

Actualmente, a Dirección Xeral de Correos e Telégrafos emprendeu un proceso de concentración de carterias nas zonas rurais. Deste xeito a distribución feita até o de agora por vários carteiros recairá nunha única persoa. O representante da CIG indica ademais que "existen duas formas de entender os servícios públicos, dende a punto de vista da rendabilidade económica, esquencendo a sua finalidade, ou desde o ponto de vista social. Atender o servício social, evidentemente non ten porque estar rifado coa búsqueda da rendabilidade económica, pero estas medidas, que normalmente supoñen unha redución de custos para a Administración, non sempre xeran unha mellor cobertura".

Para respostar a pergunta de Francisco Rodríguez sobre as posíbeis medidas de mellora da situación laboral dos traballadores, o Governo remitiuse ao Plano de Emprego do Organismo Autónomo de Correos e Telégrafos aprobado o ano pasado. Este Plano recolle a funcionalización do persoal fixo contratado a xornada completa, corpo do que o 70% desempeñan servícios rurais. Tampouco neste caso se aclara se o governo ten pensado elaborar algunha liña de actuación que mellore as condicións laborais dos empregados de Correos.

Deformacións dos topónimos galegos

O Organismo Autónomo Correos e Telégrafos parece seguir ignorando a existéncia dunha Lei de Normalización Lingüística na que se deixa ben claro que "os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega". Así por exemplo nos carimbos empregados na oficinas galegas e nas guías postais seguen a empregarse auténticas deformacións dos nomes dos lugares, parróquias, vilas e cidades do país.

Esta actitude contrasta cos casos de Cataluña ou do País Valenciano aparece a toponímia debidamente recollida na sua lingua orixinária. Neste sentido o BNG presentou tamén unha proposición non de lei no Congreso relativa ao uso correcto da toponimos. ♦

CIDADES

As asociacións reuniran máis de 35 mil firmas en contra de proxectos concretos do PP

O alcalde de Vigo intenta romper a Federación Viciñal

As quince mil firmas conseguidas pola Federación de Asociacións de Viciños de Vigo contra a subida de impostos, preconizada polo Partido Popular tras a sua chegada a alcaldia, e as vinte mil logradas contra o proxecto de urbanización da praia de Samil están a supoñer un duro custo político para o alcalde que optou estes últimos dias por iniciar unha campaña propagandística contra a Federación a través do diário local *Faro de Vigo*.

O dia 29 debaterase en pleno a convocatória dun referendo sobre a urbanización da praia de Samil, demandado pola Federación de Viciños con 20 mil sinaturas.

O próximo dia 29 está previsto o debate en pleno da petición de celebrar un referendum sobre a urbanización da praia de Samil. A forte oposición cidadá ao intento de pasar polo cemento un dos poucos pulmóns de lecer da cidade foi veiculizada pola Federación Viciñal que agrupa a máis de cuarenta asociacións e supera os 20 mil asociados. O PP non parece ter intención de que o referendo se convoque. Ao coñecer o tamaño da protesta anunciou que seria revisada a veracidade das sinaturas. Unha vez que as demoras fracasaron e a oposición veciñal segue manifestándose no pleno, a equipa de Manuel Pérez decidiu iniciar a campaña difamatória contra os responsábeis da federación, veiculizada através do diário *Faro de Vigo*. A información é canalizada por Xosé Luis Rodríguez Marcos, responsábel da sección de local do mencionado diário e amigo persoal do alcalde.

A Federación non cedeu, pero o *Faro* si

O PP, que extrapolando os resultados dos últimos comícios xerais a unhas eleicións municipais, perderia a alcaldia, intentou tamén a división da Federación, promocionando a "líderes" afins, pésie á dubidosa credibilidade de alguns deles, caso do coñecido como Crespo, do bairro da estación quen "subarrendou" recentemente vários metros de praza pública para a instalación dunha cafetaria, sen contar con autorización nengunha.

A atitude inicial de Pérez, ao chegar á alcaldia, fora a de tantear a todos os axentes e colectivos cidadáns. Os coqueteos coa Federación non impediron sen embargo que esta se mantivese firme na defensa das reivindicacións viciñais, postura que puido soster grácias á sua implantación e unidade interna. O ponto vulnerábel encontróuno o PP no diário local con quen se enfrentou pola concesión da televisión por cabo. *Faro de Vigo* que encontrou rotas as suas canles de financiamento municipal acometeu inicialmente unha campaña contra a alcaldia, pero as contas negativas das últimas semanas facilitaron un cámbio de atitude. ♦

Periga o pacto no Ferrol

Xoán Fernández, concelleiro independente do Ferrol, decidiu marchar de vacacións sen agardar que os seus sócios do PP convocasen o pleno para repartir os cárregos no governo municipal pactado entre ambos grupos. Fernandez afirmou que "o poden convocar cando lles pete, pois eu non vou estar". Daba asi por roto na práctica un acordo que só hai oito dias asinou. Mais non parece que a ruptura poda ser definitiva. No fondo de todo, tanto da non convocatória do pleno por parte do PP, como na fuxida de Xoan Fernádez está a loita existente entre uns e outros por conseguir máis preséncias nas distintas comisións municipais. ♦

Máis contradicións sobre *Ence*

Cando se está a falar da sua privatización seguen aparecendo múltiples contradicións sobre a contaminación que produce a factoria pontevedresa de Ence. O ministro de Indústria Josep Piqué ven de afirmar que a fábrica non contamina e que cumpre coa norma vixente. Nos mesmos dias o conselleiro Cuiña reiteraba que non ia permitir a conexión dos efluentes de Ence co emisário submarino. ♦

a nosa mellor literatura

50 VOLUMES COAS OBRAS MÁIS SIGNIFICATIVAS DA LITERATURA GALEGA EN EDICIÓNS COIDADAS E RESPECTUOSAS COS TEXTOS ORIXINAIS.
50 FASCÍCULOS ILUSTRADOS E COLECCIONABEIS COAS INTERPRETACIÓNS DE ACREDITADOS ESPECIALISTAS

O fascículo Nº 6 e o seu correspondente libro á venda a partir do 26 de Xullo

Desexo subscribirme á colección historia da literatura galega editada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Nome ..... Apelidos .....
Enderezo .....
Código Postal ..... Teléfono .....
Poboación ..... Provincia .....
Prezo da subscrición para o Estado Español 2.250 pta (2 fascículos + 2 libros cada mes) cun 20% de desconto sobre o prezo de venda.

PAGAMENTO DOMICILIADO
Banco/Caixa de Aforros .....
Conta ou libreta ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐
Titular ..... Poboación ..... Provincia .....
Nº Sucursal .....
Sírvanse tomar nota, e atender até novo aviso, con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas (A Nosa Terra).

Sinatura

Data

Remitir unha vez cuberto a A NOSA TERRA. Apartado de Correos 1371 - 36200 VIGO. Máis información no teléfono (986) 43 38 30.

Un proxecto da ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA e A NOSA TERRA

Algunhas deliberacións teñen carácter secreto

A CIG exíxelle a Javier Arenas a participación nas mesas governo-sindicatos

Representantes da CIG reuníronse co Ministro de Traballo Javier Arenas para exixirlle a participación desta central, que ten recoñecido o seu carácter de *máis representativa*, nas mesas de negociación abertas entre o governo e os sindicatos sobre emprego, Pacto de Toledo, saude laboral, formación contínua e profisional, etc. O ministro comprometeuse a oferecer unha resposta no prazo dunha semana.

Na reunión, que se celebrou o pasado dia 15, participaron, por parte do Ministério, o seu responsábel Javier Arenas e o secretário xeral de emprego Manuel Pimentel. A delegación da central galega estaba encabezada por Fernando Acuña e Manuel Mera, secretários xeral e confederal, respeitivamente, e por Luis Burgos, secretário de relacións institucionais do Estado e membro do Consello Económico e Social do Estado.

A preséncia da CIG nas mesas do diálogo social parece condicionada por intereses estatais que até agora mantiveron en secreto as deliberacións. Ainda que aténdose á lei vixente a admisión da CIG seria automática, as reticéncias, mesmo por parte das centrais estatais, son até agora evidentes, tanto a respeito da central galega como da basca ELA.

O Ministro si se declarou explicitamente favorábel á preséncia da CIG no Comité Económico e Social Europeo, no cal o Estado español participa con 7 representantes sindicais e onde a central nacionalista ainda non foi recoñecida.

Os representantes da CIG expuxeron tamén ao ministro a sua oposición ao plano de privatizacións e a sua preocupación pola bolsa de fraude que rodea ás empresas de traballo temporal. O Ministro de traballo comprometeuse a manter, a partir de agora, unha reunión trimestral co sindicato galego.♦

Reuniuse por vez primeira cunha delegación do Sindicato Labrego Galego

A ministra de Agricultura non sabe se haberá supertaxa láctea

A ministra de Agicultura, Loyola del Palacio, non sabe ainda se vai haber supertaxa na campaña láctea que acaba de rematar. Se a houbese intentará que Bruxelas non a cobre, demandándelle ao mesmo tempo a ampliación da cuota nun millón de toneladas. Máis se a UE teimase en cobrar a supertaxa, o Ministério pasaralle a correspondente factura ás empresas lácteas. Este foi unha das principais novas das que a ministra informou a unha delegación do Sindicato Labrego Galego, coa que se entrevistou por vez primeira o 16 de Xullo.

As organizacións agrárias téñense pronunciada en numerosas ocasións respeito das cuotas. A. PANARO

O SLG e a Ministra de Agricultura acordaron seguir mantendo contactos periódicos para tratar os temas agrários de interese para Galiza. O sindicato demandoulle a reforma da Lei de Cámaras Agrárias para posibilitar que os sindicatos nacionalistas podan ser representativos, como ocorre co sindicalismo operário. Coa lexislación vixente é matemáticamente imposíbel.

A Secretária Xeral do SLG, Lídia Senra, que encabezou a delegación, afirmou que trataron todos os temas de interese coa ministra, "asumindo Loyola del Palácio alguns compromisos, como estabelecer mecanismos de arbitraxe, que non se ian arrancar viñas, eliminación dos tamaños en froitos e hortalizas e modificación da lexislación que discrimina ás mulleres no acceso á titularidade das explotacións ou á Seguridade Social Agrária. Naqueles que non existen acordos o SLG vai seguir coa sua presión mobilizadora".♦

TEMPO SINDICAL

A CIG E A PÁTRIA GALEGA

MANUEL MERA

O *Dia da Patria Galega* é unha data na que rendemos homaxe a miles e miles de patriotas e defensores deste pais que durante séculos mantiveron acesa a chama da dignidade e da defensa da identidade; fixéranо por simple concéncia diferencial e de povo, ou polo desexo politicamente máis elaborado de construir un estado nacional. Todos, absolutamente todos eles, cada un no seu período histórico fixeron pátria, construiron país, e debilitaron e frenaron un proceso colonizador que iniciado con máis forza a finais do século XV pretendeu eliminar a nosa identidade.

Pero o *Dia da Patria Galega* tamén é unha data do poblema actual, da estratéxia cercana. Hoxe Galiza enfréntase a novas medidas económicas e políticas postas en práctica ou anunciadas polo PP, que afectando máis aos traballadores, van a perxudicar a toda a sociedade. As privatizacións do sector público, ainda que son continuación das iniciadas polo PSOE, pretenden traspasar a intereses privados foráneos (grandes bancos e multinacionais) as empresas con benefícios, e reducir ou pechar aquelas que dan perdas por unha xestión nefasta ou as limitacións impostas á produción. Hoxe son poucos miles de millóns, dos 60 mil millóns que gaña a empresa pública cada ano en Galiza, os que se reinvisten no país, pero con seguridade unha vez privatizadas serán moitos menos.

Esta política liberal no económico, de capitalismo salvaxe, onde os intereses individuais están sobre os da comunidade, complétase coa limitación na produción láctea, a desfeita progresiva do sector pesqueiro, pero tamén: cunha postura conservadora a ultranza no social. Medidas como a paulatina privatización da sanidade e do ensino, da ameaza sobre a redución de prestacións en matéria de seguros sociais ou proteción ao desemprego, de disminuir as indemnizacións por despido achegándoo ao despido libre, van neste sentido. As primeiras decisións efectivas do Governo Aznar teñen esta orientación: reducen os impostos aos máis ricos e aumentan os dos máis pobres. Estamos frente a unha etapa reacionária, onde desde o poder, o individual se sacraliza e ser pobre se desprécia.

O papel do PP na Xunta resulta patético e vergoñante frente a este novo ataque aos intereses globais de Galiza. Patético porque hai tres anos asinaba un acordo cos sindicatos polo que se obrigaba a potenciar e defender o sector público galego, e agora fala das ventaxes da privatización. Vergoñante porque nas transferéncias do 30% do IRPF ás Comunidades Autónomas, non loitou por outras compensacións, que permitisen ademais dunha maior autonomía fiscal un reparto que non perxudicase a Galiza. Pero tamén entreguista e partidista, xa que sirve e colabora con aqueles que son o brazo executor do desmantelamento.

Na nosa pátria, Galiza, con 200.000 parados, miles de persoas subempregadas no agro e nos servícios, cada día máis marxinados nas cidades, xovens e mulleres expulsados do mercado laboral, maiores de 45 anos que perden o emprego e só farán chapuzas o resto da vida, con máis dun millón de persoas na emigración, con máis dun tércio dos asalariados con contratos eventuais... vemos como se dualiza a sociedade, mália aumentar o PIB e a productividade. Vemos como cada ano que pasa as nosas riquezas e esforzo queda máis en mans de empresas e de grupos foráneos, e se agudiza a situación periférica. Vemos como a entrada na Unión Europea, Maastricht, o mundo unipolar, e a globalización económica constrúen unha sociedade aparentemente máis rica, pero máis inxusta, estratificada e despiadada. Este non é o camiño da solidariedade entre os povos, da xustiza social, da defensa do ecosistema, da paz, do respeto aos dereitos democráticos e á pluralidade... Neste marco as reivindicacións permanentes do nacionalismo: dereito á autodeterminación; liberación nacional e social; desenvolvemento da cultura e idioma; xustiza social... teñen cada dia máis sentido e son un obxectivo máis desexado.♦

MANUEL MERA é secretario confederal da CIG

Mobilización dos axentes forestais

O colectivo de Axentes Forestais, integrado polos servizos de Montes, Incéndios e Meio Ambiente, convoca unha mobilización fronte á Consellaria de Agricultura para o dia 24 en protesta pola situación de marxinación, agrávio e esquecemento da que son obxecto. A manifestación abre unha série de xornadas de folga que o colectivo, por médio das centrais sindicais CIG, CCOO e UGT, ten previstas para Xullo, Agosto e Setembro. O obxectivo das mobilizacións é denunciar a grave situación medioambiental de Galiza e a inércia coa que, segundo os sindicatos, responde a Direción Xeral de Montes ás suas propostas de negociación para acadar un plano de conservación e xestión do meio natural consonte coa lexislación europea vixente. Como medida simbólica, os axentes forestais contemplan tamén a posibilidade de rematar as mobilizacións de Xullo cunha oferenda perante o Apóstolo no dia de Santiago.♦

Os traballadores de *Santa Bárbara* volverán a manifestarse

A CIG da empresa Santa Bárbara ven de expresar a necesidade de volver ás mobilizacións ante as notícias dos últimos dias. O Conselleiro de Indústria confirmou o pasado Luns 15 que o proxecto DDO, que serviria de alternativa laboral aos traballadores desta empresa, fora descartado pola Axéncia Industrial do Estado. Para os traballadores "está claro", ademais, que a fábrica de armas da Coruña está a ser "desabastecida de carga de traballo intencionadamente, co fin de xustificar o seu peche". Os traballadores teñen denunciado os pedidos rexeitados pola factoria ou desviados polo governo cara outra comunidades.♦

O PP exclue da Asemblea Xeral de *Caixa Vigo* aos sindicatos

O PP ven de excluir da Asamblea Xeral de *Caixa Vigo* aos sindicatos e asociacións de veciños, entre outros colectivos sociais que até agora contaban con representación. Ás avesas, o partido conservador incrementou até agora a representación empresarial no mesmo organismo. Despois de coñecer esta notícia, a CIG deixou ver que albergaba "sérias dúbidas sobre o carácter democrático do Partido Popular". Tamén afirma esta central que esta forza "unha vez acadado o poder, mostra a sua verdadeira cara". A CIG teme que a participación seña tamén limitada no Consello Económico e Social de Vigo.♦

Calquer cámbio nas explotacións pode ser aproveitado polo governo para pechalas. As mulleres son as máis discriminadas pola aplicación da lei.
A. IGLESIAS

Desde 1972 afiliábanas obrigatóriamente acolléndose ao mesmo decreto

Unha labrega necesita dunha senténcia para ser dada de alta na *Seguridade Social*

Unha senténcia do Xulgado do Social número 2 de Pontevedra obriga á Seguridade Social a dar de alta a unha labrega da Estrada. Con esta senténcia criase un precedente importante, pois existen outras negativas a afiliar a S.S. a traballadoras do agro. Dase a circunstáncia de que, a partir de1972, comezara unha campaña que obrigaba a todas as mulleres que tiñan terras ao seu nome a integrarse na Seguridade Social Agrária. Agora, polo contrário, aténdose a unha interpretación diferente do mesmo decreto, son numerosas as trabas que impiden a un labrego darse de alta na seguridade social.

A publicación en 1972 do Regulamento Xeral da Seguridade Social Agrária dera lugar a unha campaña de afiliación obligatória para todas as mulleres que tivesen terras en propriedade e que lle reclamaba, nalguns casos, cuantiosos atrasos. Moitas delas tiveron que recorrer legalmente, alegando que a sua actividade principal non era a agrícola, málía posuir terras ao seu nome, chegando as desputas aos xulgados. Agora mudaron as tornas e a Seguridade Social (de réxime único) non quer dar de alta a labregas, alegando que hai membros da unidade familiar que gañan máis con outras actividades.

No artigo 2 do Regulamento Xeral do Real Decreto 3772/1972 estabelecese que teñen dereito a estar de alta na S.S.A "todos aqueles traballadores que adiquen a sua actividade predominantemente a labores agrícolas, forestais ou pecuárias, de xeito habitual e como médio fundamental de vida, e que dela opteñan os principais ingresos para atender as suas próprias necesidades e a dos familiares ao seu cárrego". Ese mesmo artigo estabelece incompatibilidade cando un dos membros da unidade familiar, até o terceiro grado de consanguinidade, é titular dun negócio mercantil ou industrial.

A senténcia ditada polo xulgado de Pontevedra recoñece o traballo das labregas ao afirmar que os ingresos desta muller serian o seu médio fundamental de vida, de non estar integrada nunha unidade familiar. Considera así mesmo que a aplicación do artido 2 R.D. 3772/1972 significa na sua posta en práctica a discriminaoión das mulleres.

Tamén fai referéncia a senténcia ao incumprimento do disposto no artigo 14 da Convención sobre eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, ratificado polo Estado español o 5.12.81. Este artigo estabelece que os estados terán en conta "os problemas especiais a que fái fronte a muller rural e o importante papel que desempeña na supervivéncia económica da sua família, incluido o traballo nos sectores non monetários da economia". No artigo dous afírmase que os estados "adoptarán todas as medidas apropriadas para eliminar a discriminación contra a muller nas zonas rurais, a fin de asegurar en condicións de igualdade entre homes e mulleres, a sua participación no desenvolvimento rural e nos seus benefícios, e lle aseguren, en particular, *o dereito a beneficiarse dos programas da Lei Social*".

Un importante precedente

Con esta senténcia criase "un precedente importante, pois hai outros moitos casos de mulleres, sobre todo na Província de Pontevedra, ás que lle están a negar a integración na Seguridade Social", afirma Lídia Senra, voceira do Sindicato Labrego Galego, organización que levou a defensa da traballadora de A Estrada. O SLG veu recorrendo todos estes casos. En tres ocasións lograron o recoñecimento en recursos administrativos.

A filosofia que pretende agora *adelgazar* a Seguridade Social por considerar que non é rendíbel económicamente, sobre todo no agro, discrimina aos labregos e labregas xa que é a única profisión que é recoñecida pola seguridade social, cando calquer membro da unidade familiar gaña máis que un mesmo. Na práctica, as máis discriminadas sistemáticamente son as labregas, pois de haber alguén que traballe fora ese adoita a ser o home. Dase a circunstáncia de que os ingresos das explotacións agrárias son tan baixos que, case sempre, os maiores ingresos proceden do que traballa fora. Ademáis, non se ten en conta para nada o aporte económico que supón a produción de alimentos para a própria família.

Para ser considerado labrego é necesário cotizar á Seguridade Social. Sen este requisito tampouco se pode aceder a calquer caste de axudas para as explotacións. A afiliación restritiva á seguridade social opera, polo tanto, no mesmo sentido que as *cuotas*, provocando a redución da produción agrária. No caso das mulleres labregas, a actual aplicación do decreto, supón unha nova traba para recoñecer o seu traballo, condenándoas a marxinación e privándoas dos dereitos que teñen como traballadoras, tales como baixa maternal, enfermidades, xubilación, pero tamén elexir e ser eleitas en órganos como as Cámaras Agrárias. O SLG recorda igualmente outras disposicións, tamén discriminatórias, caso da negativa a que unha muller teña as terras da explotación ao seu nome, como pasou recentemente en Sárria.♦

A sociedade e o tratamento de residuos

MANUEL CAO

Asombrado polos avances tecnolóxicos que permiten devolver os materiais plásticos abandonados ao estado orixinário de petróleo paso a discutir asuntos relacionados co tratamento de residuos. Unha liorta importante en torno ás tres erres (reducción, reciclaxe, reutilización) estase a dar en Galiza frente ao programa de incineradoras da Xunta. Lonxe do fundamentalismo que chega a propoñer a erradicación dos coches e tamén dos que confunden progreso cunha fábrica fumegando, parece claro que nos países máis adiantados a filosofia das tres erres gaña terreo día a día.

Os temas medioambientais serán fonte de novas actividades económicas con enorme rendibilidade social e de calidade de vida. Estamos diante dun negócio con futuro pero sen esaxerar. Unha vez internalizados os custos ecolóxicos asociados á realización de determinadas actividades a restricción física terase en conta do mesmo xeito que se teñen outros custos económicos. O respeito polo médio natural será unha condición necesária para calqueira decisión de investimento do mesmo xeito que hoxe hai que cumprir as normas urbanísticas, fiscais ou laborais. O tratamento do lixo pode criar emprego pero tamén pode destruilo. Do que se trata é de minimizar os efectos negativos do medre económico tendo en conta que a natureza é un ben colectivo para toda a humanidade. O catastrofismo do *Clube de Roma* cando nos anos 70 agoiraba o final das reservas de petróleo a data fixa debería servir de leción.

As novas tecnoloxías poderán ter efeitos positivos e negativos para o médio ambiente segundo aumente ou non o valor da natureza. En certa ocasión contemplaba ao cantante L.E. Aute en TV acariciando un gatiño no médio dunha fumeira de tabaco. Impasibel e cheo de razón estábase a declarar amante dos animais e defensor do medio ambiente ao tempo que latricaba contra o capitalismo. Existen bastantes comportamentos inconsecuentes e non só por partes dos diversos governos. Até agora a valoración dada ao medio natural en Galiza non foi excesiva por parte dos grupos dominantes. Este comportamento contribuiu a educar mal ao paisano galego que era ecoloxista por natureza e, a veces, ao seu pesar.



A. IGLESIAS

> 'Nen se deran conta de que nas zonas rurais lévase aplicando a politica das tres erres desde sempre"

A parte disputas técnicas e viabilidade económica dos proxectos existe un problema central e clave: a imbricación da sociedade no proxecto común de defensa e conservación da natureza. En Galiza, a conciéncia ecolóxica é unha derivación dos desenrolos teóricos e prácticos dos grupos ecoloxistas centroeuropeos. Estamos diante dunha liña de pensamento importada de sociedades moi urbanizadas, industrializadas e moi povoadas. O divórcio entre a elite dirixente e o noso povo levou a que nen se derán conta de que nas zonas rurais lévase aplicando a politica das tres erres desde sempre. É importante saír do erro e en lugar de explicar a boa nova ás masas hai que informar e dotar de médios para a clasificación e recollida do lixo e, incluso, aprender dos que levan toda a vida aproveitando o que para outros é "desechable". Por certo, qué ben e que fácil o está a facer o Concello de Allariz. A participación da sociedade é fundamental para un máis eficiente tratamento dos resíduos tal como xa ocorre en Alemaña, Suiza, Austria, etc.♦

MEIOS DE COMUNICACIÓN

As televisións temáticas, a incorporación das mulleres e o novo estilo de vida, motivos do cámbio

A imprescindíbel relación entre a televisión e o deporte-espectáculo

A. EIRÉ

A compra do diário deportivo *As* por parte de Prisa (*Canal +)* en competéncia directa co *Grupo Z* (*Antena 3*) forma parte da arrogante e brutal guerra que libran as televisións por conseguir, a golpe de millóns, a exclusiva da difusión do deporte espectáculo. Guerra na que as rádios e os periódicos fan o papel de pións, poñendo a sua influéncia en equipas e xogadores, ao servício de tal ou cal opción televisiva.

Pero unha guerra tamén entre as empresas que proporcionan espectáculos deportivos e as difusoras (tvs), utilizándose mutuamente na captación de anunciantes e patrocinadores. Por iso as negociacións son sempre globais e se TVE televisa a *Vuelta* ciclista, *Unipúblic* obriga a televisar igualmente as outras carreiras que organiza esta empresa como xeito de conseguir patrocinadores.

O deporte televisado que, até hai un quinquénio era só un luxo ou un capricho, cando non un servício público para difundir a práctica deportiva entre amplas capas da povoación, é hoxe unha postura vital, un *produto televisivo* maior, investido dunha doble misión: conseguir espectadores e anunciantes e *xerar* unha imaxe de xuventude e dinamismo acorde cos valores da sociedade consumista.

É dificil saber se foron as cadeas de televisión as que desencadearon este fenómeno (sobre todo cando se rechou o monopólio en toda Europa coa aparición de novas canles privadas) ou se o único que fixeron foi acompañalo. Máis é necesário apostar polo primeiro suposto, tendo en conta que as distintas correntes sociais, incluida a popularización do deporte ao comezo da era industrial, sempre tiveron unha intención económica.

A saturación futboleira é un dos perigos que ameazan ás cadeas. SERRÉ

Canal + francés, recoñece que o 60% dos abonados conséguelos grácias á retrasmisión dos espectáculos deportivos. Mais, a guerra por conseguir os dereitos de emisión dos principais eventos non é para hoxe. As televisións puxan polo futuro. Os *canais temáticos* necesitan un médio para conseguir un número de abonados numeroso no horizonte do ano 2.000.

Existen dados significativos que avalan esta postura. O directivo Pierre Lescure, afirma que o *Canal+* francés, que conta con máis de catro millóns de abonados, seria "plenamente rendíbel con só millón e médio, abandonando a maioria das grandes retransmisións deportivas".

Vítimas do próprio éxito

Os estrategas dos méios foron capaces de arrastrar como espectadores indirectos, a sectores antes renuentes. O principal cámbio foi a incorporación das mulleres, sobre todo xóvenes, froito indirecto dos pasos que deron na sua loita pola equiparación social.

Se temos en conta que máis do 75% das compras as realizan as mulleres, incluso aquelas dirixidas directamente aos homes, até de agora o abano dos anúncios que podian incluirse nas retrasmisións deportivas (excluidos o alcool e o tabaco e grandes compras como automóveis) era minguado. A incorporación das mulleres permite a incorporación de moitos novos anúncios.

As próprias empresas de comunicación, seguindo os pasos dos EE.UU. e mesmo de Francia, con *Canal +* mercando o *París-Saint-Germain*, están a converterse en empresários dos espectáculos deportivos. *Antena 3* estao a facer directamente, poñendo cartos subrepticiamente en várias equipas, contrariando á norma das sociedades anónimas deportivas, ou aportando diñeiro en base a televisar partidos, ainda que sexan amigábeis, método utilizado por todas as televisións españolas e mesmo autonómicas. Este aumento de diñeiro nos clubes dará lugar está tempada a unha revolución do mercado futbolístico, impulsado ademais pola posibilidade de contar con xogadores do espácio comunitário europeu.

Pero os 22.000 millóns de pesetas que van conseguir das televisións os clubes da Liga Profisional de Fútbol por duas tempadas, poden converter tanto ao fútbol, como ás próprias televisións, en víctimas do seu próprio éxito. Os máis de 200 partidos que trasmitirán as televisións do estado español a próxima tempada pode que rebaixen o índice de audiéncia até naqueles encontros de máximo interese, froito da saturación futboleira. Os analistas franceses non só afirman que o *zapeo* antes inexistente se dá incluso nos partidos da Copa de Europa se o xogo non é bo, senón que constatan que a média de espectadores televisivos descendeu non 33,6%: de 10 millóns a só 7,8.♦

Ainda se instalarán catro hipermercados máis

Moi pronto, Galiza contará con catro novas superfícies comerciais máis. A multinacional francesa *Continente* instalarase en Vigo e Pontevedra, *Pryca* na Coruña e *Hipercor* en Santiago. A Xunta aceitou a preséncia destes novos establecimentos, pésie ás numerosas protestas dos pequenos comércios que nalguns casos levaron a cabo mobilizacións, tal é o caso recente de Pontevedra. Pésie a algunhas boas palabras, cara este último colectivo, o governo galego non tomou até agora nengunha iniciativa, á semellanza doutros paises, onde a tendéncia ao monopólio comercial por parte das multinacionais encóntrase máis limitado pola lexislación. A Xunta de Galiza tampouco deu até agora o seu visto bon para a criación dun centro galego de distribución que facilite a chegada ao mercado dos produtos galegos, como reivindicaron en várias ocasións partidos e sindicatos nacionalistas.♦

Oito millóns de pobres no Estado español

Un informe dado a coñecer a pasada semana por *Cáritas* mostra que oito millóns de cidadáns do Estado español, unha quinta parte da povoación, viven por baixo do nível de pobreza que se situa nas 42 mil pesetas mensuais, cantidade que reciben algunhas famílias en base ás axudas públicas. Galiza, que se encontra entre as comunidades con máis pobres, ten ao 24,6% da povoación por baixo do índice de subsisténcia. En Madrid este número é do 6,2% e no País Basco do 10%.♦

Represión laboral en *Zara*

Fátima, Beatriz e Rosi eran até hai duas semanas traballadoras fixas de *Zara* en Vigo. Despois de 6, 8 e 18 anos de antigüidade respectivamente, a empresa galega despediunas alegando, entre outras razóns, baixo rendimento e falla de cooperación. Previamente as tres comunicaran a sua negativa a unha redución do horário de traballo semanal proposta pola empresa.

A semana pasada delegados da Federación de Comércio de CCOO e un grupo de de traballadores das *Tendas Zara* protagonizaron várias concentracións na cidade de Vigo. Nestas mobilizacións repartiron panfletos nos que se denunciaba a política de represión que a empresa exerce actualmente contra os seus traballadores. A finais de Xuño comezou a obrigar a moitas das contratadas a acatar unha redución das horas de traballo semanal do 50% baixo a ameaza de despido.

Fátima, Beatriz e Rosi quéixanse de ser as primeiras vítimas desta chantaxe coa que *Zara* pretende substituir os contratos fixos por contratación eventual. Logo de comunicar a sua negativa a sofrer unha redución de xornada e de salario á metade, todas elas receberon unha carta de despido na que eran acusadas de baixo rendimento.

A campaña de denúncia, coa que tentan forzar a *Zara* a adoptar medidas para normalizar a situación dos seus traballadores e a readmisión das despedidas, esténdese esta semana a Portugal. Neste país, no que a empresa conta con mais de vinte tendas, as tres traballadoras organizaron, en colaboración coa CGTP, várias concentracións. Segundo informou este sindicato nos estabelecimentos de cidades como Lisboa, Porto ou Aveiro, xa se comezou a aplicar a política de contratación eventual.

Tendo en conta que Zara non é unha empresa deficitária, a redución de persoal parece estar encamiñada a aportar beneficios en custes e en subvencións por contratación. Asemade a redución das xornadas laborais aumenta as facilidades para a mobilidade de turnos que require a ampliación de horário de apertura dos estabelecimentos comerciais previsíbel de aquí ao ano 2001.

A senténcia de despido improcedente por parte dun xuíz oferece ao empresário a posibilidade de decidir entre a readmisión das persoas despedidas ou a sua indemnización. Sen deixar de esgotar a vía xudicial para buscar unha solución a sua situación laboral, Beatriz, Fátima e Rosi empregan nestes dias todos os seus esforzos en conseguir que a sua situación teña unha ampla repercusión social.

Nos diferentes actos convocados solicítase que os clientes expresen o seu malestar ante a dirección por este tipo de medidas encamiñadas a unha precarización das condicións laborais dos traballadores e a un empeoramento da atención e do servizo aos consumidores nas máis de 170 tendas que a empresa mantén en funcionamento.♦

"Non somos uns marraos", afirman os asistentes ao Festival dos Pirineos

Vários dos galegos que asistiron, en autobús ou en automóbil particular, ao Festival dos Pirineos, mostráronse surprendidos e desmentiron as informacións dalguns meios de comunicación que trataron aos asistentes ao concerto como "porços e marraos". Os afeizoados á música rock que viaxaron até o Val de Arán, para ver a alguns dos máis vellos interpretes deste xénero, contaron que o concerto se desenvolvera con normalidade.♦

O Comité de Apoio denúncia o xuizo coma un proceso contra á liberdade de expresión

Xulgan a Pepe Rei por ter denunciado a corrupción

Pepe Rei, o xornalista galego que dirixe a sección de Investigación do diário *Egin*, vai ser xulgado por denunciar a corrupción no exercício da liberdade de información, denúncia a Comisión Internacional constituida para seguir o xuizo de cinco dias na Audiéncia de Madrid que lle promoveu o ex-maxistrado Carlos Bueren.

Escritores, xornalistas, profesores, membros de asociacións de direitos humanos e sindicalistas que forman parte desta Comisión coidan que Pepe Rei non vai ser xulgado por *colaborar con banda armada*, como quer a calificación do fiscal, senón por exercer o direito á liberdade de información.

O escritor e dramaturgo Alfonso Sastre chamou a atención sobre o silenzo que observan alguns meios e xornalistas que a diário se proclaman pola liberdade de expresión pero calan tanto sobre o proceso a Pepe Rei como sobre os catro meses de cadea preventiva que se veu obrigado a cumprir. Pola contra, salientou a importáncia dalgunhas das personalidades que manifestaron o seu apoio a Pepe Rei, como é o caso do filósofo e lingüista Noam Chomsky.

Pepe Rei.

Teresa Toda, subdirectora de *Egin*, di que o único delito cometido por Pepe Rei é o de ser un bon xornalista e relacionou o xuizo coa campaña sistemática que sofre o diário desde a fundación, tanto no boicot institucional como nas campañas que ven padecendo para proxectar unha imaxe parcial e interesada do xornal.

Txema Ramirez, escritor e profesor de Ciéncias da Comunicación da Universidade do Povo Basco sinalou que o xuizo non era só contra Pepe Rei senón contra o meio que representa e contra un estilo de traballo que entende a liberdade de información coma un exercício para descobrer a causas e o funcionamento de todo o que condiciona a vida dos cidadáns. "Trátase -dixo- dun xuizo contra a liberdade de expresión".

Rei está convencido de poder desmontar unha tras doutra as imputacions do Ministério Fiscal e da acusación particular e entende que o proceso "foi urdido pola Ertzaintza e o seu maxistrado favorito, o xa ex-xuiz Carlos Bueren". O xornalista lembra a agresión das sete campañas públicas de difamación e calumnias contra Egin. "Procúrase o desprestíxio dos que fan xornalismo de investigacion metendo o seu nome en panfletos tan tristemente célebres coma o de *Pepe Rei apunta*, iníciase a asalto ás fontes de información e trípase a sección de investigación".

Pepe Rei denuncia o siléncio co que se acollen ás protestas dos xornalistas do *Egin* cando son obxecto de campañas de difamación e a amplificación que se fai destas campañas. "No nome da liberdade de expresión coido que temos direito a que a opinión coñeza a farsa que precede ao noso xuizo".♦

Àngel Colom anúncia que non se apresentará á reeleición

Golpe de man do sector crítico de ERC

Un milleiro de militantes críticos coa política que está a seguir Esquerra Republicana de Catalunya reuníronse en Martorell o 14 de Xullo nun acto no que reclamaron un cámbio de orientación do partido, no senso de abandonar a política de xestos para a galeria e de ir sempre á rolda de CiU, propoñendo idéntica política no social. Os críticos, encabezados por Carod-Rovira, pensan que o partido perdeu as suas señas históricas de identidade nas mans de Àngel Colom ao que acusan de estar a desfacer o partido cunha caza de bruxas cos críticos no último congreso, expedientando ou expulsando aos opositores despois de suprimir a todos os históricos da dirección.

Aos dous dias Ángel Colom anunciaba que non se apresentará á reeleción no próximo congreso que se vai adiantar para Outubro. Colom considera que esta "é a única maneira de resolver a actual crise interna", ainda que afirma tamén que a situación "poderíase ter resolto doutro xeito, pero tal é como están as cousas o meu abandono da dirección penso que é o millor xeito de resolvelo. Colom, que calificou a decisión de inapelábel, adiantou que tampouco optará á


Àngel Colom.

presidéncia do partido. Tamén deixou claro que pretende seguir como voceiro no Parlament catalán e como senador en Madrid, elexido polo próprio Parlament.

Àngel Colom chegou á Secretaria xeral de ERC a fins de 1989 despois dun polémico congreso celebrado en Lleida. A candidatura de Joan Hortalá, apoiada polo histórico Heribert Barrera, saiu derrotada. Hortalá abandonou o partido. Desde aquelas sucedéronse os abandonos, as expulsións e foise artellando pouco a pouco un movimento crítico que tomou corpo sobre todo despois dos últimos resultados eleitorais coa *imposición* de Pilar Rahola en Barcelona.♦

PREMIOS



4 E 5 DE XULLO DE 1996
SANTIAGO DE COMPOSTELA

DENOMINACION DE ORIXE RIBEIRO

ACIO DE OURO: Viña de Martín (Adegas Luis Rguez Vázquez)
ACIO DE PRATA: Cunqueiro (Adegas Cunqueiro)
ACIO DE BRONCE: Viña Docampo (ADegas Docampo)

DENOMINACION DE ORIXE VALDEORRAS

ACIO DE OURO: Guitián (Adegas A Tapada Sat)
ACIO DE PRATA: Ruchel (Adegas Majlu Pazo de los Caballeros)
ACIO DE BRONCE: Arume (Adega Cooperativa. Stª Mª dos Remedios)

DENOMINACION DE ORIXE RÍAS BAIXAS

ACIO DE OURO: Martín Codax (Adega Vilariño Cambados)
ACIO DE PRATA: Don Pedro de Soutomaior (Adegas Galegas)
ACIO DE BRONCE: Señorío da torre (Adegas Aldea de Abaixo, Sat)

DENOMINACION DE ORIXE: MONTERREI E RIBEIRA SACRA

ACIO DE OURO: Ladairo (Adegas Ladairo, s.l.)
ACIO DE PRATA:Abadía da Cova (Adegas Moure)
ACIO DE BRONCE: Viña Toutelo (Adegas Ladairo, s.l.)

VIÑOS TINTOS

ACIO DE OURO: Val da Lenda (Adegas José Rodriguez Gómez) D.O. Ribeira Sacra

ACIO DE PRATA: Guimaró (Adegas Carmen Pérez Pérez) D.O. Ribeira Sacra

ACIO DE BRONCE: Cachín (Adegas César Enríquez Dieguez) D.O. Ribeiro

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE AGRICULTURA GANDERIA E MONTES

LAREIRA
Asociación de Restaurantes Gallegos

Despois de recebir a Al Gore, deu o seu apoio a Mas Canosa

Matutes abandona as empresas españolas que xa pensan na retirada de Cuba

Despois do apoio declarado ante Al Gore sobre a política norteamericana en Cuba, Abel Matutes recebiu no ministério de Exteriores ao empresário Mas Canosa, un extremista que algúns representantes da oposición calificaron de "gangster". O governo Aznar sentenciaba en dous golpes ás empresas españolas con preséncia na illa, sobre todo as dedicadas ao turismo.

Bill Clinton impúxolle as condicións ao governo español.

O anúncio, vertido através dalguns meios o pasado Mércores dia 17, de que Clinton decidia aprazar a lei Helms-Burton tras a presión da UE, só contén unha parte non esencial da verdade. En realidade, o presidente norteamericano ratificou a totalidade da lei, ainda que decidiu retrasar seis meses as denúncias ante os tribunais contra as empresas que invistan en Cuba. Clinton salva a sua imaxe diplomática, pero a ofensiva continua en todo o seu vigor. As consecuéncias déixanse ver tanto dentro como fora de Cuba. Na Habana, o vicepresidente do parlamento Jaime Crombet anotou que os efectos negativos da medida son xa unha realidade e que Cuba "non debe esperar moito". "Estamos preparados para o pior e para unha batalla ben longa", engadiu.

En España, as accións da cadea hoteleira *Sol-Melia* caian, o pasado Luns dia15, case un 5% na bolsa. Entre o sector comeza a asumirse a realidade de que a retirada de Cuba entra dentro do futuro probábel, dada a habitual firmeza dos Estados Unidos e a postura do governo español. O socialista Luis Yañez, especialista en temas exteriores, mesmo se atreveu a recordar que o extremista Mas Canosa realizou unha das maiores aportacións económicas á campaña de Aznar, en concreto este empresário de Miami, vinculado a grupos terroristas que actuaron en Cuba desde os anos sesenta, seria o que sufragou os gastos do grande mitin *popular* celebrado en Valéncia.

A alarma en *Sol-Meliá*, cadea que xestiona seis hoteis en Cuba, é grande. Nos sectores empresariais españois compárase tristemente, ainda que entre bambinelas, dadas as simpatias co PP de moitos dos seus responsábeis, a política española en Cuba coa de outros paises coas suas ex-colónias. Así alguns mencionan, a modo de exemplo, o caso de Xamaica que continua na órbita de influéncia de Inglaterra, e sobre a que os Estados Unidos abstéñense de tomar medidas de influéncia. O mesmo sucede nas ex-colónias holandesas ou francesas, todas elas vencelladas a antiga metrópoli e libres das pretensións de expansión norteamericana por un acordo *de facto*.♦

PODERES MUNDIAIS, PROBLEMAS LOCAIS

B.C.

Os máis ricos do mundo preocupados por Hong Kong

Cando queda menos dun ano para que a colónia británica de Hong Kong pase á soberania da República Popular de China (o 30 de Xuño de 1997), a prensa local acrescenta os temores da povoación sobre o futuro das "liberdades". Desde as editoriais e os titulares, os xornais esixen de Pequin garantias sobre as liberdades relixiosas, a liberdade de expresión e de prensa, o xeito de vestir, o direito a viaxar ao estranxeiro... pero raras veces aluden ao seu verdadeiro temor: o económico.

Ainda que na declaración conxunta asinada en 1984 por Margaret Thatcher e Deng Xiaoping, o governo chinés se comprometera baixo o concepto "un país, dous sistemas" a garantir o mantemento do actual sistema económico e social de Hong Kong durante 50 anos (ate o 2048), o medo medra entre os empresários multimillónarios da colónia británica a medida que se achega a data do traspaso, e son xa muitos os que comezaron a desviar as suas fortunas a bancos doutros paises do suleste asiático como Indonésia, Xapón ou Tahilándia. Tamén o domicilio social das empresas comeza a cambiar. Mesmo que continuen operando dende Hong Kong, os rexistros oficiais e a emisión de accións efectuan-se dende Londres ou Singapur.

Non é de estranar este medo ao pase á soberania chinesa: Hong Kong ocupa o primeiro lugar do mundo en número de multimillonários en relación co de habitantes, e o cuarto en termos absolutos despois de Estados Unidos, Alemaña e Xapón.

O paraiso fiscal e o lugar privilexiado nas relacións económicas e comerciais entre Ásia e as potencias occidentais dependerá agora dunha administración socialista. Ainda que até dentro de 50 anos manterá un estatus diferente dentro de China, coa consideración de *Rexión Administrativa Especial* e manterá unha Cámara Lexislativa própria. Os propietários das grandes empresas temen que os seus negócios se vexan submetidos a un maior control e a unha maior presión fiscal. Segundo a revista norteamericana *Forbes*, outro dos seus grandes temores é que Pequin os obrigue a trasladar a China as suas fábricas, actualmente espalladas por distintos pontos de Asia, e contratar obreiros chineses, que —di a revista— ainda que baratos son muito menos rendíbeis que os malásios, coreanos ou de Taiwam.♦

A chegada dos islamistas ao poder en Turquia preocupa en Israel e na UE

B.C.

A formación en Turquia dun governo de coalición entre o Partido do Benestar (RP) e o Partido da Recta Via (DYP) introduce importantes modificacións no esquema político da zona. Os primeiros beneficiários son os países árabes e musulmáns. Tras a vitoria de Netaniahu en Israel, tanto Irak como Síria expresaran os seus temores a unha alianza turco-israelí. De feito, Xerusalem e Ankara subscribiran en Febreiro un acordo de cooperación militar no que un dos principais obxectivos era a erradicación dos "grupos terroristas" que se refuxiaban tras as fronteiras de Síria (en referéncia aos kurdos e a diferentes facións islámicas anti-semitas).

O novo primeiro ministro turco, Necmetin Erbakan, deu un xiro á situación afirmando o seu desexo de estreitar relacións e afondar na cooperación cos "países irmáns". Erbakan, islamista moderado, referiuse en concreto a Síria e Irak, países cos que —dixo— está unida Turquia por vencellos históricos, relixiosos e de veciñanza.

Apenas dous dias despois da toma de posesión do governo de Erbakan, unha delegación económica e comercial turca, encabezada polo director de Comercio Exterior, viaxaba a Bagdag para comezar a negociar diferentes acordos bilaterais. Era a primeira visita oficial de representantes turcos a Iraq dende o remate da guerra do Golfo, en 1991.

Todos os estados árabes expresaron xa a sua satisfación pola chegada de Erbakan ao poder. Israel, de momento, garda siléncio.

Pero o carácter islamista do novo governo turco influirá tamén en Europa. Turquia aspira a se converter no membro máis oriental da UE. De feito, desde o 1 de Xaneiro pasado está en vigor un acordo de unión aduaneira entre Turquia e os 15. Fráncia expresou o seu apoio ao novo governo turco, oferecendo a sua cooperación e axuda nos esforzos para a sua progresiva incorporación á UE. No termo medio, Alemaña, España, Reino Unido e Itália téñense polo de agora limitado a enviar telegramas de felicitación ao novo primeiro ministro, instandoo a que prosega coa modernización do seu pais e desexando que Turquia continue sendo un "aliado de confianza para a UE".

Tampouco para Estados Unidos o cámbio no Executivo turco pasará inadvertido. O novo governo pediu xa a retirada das tropas estadounidenses, que efectúan operacións de vixiáncia sobre Irak dende Túrquia. Na súa primeira reunión co Secretário de Estado adxunto norteamericano, Peter Tarnoff, e co vicesecretário de Defensa, Jan Ladal, Necmettin Erbakan, manifestou o seu dexeso de seguir colaborando con Estados Unidos, pero indicou a sua oposición a que o território turco poida servir a Washington de base militar. De feito, o Partido do Benestar do actual primeiro ministro turco opúxose sempre a preséncia das tropas estadounidenses, coñecidas como "martelo ameazante" que se despregaron en Turquia ao remate da guerra aliada contra Iraq.

Cecais, para os que nada cámbie coa chegada de Erbakan ao poder será para aproximadamente 12 millóns de kurdos que viven en Turquia. O novo primeiro ministro turco cifrou un dos obxectivos prioritários do seu gabinete na aniquilación do Partido dos Traballadores do Kurdistán, o PKK, alzado en armas dende 1984 pola independéncia.♦

Ieltsin incumpre os acordos de paz de Chéchenia

Menos dunha semana despois da sua re-elección como presidente ruso (os comícios celebraron-se o 3 de Xullo), Borís Ieltsin non dubidou en romper a tregua asinada coa guerrilla independentista chechena e ordenar a reanudación das operacións militares na república caucásica.

O pasado dia 9, as tropas rusas atacaron con artilleiria a localidade de Gueji, ao suroeste da república, causando 20 vítimas civis, co pretexto de que a aldea servia de refúxio a un dos principais campamentos dos "rebeldes separatistas". Ao mesmo tempo, o mando militar ruso en Chechénia cortaba os accesos á capital, Grozni, e implantaba o toque de queda en toda a república.

Tras o ataque a Gueji, o portavoz dos independentistas, Movladi Udogov, leu un comunicado do Parlamento de Ichkeria (nome que os chechenos dan o seu pais), no que se acusaba a Borís Ieltsin de incumprir os acordos de paz e de utilizar a tregua unicamente con fins eleitoralistas, sen ter tido nunca a intención real de buscar unha solución negociada ao conflito.

Boris Ieltsin

Os acordos de paz entre o governo ruso e a guerrilla chechena foron asinados o pasado 27 de Maio en Moscova e ratificados o 10 de Xuño, en plena-campaña eleitoral para a segunda volta dos comícios presidenciais rusos, polo primeiro ministro ruso Victor Chernomirdim e o líder chechén Zelimjan Iandarbiev, en preséncia do próprio Ieltsin.

Entre outros aspectos, os acordos incluian a retirada paulatina das tropas rusas, que deberia completar-se a finais de agosto, momento en que se comezaria a negociar o futuro da república.

A paz en Chechénia fora precisamente un dos principais compromisos de Ieltsin co seu eleitorado, ainda que o novo home forte do Kremlin, Alexader Lébed, nunca veu con simpatía ningunha manobra que, na sua opinión, significa-se ceder terreo ante os rebeldes.♦



Aspecto do desfile, baixo a mirada de protección dun paracaidista británico.

Os protestantes defenden a ocupación cunha marcha orixinada no século XVII

O desfile da *Orde de Orange* alonxa as posibilidades de paz en Irlanda

MANUEL VILAR

A violéncia volveu ás ruas de Irlanda do Norte. A policia mallou nun cento de católicos que non querían deixar pasar unha marcha protestante polo seu bairro. A Orde de Orange, asi se autodenomina a organización que promoveu o acto, ten a sua orixe no século XVII e manten unha gran influéncia entre os pro-británicos da zona.

Hai que remontarse na história aos tempos de Cromwell, cando mandou decapitar ao rei. Despois de vários anos violentos volveu a monarquia. O novo rei chamouse James II, un fanático católico que pretendía volver ao feudalismo. Nen unha, nen outra alternativa eran do agrado das novas clases capitalistas que estaban medrando con grande rapidez grácias ao comércio. Esta burguesia chamou a Guillermo de Orange, que estaba reinando en Holanda, era neto do rei decapitado e xenro de James II. Este último foi derrotado pronto en Inglaterra e decideu marchar a Irlanda. Alí foi recibido polos católicos, coa esperanza de que eliminase os priviléxios dados por Cromwell aos protestantes. Estes alertados chamaron a Guillermo de Orange e despois dunha pequena escaramuza (á que os protestantes chaman batalla de Boyne) ao norte de Dublin, as tropas protestantes cruzaron o regato do Boyne e empezaron a cuarta e última conquista de Irlanda, que significou o domínio político e económico dos protestantes do Ulster. Era o ano 1690 e o que escomenzou como liorta entre as clases dominantes en Inglaterra rematará tendo moi negativas consecuéncias para Irlanda.

A derrota militar foi acompañada dunha série de leis que reducían aos irlandeses a servos, marxinados na sua própria terra, obrigados violentamente a rachar co seu pasado. Escomenzaba a desvertebración das institucións gaélicas.

A *Orde de Orange*

A Orde de Orange ten actualmente, como se pudo ver estes dias, unha gran influéncia e poder entre os protestantes de Irlanda do Norte. Até non hai moito nengún protestante podía ser eleito para cargo de deputado se non era membro da orde. Fora fundada en 1795 para poñer freo as ideas da revolución francesa que, precisamente un protestante, Ton Wolfe, estaba a espallar entre os católicos, e para evitar o relaxamento das leis dictadas por Guillermo de Orange.

Actualmente preséntase como unha organización relixiosa que engloba a todos os protestantes, sexan anglicanos ou non, coa intención de defender o que teñen en común entre todos: o control político e económico do Ulster. A sua filosofia basease na liberdade de culto e no governo constitucional, princípios que foron asegurados pola constitución monárquica de 1690. De ai que o rei Guillermo sexa un símbolo para os protestantes irlandeses e o aniversário da batalla do Boyne (12 de Xullo) constituia o ritual central do ano.

As marchas

A finais de Xuño escomenza a "temporada das marchas", cada bairro e cada vila celebran a sua culminando todas o dia 12 nunha marcha central en Belfast. Os manifestantes portan estandartes nos que se pode ver a imaxe do rei Guillermo III, repetida unha e mil veces (xunto a outras con temas bíblicos). A máis frecuente é a imaxe que representa ao rei a cabalo e blandendo a espada, como volvendo a restaurar a orden e a relixión. Transformase así de lider militar en lider moral.

Esta simboloxía forma parte dunha linguaxe interna que non trata de convertir aos incrédulos, senón reafirmar aos crédulos, chamándoos á unidade contra un inimigo que non se nomea, pero que está aí agochado coma o demo, e ante o que hai que demostrar forza e poder, por iso se incluen as ruas católicas na marcha.

As procesións tamén reafirman a unidade (lealdade) étnica. O papel social dos protestantes está baseado nunha relación de reciprocidade co estado británico: somos leais a cámbio de que nos defendades.

As marchas veñen a confirmar, por outra parte que os protestantes son xentes estranas nunha terra allea. Afirman a sua identidade recuando aos tempos nos que conquistaron esa terra coa axuda de Inglaterra. A autorización de John Major de deixar pasar as marchas polos bairros católicos confirma que ese vínculo non se rachou aínda e que polo tanto non existe polo momento condicións para o diálogo. ♦

M. VEIGA

A duas horas de avión

Unhas das frases máis queridas polos méios de comunicación é a de que a guerra salvaxe da ex-Iugoslávia se produce a menos de duas horas de avión da segura e satisfeita Europa comunitária. Coma se a necesidade da ética se fose diluindo a medida que un se alonxa do vello continente. Coma se unha matanza de negros ou de chineses atentase menos contra os dereitos humanos.

A confusión de comunidades, étnias e bandas armadas dentro da antiga Iugoslávia e no interior da própria Bósnia non parece perxudicial para os estrategas da comunicación. A confusión é unha das características do mal. O inimigo sempre é descoñecido, escuro e incomprensíbel.

A guerra en Saraievo ou en Mostar ten ademais a virtude de resaltar a paz de aquí, a seguridade deste lado do continente; a virtude de lembrar o respeito e admiración que os cidadáns da UE deben aos seus governantes por permitirlle vivir sen arámios de espiño e sen fosas comuns. ♦

Mandela en London, de *demo* a aclamado

Nelson Mandela foi aclamado polo povo inglés na sua visita a London realizada a semana pasada. A xente normal foi a protagonista da segunda parte da sua visita e Mandela quixo agradecerlles o ter loitado pola sua liberación e pola extinción do réxime recista. Coas autoridades conservadoras rememorou episódios do pasado colonial, pero precisando que viña "como amigo". Recordou asi cando un representante do seu partido, o Congreso Nacional Africano defendeu no Parlamento británico a "necesidade de que o poder colonial os tratara como seres humanos". e a petición foi rexeitada.

Pero non hai rememontarse a comezos do século. Hai tan só unha década, Mandela era o demo para os conservadores ingleses. Margaret Thatcher afirmaba que a ANC era "unha típica organización terrorista" que nunca governaria. Durante o governo ds Thatcher o Executivo británico opúxose ás sancións contra o réxime racista volcando o seu apoio diplomático no xefe zulu Buthelezi. O parlamentário conservador Teddy Taylor chegou a dicer daquelas que se "deberia matar a Mandela". ♦

Os EEUU tamén penalizarán ás empresas que invistan en Líbia e Irán

O Senado dos Estados Unidos aprobou unha lei que penaliza ás empresas extranxeiras que invistan en Líbia e Irán por considerar que violan as sancións da ONU contra estes paises. Desde a Unión Europea considérase que, arremedando de novo a Lei Helms-Burton, os EEUU están a consagrar, de facto, o princípio de extraterritorialidade. Un dos defensores e autor desta proposta foi Edward Kennedy. O presidente iraquí, Sadam Husein, afirmou que o que están a buscar os EEUU é a hexemonia mundial por novos métodos coercitivos despois de ter rematado a guerra fria. ♦

Folga xeral contra o novo Governo Israeli

O 17 de Xullo tivo lugar en Israel unha folga xeral. Esta vez non foros os palestinos os convocantes, senón os próprios israelies. Pero a Policia Militarizada, adestrada na represión contra os palestinos, actuou tamén contundentemente contra os obreiros. A convocatória prodúcese porque o Governo de Benjamin Netaniahu quer subir o prezo do transporte público e cobrar unha suma adicional na Seguridade Social. Nesta ocasión non se sumaron ao paro só os afiliados ao Sindicato Único de Traballadores (Laborista) senón os grémios *nacionalistas* que apoiaron decididamente a Netaniahu nas recentes eleicións. ♦

Estaba a cidadania, pretas as filas, cuspindo impropérios contra a suxa besta asesina da ETA. Estaba cada quen seguindo as instrucións dos telediários, coma se dun parte de guerra se tratase. E agora descubren que, no entanto, o governo dialogaba cos terroristas através, nada menos, que dun prémio Nobel da Paz: Pérez **Esquivel**.

Airtel, compañia participada por vários bancos e dedicada a venda de telefonia móbil, convoca un soborno para xornalistas. Preséntase baixo a forma de prémio, dotado con dous millóns de pesetas, máis un accesit de médio millón, para artículos que "destaquen a importáncia da libre competéncia nun sector tan importante como o das telecomunicacións". O pior é que pode estimular a moitos á propaganda, para logo quedar sen **prémio**. Nótese a perspicácia da empresa que atopa un sistema moito máis eficaz que o de gastar os dous

O síndrome do cao-s

Nada hai de desaproveitábel no artigo do señor Cao do 11 de Xullo neste mesmo xornal. Se nun primeiro artigo, o do 30 de Maio, disimulaba a sua fóbia antifeminista cunha série de preocupacións pola cuestión demográfica, agora, sen máscara, aparece outorgando calificativos e facendo valoracións que ben nos podian facer pensar en que o autor pertencese á direita máis reacionária.

Esquence o señor Cao, cando afirma que nada lle interesa ao nacionalismo perder o tempo en certas "batalliñas", que o nacionalismo pretende non só governar este país senón, e fundamentalmente, contribuir á sua transformación, transformación que non será posíbel sen a liberación das mulleres. Que teme o señor Cao cando dubida e califica de insolidária, anti-revolucionária e antinacionalista a lexítima escolla individual de non ter fillos e fillas para a *patria*? Quizais o cao-s que iso traeria para o sistema capitalista no que vivemos, que precisa do noso traballo oculto, da nosa discriminación e subordinación para existir. Quizais o cámbio de papeis que teria que afrontar nunha sociedade na que as relacións entre homes e mulleres non se asentasen no "direito" que el outorga aos homes ("paisanos", na sua terminoloxia) de fundar unha família relegando (sen nengun tipo de terxiversación pola miña parte) as mulleres ao papel de sustentadoras dese fogar e necesárias reprodutoras. Quizais sexa certo (non llo nego) que todas as mulleres que nos declaramos abertamente feministas non sexamos ninguén en comparación coas "mulleres da aldea", mais, non nos vai negar o noso interlocutor que moitos dos direitos que esas mulleres hoxe teñen (entre eles o de votar) foron conseguidos tras unha longa loita do feminismo activo que debe continuar no seu camiño por transformar esta sociedade. Se algo é insolidário, señor Cao, con máis da metade da povoación que somos as mulleres, é non declarar-se feminista, se algo é insolidário, é non ver que sen a liberación das mulleres non haberá liberación nacional, que pouco teremos andado se nós continuamos a reproducir os vellos esquemas que nos perpetuan como amas de casa, recluídas no mundo doméstico, realizando un traballo

Se algo é insolidário, señor Cao, con máis da metade da povoación que somos as mulleres, é non declarar-se feminista

invisíbel e non remunerado que, non o esquezamos, trae moitas vantaxes non só para o sistema, senón tamén para moitos homes que hoxe gozan dunha posición privilexiada. Porque, claro que nós, as feministas, queremos que unha muller con fillos, ama de casa (no seu artigo, unha muller "normal", non gorda, fea, concienciada e atea), poida ser deputada. Por que hoxe, señor Cao, as deputadas, as mulleres que se dedican á política, á vida pública, son "anormais"? Por que non teñen fillos e teñen renunciado a outro tipo de vida persoal? Non será, señor Cao, que as mulleres casadas, con fillos, están detrás de todo o tempo libre de que dispón o seu home para facer o traballo público? Non desvie as cuestións, non confunda causas con efeitos e non manipule nen deforme a realidade.

A todo isto, eu pasei esta última semana en Vigo, nun interesantísimo curso sobre "Escribir en feminino. Poéticas e políticas". Ali houbo, por parte de público masculino e feminino, todo o que falta na sua exposición: sensibilidade, vontade, e, sobre todo diálogo. Mulleres brancas e negras, mulleres transparentes e escuras, mulleres azuis e de corazón vermello, mulleres Iris que foron talvez a ponte necesária ao outro lado, mulleres de cores diferentes á percura desa Voz silenciada, desa Palabra negada ao longo da História. Todas estas cores permitiron debuxar as situacións das mulleres nas diferentes literaturas e no mundo en xeral, insistindo na idea de unir teoria e praxe, poéticas e políticas. Nesta ocasión a voz das mulleres foi o arco da vella, a ponte que permitiu esvarar dunha cor a outra, do feminismo ao nacionalismo, do siléncio á língua, da realidade á Utopia. Alguns deberían saber que o feminismo é o camiño ao que conducen todas as encrucilladas, e ao que o nacionalismo, tarde ou cedo, terá que chegar, a pesares de todos os cao-s do mundo. Dobremente colonizadas, coma mulleres e coma galegas, dobremente desposuídas da nosa língua, da língua de nós-outras, percuramos recuperar a História que dobremente nos roubaron. Mentres alguns reducen a revolución ao feito de "parir un fillo en Samos", outras e outros entenden como Revolucionária a loita que liberará a máis da metade da humanidade e que levará consigo un cámbio radical

"Estase conformando unha zona xeográfica no Estado español, abarcando o cuadrante nordeste da península, coa inclusión de Madrid, de características moi similares á Europa desenvolvida que vai ser potenciada co ingreso no Mercado Común. O précio desta operación recaerá (...) en zonas xeográficas marxinais para o capital monopolista".

Terra e Tempo, voceiro da UPG (1977)

do sistema patriarcal no que se asentan o capitalismo e o colonialismo.

Remato xa cunha das imaxes máis fermosas utilizada neste curso: unha muller negra e unha branca percorren quilómetros e quilómetros en tren contemplando os campos de algodón. Mentres a muller branca se deleita na sua fermosura, a muller negra non pode deixar de ver esa outra realidade: a das escravas e escravos que fixeron posíbel, que levantaron, coa sua suor e a sua vida, aquela paisaxe. Diferentes realidades que parten de duas experiéncias vitais, a ollada da colonizada e a da colonizadora. Salvando as distáncias, tire a sua venda dos ollos e non nos faga responsábeis do descenso demográfico deste país, non vexa o feminismo como o seu inimigo e probe a incluír, dentro das suas pinturas, as cores de mulleres. Quizais un novo mundo o esté agardando.

GORETTI SANMARTIN REI
(COMPOSTELA)

Non ás clases de relixión católica nas escolas

Como consecuéncia da onda de conservadurismo que percorre este pais desde que Aznar e a sua equipa de governo tomou posicións, está a pretensión de facer obrigatória a asignatura de Relixión Católica ou História das Relixións (a escoller) deixando a un lado á tan importante asignatura de Ética que tanto nos ensinou aos alumnos que no seu tempo a escollemos.

Pero non contentos con isto, parece ser que tamén pretenden facer que coa nota que se saque nesta asignatura se avalie xunto coas outras matérias para que asi conste no expediente académico de todos os alumnos.

É vergonzoso que ás portas do século XXI aínda andemos a discutir sobre temas próprios da "evanxelización" (aniquilación) dos nativos que no século XVI aínda había en América.

Para comezar o que realmente deberian facer é programar unha clase de ética obrigatória para todos (pero sen que conste no expediente académico) e no que se inclúa nun dos seus temas a Educación Sexual en todos os cursos. Deste xeito os nenos irían crecendo cara á adolescéncia sen ser tan hipócritas como agora son os nenos católicos dos coléxios privados de curas para homes só, que despois de pasar toda a súa infáncia afastados dunha muller, en canto miran unha, pouco menos que a violan.

Por sorte para min eu xa rematai o COU este mesmo ano polo que eu xa non sofrirei as nefastas pegadas que deixará esta nova asignatura que pretenden implantar (nova non é porque a relixión xa era obrigatória na época do dictador Franco). Levo estudiando ética desde 7º de EXB e xa antes me consideraba Ateo (Que espanto, vou ir ao inferno!) Nestas clases ademais de aprender condutas cívicas de comportamento dentro da sociedade, tamén estudiamos os dereitos humanos, debatimos sobre os problemas do noso mundo (ecoloxía, fanatismo relixioso, rexeitamento aos homesexuais, desigualdade económica entre paises, ...) e colaboramos en campañas para loitar contra a xenofóbia mediante exposicións de videos e panfletos nas clases e moitas cousas máis que nada teñen que ver co feito de que a Bíblia sexa un *best-seller*, que as mulleres non poden ser curas porque ao ser cotillas non poderían gardar o segredo de confesión (comentário que lle escoitei a un cura nun intercámbio de clase antes de irme á de ética).

Deste xeito os nenos irían crecendo cara á adolescéncia sen ser tan hipócritas como agora son os nenos católicos dos coléxios privados

Cafetería
Restaurante
Derby

Avda. de Mugardos 3 ARES (A Coruña)

É necesária a regulación que limita o número de farmácias e o seu horário?

Alicia Panizo
Funcionária

Non vexo ningunha xustificación para que esté tan limitado o número de farmácias. Os farmaceúticos deberan ter moita maior liberdade, aínda que non tanta coma calquera tipo de comerciantes, xa que cumpren unha función social. Outra cousa distinta é a liberdade de horários, que tiña que ser total, dado o necesário servizo que dan á sociedade.♦

Carlos Rodal Diaz
Mariñeiro

Seria estupendo que poidesen ter liberdade comercial e rematase o actual monopólio. Unha farmácia é coma calquer outro negócio e todo o que posúa o título debera poder montar o seu. Ademais, terian que estar obrigadas a abrir os Sábados, porque coas de garda non chega. A abertura en Domingo, son os farmacéuticos os que deben decidila.♦



Salvador de Sas
Fotógrafo

Debe haber liberdade para que un farmacéutico que remate a carreira se poida instalar. Como calquer outro estabelecimento, é unha cuestión de oferta e demanda. Así evitariase a especulación criada e baixarian os prezos. Non pode ser que nunha cidade coma Vigo, con máis de trescentos mil habitantes, a partires das dez da noite só haxa unha aberta.♦

Luisa Muiños
Parada

Vexo ben que haxa unha regulación que límite as farmácias segundo a povoación. Con unha por cada dous mil habitantes é dabondo. O que non está tan ben é que non poidan abrir pola noite ou na fin de semana porque cando hai unha urxéncia hai que recorrer a cidade para atopar a de garda. Se non todas as que queiran, debera haber algunha máis.♦



Belén Chapela
Dependenta

É inevitábel certa regulación porque tampouco se necesitan tantas coma outro tipo de comércios. Creo que coas que hai agora, polo menos no centro de Vigo, é suficiente. Os horários de abertura actuais parécenme dabondo e non vexo a necesidade de que pola noite ou na fin de semana haxa máis farmácias abertas que as que están de garda.♦

Non pretendo cambiar o mundo pero si deixar ben claro o que eu penso, como un (ate hai pouco) alumno, ante tantos "papaitos" que, créndose na verdade absoluta, consideran que os seus fillos serán mellores se van a un coléxio de curas ou estudian Relixión Católica na escola.

Ademais, o que queira estudiar relixión católica que se vaia á igrexa, que na escola xa chega con velos rezar antes dos exames esperando a que lles baixe a Virxe María e toda a corte celestial para que lles fagan os exames por eles. Inxenuos.♦

ROMAN FERNANDEZ RGUEZ.
(VIGO)

Observatórios de aves da Xunqueira de Salcidos

Os abaixo firmantes, mestres da Guárdia queremos manifestar a nosa preocupación polo futuro dos observatórios de aves da Xunqueira de Salcidos.

Desde que esta zona foi recoñecida como refúxio de caza aumentou tanto o número de aves acuáticas que se puxeron dous observatórios de aves.

Éstes observatórios e a Xunqueira que os rodea son agora obxecto de visitas escolares. Como mestres entendemos que coñecer o entorno é básico para alcanzar outros coñecementos, polo que ás visitas á citania e ao monte Santa Tegra con todo o seu valor histórico e paisaxístico, engadíamos nos últimos anos as visitas os observatórios, para coñecer a riqueza da fauna e flora da zona, que ademais de formar parte do noso entorno, conta cun enorme valor ecolóxico. Cónstanos que este itinerário é compartido por centos de alumnos doutros centros da província.

Perguntámonos se se descoñece o valor da zona, cando vemos que se cortou vexetación sen motivo aparente, amplióuse nalgúns tramos a pista, lemos na prensa que se quere facer alí cerca un embarcadoiro para embarcacións deportivas... etc.

Non sabemos canto poden as aves e o seu méio soportar a presión humana, pero supoñemos que non moito, cando noutras zonas téndese a protexer areas singulares, precisamente pola súa fraxilidade. Pomos como exemplo as dunas de Corrubedo, onde hoxe existe un centro de recepción de visitas e miles de persoas (entre elas estudantes) visítanas o longo do ano.

Gostaríanos que se tivese en conta o valor natural da zona, en todos os proxectos e plans que haxa sobre ela e que algún día, en vez de desaparecer, sexa tan visitada como Corrubedo e sexa centro de estúdios para amantes da natureza.

MESTRES DA GUARDIA
(SEGUEN 47 SINATURAS)

Tedes razón, non é o terceiro mundo

Explicome, hai días perdendo o tempo pola miña cidade, Aldea Grande, vexo para un valado e leo un cartel no que se pedía roupa para o terceiro mundo, neste momento pergúntome onde estou vivendo eu como se chama? Empezo a pensar e veñen a o meu miolo moitos arranxos que esta Nación Galega precisa de inmediato, entre algúns deles cito estes pouquiños, empezando pola cidade onde eu resido Vigo.

Temos unha Sanidade que é de risa, digo de risa porque o de chorar ven despois cando un se pon enfermo. Se hai sorte e che dan entrada no Hospital es afortunado, e se non para casa e esperar, o que conleva que cando o paciente é chamado para ingresar no Hospital non é o primeiro caso que xa está morto.

O traballo que é tan imprescindíbel para o ben estar dos traballadores, tanto como para a economía do pais, dentro de pouco deixará de existir e por consiguente haberá que suprimir a palabra traballo dos diccionarios.

Nesta cidade xa hai moito tempo que non se pode circular

A limpeza xa hai moitísimos anos que non existe. Polos camiños, ruas e outros currunchos da cidade abunda toda clase de suxedade, destacando os plásticos e principalmente iso famoso de non te vaias deste mundo sen probar pipas Facundo. Das praias, ninguén negará que en calquer recanto podes topar un perservativo e, por riba da auga, esas frores que se chaman compresas, aconsello non nadar coa boca aberta, pois córrese o risco de tragar calquer cousa que non seña auga.

Nesta cidade xa hai moito tempo que non se pode circular. Os atascos existen a todas as horas do día, os aparcadoiros nas beiras da cidade son moi necesários e loxicamente precisase un servício público de transporte a disposición de cidadáns e visitantes con rapidez e comodidade, cousa que no actual servicio público do que dispoñemos non existe, e por ende, uns axentes con capacidade para manter a cidade no orde necesário para manter as reglas da circulación, e non uns señores que saen as ruas co ánimo de meter multas ou chamar a grúa para retirar un veículo, en suma uns verdadeiros profisionais e non calquer persoa que nun momento dado dispón dun carnet do partido político no poder. Ainda que non todos os axentes entran no mesmo saco.

Nesta aldea grande chamada Vigo, despois de 24 anos de estancia nela, non vexo nen estradas nen rúas, o que se dí rematadas. A unhas sóbranlles luces, outras precísanas, para poder ver os socavóns, e que os mandaríns de turno esperan unhas novas eleicións para parchear.

Servícios públicos. En Suiza, na cidade na que eu residín, puiden observar como abundaban os retretes públicos e seguramente había de máis. Pero neste Vigo onde eu me criei recordo, cando a povoación era aproximadamente de 50.000 habitantes, que non contábamos con moitos, pero algúns máis habia. Hoxe obrigase aos viandantes a ter que entrar en bares ou cafés para facer unha necesidade e, en moitas ocasións, vémonos na obriga de tomar unha consumición que ás veces non é apetecíbel. Non é mentira que moitas veces calquer currúncho no centro da cidade vale como contribuinte reclamo dos responsábeis dos servícios públicos na cidade e arredores da mesma.

É necesário criar máis escolas e que estas estéan dotadas de persoas capaces de implantar un sistema educativo, para que ás futuras xeneracións sexan persoas civicamente formadas pois, isto é importantísimo para o artellamento do pais.

Por último, despois destas reflexións que fago eiquí, pero pensando en Suiza, só me queda despertar do meu sono e dicerlle aos mandaríns de turno que nunca serán capaces de facer

millóns e médio directamente en publicidade.

Carlos Núñez, xoven gaiteiro de sona, di en *El Pais* que, a medida que gravaba o último disco, sentíase "facendo música española coa gaita" e que o repertório vocal de Galiza "ten xiros, armonias e adornos do Sul" e que hai un *alalá* "que se parece ao martinete andaluz". Ou sexa que para sair nese periódico non serve con ser galego a secas, exixen un **auto de fé** flamenca.

UGT emite un comunicado criticando as medidas liberalizadoras do Ministro Romai Beccaria. E logo non se deran de conta xa cando era **Conselleiro**?

A bolsa baixa cando aumenta o benestar social, porque os investidores collen medo de que aumente a inflación. Disto dedúcese que para saber como vai a economia é máis eficaz facer un mostreo entre tres ou catro veciños que fiarse da subida e baixada das **accións**.

En Monforte emiten duas televisións locais.

Pero non hai notícias para tanta voracidade. Os xubilados canean as cámaras, fuxen dos entrevistadores, cada mañá e cada tarde, para non ser **coello** de índias da programación.

Coas tapadeiras de bolígrafos *Bic* e certa maña pode un falar gratis desde algúns teléfonos. Sábeno os estudantes. É un xeito de **socializar** o que outros privatizaron.

"Quen é máis **eficaz** *Argentaria* ou o *Banesto* de Mario Conde?", perguntouse o dirixente da UGT Ricardo Martínez, na concentración de delegados celebrada en Madrid. ♦

as cousas ben. Non teñen capacidade e ben o demostrou ultimamente o governo municipal de Vigo ao renunciar ás peticións veciñais con respeito ao tema de Samil, cousa que é de todos e nón somente dos especuladores que fixeron desta cidade un desastre urbán en medidas incalculábeis.

E pola miña parte recoñecer que fan ben pedir para o terceiro mundo, porque esta Aldea Grande chamada cidade de Vigo, pertence ao cuarto. ♦

XOSÉ DOMINGUEZ
(VIGO)

Libéria, baixo as cores de America

Aínda existe un país chamado Libéria no continente africano e refírome nestos termos polas máis que minguadas magnitudes económicas que teñen. Nestora os procedementos corrosivos do capitalismo desunirn á humanidade coa economía. Libéria e unha criación feita nos EUA co suposto móbil filantrópico de levar os escravos ás suas orixes. Deste xeito cos negros, os governos ianquis decidiron montar un enredo imperialista cos condicionantes históricos precisos para que se rematase na desfeita: A dominación exercida polos colonos acabados de chegar contra os aborixes e un racismo dos negros contra os negros, patrocinado polos ianquis. Isto móstranos que o racismo non ten a sua orixe na superioridade dunha raza sobre outra, xa que o racismo xurde cmo unha xustificación filosofico política derivada dunha estrutura de exprotación escravista dentro dun sistema de producción feudal semicapitalista.

En Libéria instaláronse tan só 15.000 libertos (1821) nos arredores da beiramar, grácias o apoio dos canóns dos navíos ianquis, mantendo a maior parte do país nun estado de salvaxismo bravo. Anos despois e coa introducción do cultivo da hevea (caucho) o asoballamento económico dos EUA tomou a fasquía típica da implantación imperialista. Coa descolonización do continente, Libéria converteuse no escaparate da compangada seudodemocrática que os ianquis desexaban para que emulasen todos os povos africanos. Querian que fose un exemplo de como os dirixentes e as masas populares non se deixaban tentar polas ideas revolucionárias marxistas ou nacionalistas que agromaban daquela. Abofé que ninguén o tomou moi en sério, pois Libéria é un país extrano a tradición historica de África. De primeiras temos a existéncia dunha aristocrácia colonial negra co acervo cultural dos brancos, o dolar como moeda oficial, unha bandeira cos cores do estandarte EUA, unha constitución fabricada en Harvard, mesmo a arquitectura urbana aseméllase a do Sul de ianquilándia.

Temos o dolar como moeda oficial, unha bandeira coas cores do estandarte EUA, unha constitución fabricada en Harvard, mesmo a arquitectura urbana aseméllase á do Sul de ianquilándia

Libéria nos anos 70 foi un modelo de estabilidade. Desde logo que a estabilidade asentábase na corrupción capitalista máis enfogueirada. Por exemplo o mesmo presidente do país Tolbert tiña un irmán traballando de conselleiro de facenda, unha filla conselleira de educación, un sobriño governador do banco nacional, uns xenros conselleiros de defensa e obras públicas, ate o cuñado tiña a sinecura da alcaldia de Monrovia. No ano 1980 un sarxento analfabeto instalábase na presidéncia mediante un golpe de estado "purificador" onde a CIA manexaba os fios da trama. Coa chegada de Doe, os Liberians comenzan a pasar as de Caín. En 1985 unha tentativa fracasada do xeral Quiwomkpa saldase co asasinato de seiscentas persoas. No 1990 trunfa un levantamento guerrilleiro do maior Taylor. Doe foi executado. Pouco despois enviase unha forza de paz (CEE-AO) co visto bó dos EUA e os governos conservadores da zona, a cal vai obstruir o acceso dos guerrilleiros ao poder. A política ianqui non impuxo a paz nestes anos eo prolongamento artificial do conflito armado ten destruido a sociedade civilizada, xeralizandose os padecementos do povo: 800.000 refuxiados e desprazados e decenas de milleiros de mortos, é a colleita derradeira de todo ese veleno ianqui.

Poño termo a disertación cunhas verbas recollidas dun artigo do profesor X.M. Beiras: O *American Way of life* leva enxendrado moita máis miséria no planeta do que fartura no seu próprio embigo. ♦

GONZALO BLANCO VAZQUEZ
(OURENSE)

Resistir

O mar escribe na tua pel
a sua história
e ti, deixas a tua vida
nas suas entrañas,
mariñeiro;
e ti labrego
que cas tuas mans
agarimas a terra
e co sudor da tua testa
as regas,
sodes alma do meu país
por iso tedes que resistir

XOSÉ LUIS NUÑEZ CALIXTO
ACEA DA MA (CULLEREDO)

Visita ao museo Domus da Coruña

Son filla de emigrantes galegos residentes en Francia e cal non foi a miña surpresa ao comprobar no museo Domus da Coruña que nos folletos informativos aparecia un texto do señor alcalde da Coruña, Francisco Vazquez, en inglés e en castelán esquecéndose sintomaticamente do idioma cooficial da comunidade onde está este museo.

Esta actitude contrasta, por exemplo, coa imperante en Cataluña, comunidade na que residin, onde se leva a cabo unha política de apoio e promoción a própria cultura catalana. Nembargantes, o alcalde de A Coruña, no máis puro estilo reaccionário, semella practicar unha política contrária aos intereses do povo galego tratand de aniquilar os sinais de identidade desta Terra. Estes políticos "cuneiros" que tentan equiparar Galicia a unha simples "región" e que minusvaloran continuamente o rango constitucional de nacionalidade histórica, merecerian pasar a posteridade coma os sempiternos caciques que tanto levan mancillad a esta terra nosa. ♦

Minusvaloran continuamente o rango constitucional de nacionalidade histórica

CRISTINA MARQUEZ MTNEZ.
(PARIS)

SUBSCRÉBASE A NOSA TERRA

Nome ..... Apelidos .....
Enderezo .....
.....
Cod. Postal ..... Teléfono .....
Povoación ..... N.I.F. .....
Provincia ..... País. .....

Suscrébome a *A Nosa Terra* (incluidos os *Cadernos de Pensamento e Cultura*) por un ano/semestre ao prezo de:

Galiza/Estado/Portugal ..... 9.000 pta./ano ..... 4.500 pta./semestre
Europa 10.920
América e resto do mundo 13.080

a) Subscricións para o Estado español
☐ Talón bancário adxunto
☐ Reembolso (máis 130 pta.)

b) Para o resto do mundo
☐ Cheque bancário adxunto
☐ Xiro Internacional a nome de A NOSA TERRA. Apartado 1371 Vigo.

PAGO DOMICILIADO. COBRIR OS DADOS DO BOLETIN ADXUNTO.

Banco/Caixa de Aforros .....
Conta ou Libreta ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐
Titular .....
..... Nº Sucursal .....
Povoación ..... Provincia .....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

DATA ATENTAMENTE (SINATURA)

(Remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en maiúsculas)

A INFORMACIÓN QUE PAGA A PENA TER

CANTINA MEXICANA



RUA MARTIN CODAX - VIGO

A memória do 36, glória e dór dun tempo que ia mudar o país

Só algunhas agrupacións culturais fixeron actos de comemoración

XAN CARBALLA

Un fotógrafo correu ao laboratório nos dias de sangue de Xullo de 1936. Colleu as placas de cristal e estrelounas nunha praia perdida contra as rochas para que a policia non recoñecese á xente que ia aos actos políticos. Pasados 60 anos só podemos recoller algunhas pezas daquel puzzle destruido. Anacos de dignidade, glória e heroismo. Na próxima semana os *Cadernos A Nosa História* recollen 13 biografias daqueles republicanos que estaban mudando a face de Galiza, e dos que ainda ecoa o seu maxistério: *Os mártires do 36*.



O 25 de Xullo sae á venda un novo caderno de A Nosa Terra adicado a reivindicar a memória da esperanza rota polos golpistas en 1936.

Non é un aniversário máis. É un dos derradeiros nos que a memória viva dos protagonistas poden dar testemuña do que pasou na Galiza en 1936. Se a Guerra Civil española ten sido o conflito bélico que máis bibliografia ten deitado, algunha explicación cabal temos que darlle ao feito de que apenas ninguén se ocupe do papel singular que viviu Galiza desde o 18 de Xullo, onde se pode rastrear con toda precisión en que ia consistir o Golpe Militar ideado por Mola e Franco como cabezaleiros. Porque en realidade en Galiza non houbo Guerra, só houbo extermínio e despois unha resisténcia guerrilleira que non finalizou até 1964: 30 anos despois!!

A espranza de que esta situación poda mudar só se pode ter, visto o sucedido nestes anos, nas iniciativas de base, na teima dalguns historiadores que contra vento e maré, e ante o mirar para outro lado das institucións universitárias, foron recollendo pedazos de realidade cos que armar a memória do noso pasado.

O triste xa non é dar conta, con nomes e apelidos, das vítimas e as circunstáncias das suas mortes incomprensíbeis. Nen sequer que a xente pase por diante do convento de Celanova e non saiba que foi unha prisión espantosa, ou que olle con arrebol a Illa de San Simón e descoñeza que era campo de concentración e extermínio, ou que os buratos de certas pedras da Porta de Sol de Vigo sexan as marcas das balas que deixou o sublevado Capitán Carreró cando ordeou disparar contra os cidadáns demócratas que querian arrincarlle o Bando golpista.

O triste é que, nen sequer se saiba que momento decisivo estaba a vivir Galiza, e con que saña foron arrincadas as vidas de persoas de todo espectro político, dirixentes, cadros e militantes de base de todos os partidos democráticos; como foron destruidos sistematicamente todos os sindicatos e eliminados fisicamente os seus dirixentes. Como se foi construindo, baixo a ditadura, no exílio e nos montes, na clandestinidade e baixo a represión, un movemento que ao chegar os anos 70 ignoraba practicamente os nomes dos seus pais democráticos: Castelao, Heráclio Botana, Alexandre Bóveda, Xaime Quintanilla, Benigno Álvarez, Xosé Villaverde,...

> En Galiza non houbo Guerra, só houbo extermínio e despois unha resisténcia guerrilleira que non finalizou até 1964: 30 anos despois!!

Que pasou aqui?

O caderno Os *mártires do 36* recolle traballos basicamente biográficos de trece persoas que percorren todo o espectro político aniquilado polos sublevados. Desde un Pérez Carballo, morto como todos os governadores provinciais por manterse na legalidade republicana, ao xornalismo en timbre de ouro de Manuel Lustres Rivas, Roberto Blanco Torres ou Johán Carballeira, pasando polas biografias do comunista Benigno Álvarez, os socialistas Heráclio Botana e Xoán Xesus González, o agrário Enrique Jaso, o director de *A Nosa Terra* e dirixente do Partido Galeguista, Vítor Casas ou o crego Matias Usero.

Galiza viña de aprobar o seu Estatuto de Autonomia o 28 de Xuño, limitado quizais, pero na altura e co Frente Popular recén gañador das eleicións e un movemento social en crecemento constante, estaba en condicións de mudar a face do país. Resulta patético mergullarse nas hemerotecas e contemplar os debates que, mesmo sobre unha cuestión como a Autonomia, se realizaban nos xornais da época. A sensación de que o relóxio se detivo asáltanos de contado.

Como se afirma no editorial deste traballo "pasados vinte anos de restauración democrática atopámonos practicamente no mesmo lugar en canto ao estudo do verdadeiro calado da depuración criminal. (...) Ainda non se resolveu plenamente o aceso aos arquivos oficiais; os fondos do exército, garda civil ou policia continuan sen a transparéncia necesária e os seus documentos gárdanse coma botin de guerra".

A experiéncia editorial de *A Nosa Terra* hai dez anos, (cando se esgotaron duas edicións de *O 36 na Galiza*)é que todos queremos saber que sucedeu e tirar as lecións con liberdade e sen lobotomias do pasado. Agora publícase *Os mártires do 36* e nas próximas semanas dous libros que petan na mesma conciéncia: *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* e *O siñor Afránio ou como me rispei das gadoupas da morte*, a épica fuxida polos montes galegos do deputado agrário e nacionalista galego Antón Alonso Rios, que anos despois seria Presidente do Consello de Galiza. Cantos nacionalistas de hoxe coñecen esta figura enorme e este libro apaixoante?♦

Diabos

VITOR VAQUEIRO

O acaso deitou nas miñas mans un exemplar do xornal *A Tarde*, da cidade brasileira d'A Bahia con data 22 de Xuño do ano que anda -a data é importante: é do tempo presente. No xornal pode ler-se que o comerciante de Tatuí, A.P.L., viase mergullado en fondas dificuldades económicas. Coa arela de mellorar a sua sorte, consultou co Diabo. O Diabo, verdadeiramente, era Joel da Silva Rodrigues, de 52 anos, que, nunha cerimónia realizada no mato na que se apresentaba embrullado en fumaza, producida por pólvora e enxofre queimado, esixiu a A.P.L. que lle fixera entregue da sua muller e dos seus bens. En troca, o Diabo forneceu-lle ao seu servo números para sorteos dunha lotaria na que, sen sombra de dúbida, haberia de sair agrazado. O comerciante cumpriu pontualmente o mandado do Demo. Deu o que se lle pedia e, coa regularidade esixida, participou no xogo. Xamais gañou na dita lotaria.

O acontecemento e o que semella fe insubornábel nos poderes do Outro, fixeron-me recuar até os anos '60, traendo á miña lembranza un poema, da autoria de Felix Grande, titulado *Concepción Oconto*, no que o poeta dá conta dun feito arrepiante. Concepción Oconto foi -utilizo o pasado, embora descoñezo a sua traxectória posterior, que intúo desditosa- unha índia peruana, da viciñanza do Cuzco, que matou ao seu home a machadazos. O devandito home sofria catalépsia e Concepción Oconto vira como morria falsamente e, a seguir, como resucitaba, en catro ocasións. Convencida de que o home co que partillaba a sua vida estaba posuído e era vítima do poder do Maligno, despois da aprobación do pertinente *consello de família*, decidiu restabelecer-lle a paz perdida e acabou coa sua vida.

Entre ambos os dous seres hai un fio comun, o da crenza nas forzas infernais que rexen a nosa vida, o da ignoráncia -que seria obscena, se non fose dramática. Entre ambos os dous seres non parece alviscar-se -mália a auséncia de morte no primeiro caso- nengunha diferéncia cualitativa, xa que acredito con total certidume que esa persoa anónima que se agocha tras das siglas A.P.L. houbera sacrificado á sua vítima, se asi llo demandase o Adversário, coa mesma pulcritude que Concepción Oconto. Mentres, os verdadeiros adversários sorrin en escritórios e comisarias de Brasilia ou de Lima, cumpliciados co amigo americano, argallan, no planalto, os negócios da coca, e arranxan o asasínio de nenos esmolantes que perturban, coa sua presenza mísera, as areas de Copacabana e Ipanema, que me perdoen Vinicius de Moraes e a sua garota, que hoxe, se non a balearon os escuadróns da morte, terá a pel engurrada e cabelo prateado.♦

A CIG convoca as II Xornadas de Debate da Emigración

Celebraranse os dias 23 e 24 de Xullo

Por segundo ano consecutivo teñen lugar as xornadas de debate da emigración que neste ano lembran cunha mesa redonda o 40 aniversário do Primeiro Congreso da Emigración galega celebrado en Buenos Aires, e no que intervirán Xoán Martínez Castro, Maria Vilaverde, Elixio Rodríguez e Isaac Diaz Pardo.

A estrutura das nornadas componse de conferéncias e mesas redondas, que se abren co tema "Cultura, meios de comunicación e emigración", na que están presentes Amália Durán (corresponsal da Radio Galega en Bahia), Ramón Maceiras (xornalista galego en Caracas), o escritor Carlos Penelas, Carlos Xohán Diaz e Alfonso Euiré.

Outros temas a abordar son a emigración galega en Europa e América, canles de participación da emigración, e conferenciarán Alexandre Castanheira sobre "Portugal, país de emigración" e Arturo Cuadrado sobre o 60 aniversário do Estatuto de Autonomia.

Durante os actos estará aberta a exposición fotográfica sobre Xosé Velo Mosquera, que será apresentada polo exiliado galeguista Elixio Rodríguez. A clausura realizarana os alcaldes de Oleiros e Cangas e o secretário confederal da CIG Manuel Mera.♦

■ Convocan o Festival de Música Moderna de Paredes de Coura

Xa se coñece o programa completo do festival de Paredes de Coura que terá lugar na praia fluvial de Taboão, os dias 2, 3 e 4 de Agosto. Desta volta interveñen como bandas estranxeiras os ingleses *Shed Seven* e *Raincoats*, os galegos *Sex Museum* e *Killer Barbies* e os portugueses *Mão Morta*, *Lulu Blind* e *Repórter Estrábico* entre outros. A animación diurna deste festival será composta por unha feira de venda de camisetas, discos e fanzines, e tamén de deportes radicais (ciclismo todo terreo, saltos con corda eládtica), saltimbancos, acróbatas e un espectáculo de ultralixeiros. O billete para os tres dias de festival custa unhas 800 pesetas e dá direito a aloxamento no Parque de Campismo de Paredes de Coura. Pódese obter máis información no teléfono (07-351-51) 799610.♦



■ Exposición do cubano Leonel López

Con case 80 anos, o cubano Leonel López, pendura no Pub Dublin (Matin Codax-Vigo) unha mostra da sua obra pictórica. López, autor dtamén de oito novelas, ten unha obra debedora en certo senso de Picasso e dela ten dito Raymond Pointu que "non pretende cos seus cadros alucinar através dun surrealismo maníaco e, sen embargo, fíxanse na retina e na lembranza como monstros goyescos".♦

LALO R. VILLAR

■ Lalo Villar expón *Mambrus á Guerra*

O fotoxornalista Lalo Villar — habitual nas páxinas de *Diario16 de Galicia*— ven de abrir na Sala da Casa das Artes de Vigo, a sua exposición *Mambrus á guerra*, unha mostra das fotografias que realizou durante un ano de traballo no estádio de Balaidos. Lalo Villar recibiu o ano pasado o Prémio da Fundación da Liga Profisional á mellor fotografia de fútbol do ano. A exposición está aberta até meados de Agosto, antes de comezar a circular por diversas cidades galegas e do Estado.♦

■ As vangardas galegas na Alemaña

Unha conferéncia do profesor galego Carlos L. Bernárdez, sobre "A vangarda na Cultura galega", na Universidade de Trier, completa unha semana de actos nos que tamén se abordara a guerra civil desde a perspectiva galega, coa conferéncia "18 de Xullo do 1936. Fin dunha esperanza?" que impartirá Eudósio Álvarez, autor do estudo "Estatuto de Autonomia do 36: perspectiva xurídica".♦

■ Manual de Galego para Oposicións

A editorial Bahía ven de editar un manual elaborado por Ramón X. Beltrán Carballeira, dirixido a aquelas persoas que están a preparar oposicións para a Administración Pública Galega, ademais de ser unha boa axuda para as interesadas en mellorar o coñecimento do galego cun manual rápido de consulta de dúbidas. O traballo ten capítulos de Gramática e Ortografia, un apéndice de vocabulário específico de léxico admnistrativo, e un solucionário dos numerosos exercícos prácticos que plantea.♦

■ Volve a Romaria a Santa Mariña do Seixo

O sábado 20 de Xullo terá lugar un ano máis a Romaria a Cotobade, na serra máis alta de Pontevedra, onde se embican os concellos de Cotobade, A Lama, Forcarei e Cerdedo, sendo unha verdadeira xuntanza social das xentes da Montaña. Segundo informa **P. Mariño** neste ano por primera vez se poderá admirar ás vellas pandereteiras de Caroi e Corredoira e na feira das vacas vellas aos gaiteiros de Cambeses. Os romeiros poderán descobrir as marabillas da serra do Seixo: neveiras como a da freixa da Cambadosa, mámoas como a milladorio, e por todo o entorno verá bestas bravas, potriños, vacas e xatos. O momento culmé é ás 13 horas, en que chega a ara do altar traida por un viciño ao lombo dun cabalo.♦

■ Convocan o *Barco de Vapor*

Chega á sua 13ª edición o certame máis prestixiado, xunto co Merlin de Xerais, da literatura infantil en galego. A Fundación Santa Maria oferece dous prémios de 1.000.000 e 200.000 pesetas para obras que deben ter un mínimo de 50 fólios, en galego normativo. O prazo final de entrega de orixinais é o vindeiro 15 de Novembro. O tema é libre pero dentro do xénero literário da novela.♦

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

Leituras

Extraordinário, extraordinário

Título: Confusión e morte de Maria Balteira.
Autora: Marica Campo.
Editorial: Bahia.

É Marica Campo muller á que non arreda desafío e que ten saído con éxito de empeños que a levaron polo mundo da poesía —desde as colaboracións coa Nova Música Galega e **Tras as portas do silencio**— e da dramatúrxia. Mais, ate hoxe, non tiveramos oportunidade de desfollar un amplo ramallo da sua producción narrativa. Agora podemos facelo en esta **Confusión e morte de María Balteira**: conxunto de doce relatos que comentarei desde a convicción de estar recomendando unha leitura que a ninguén desagradará e a moitos sorprenderá. Mália unha dilatada e recoñecida solvéncia narrativa é desde este pasado mes que podemos enxuizar os seus relatos sen a dispersión da oportunidade. O mesmo relato que dá título ao libro foi premiado no ano 1.989 no certame literário "Meigas e Trasgos" de Sárria. Asimesmo foron tamén premiados en ese certame *A lenda do loiro galán dos ollos de auga* (1987), *Soliloquio dunha xacia* (1993), *O trasgo no Caribe* (1988) e *Confesión póstuma dunha meiga en chuvia e soño* (1.986), tres levaron o primeiro prémio e dous o segundo, pero a verdade é que non hai nengunha diferéncia na cualidade da factura, e esta non se resinte tampouco nos relatos non premiados.

Marica Campo.

O universo que está detrás de todos eles, o seu trasmundo, é basicamente feminino e profundamente poético. Non quero dicer que se trate de prosa poética, non, ainda que hai veces nas que se está ben perto. Senón que a sensibilidade que rebordan os discursos e a perfección do microestilo —estilo frasístico— levan a pensar na poesia: arte onde a palabra adquire toda a forza en cada unha das suas dimensións, onde se precisa a palabra que é necesária e nengunha outra serve, onde o desnecesário é lastre inútil. Quérese dicer que, abrindo o libro ao chou cantas veces se queira, un vai obter a mesma e poderosa sensación de pracer lendo calquera das suas liñas. Unhas liñas que fan lembrar a Fole e mesmo a Poe. Son o complemento feminino do trasmundo de Fole e chegan á angústia própria de Poe coa salvedade de que, este ramallo de relatos, non son representativos do sentir individualizado senón das crenzas máis fondas e telúricas dun povo. Tendo, polo tanto, a virtude de non caer no típico relato costumista de lendas e milagres pagáns, relatos superficiais e simplificadores só bos para guias turísticas de pouco fuste. E tampouco se quedan en relatos de cousas curiosas e interesantes nas que a xente cria antes da luz eléctrica. Moitos dos relatos teñen unha indubidábel e comprometida conexión co mundo actual. É de xustiza destacar *Unha meiga en "Albinoni"* e *Cronóforos*, aínda que *O trasgo no Caribe* e *Lavandeiras nocturnas* o rigor nos impida deixar de mencionalas, como as máis orixinais. E sáibase que esta temática, perenne nos séculos e en nós, non é das que máis doadamente permiten orixinalidade.

Pero, sobre calquera dos relatos, sobresae *A Cantadora de Contos*: esa marabilla breve, intensa, poética, intrigadora. Lembra as **Cousas** de Castelao: moita sensibilidade e saber se agachan en quen con poucas liñas logra densidade semántica tal. Ademais, é este relato o complemento e integración ideal de todos os anteriores. Durante moito tempo parece que o título do libro é ese como podia ser o de calquera outro relato. Mais no penúltimo (*Mulleres no Camiño*) volve aparecer a Balteira e un pensa na disposición cíclica, na visión cíclica da história. Xa temos un pequeno fio comun, ben perceptíbel. Que se fai máis intenso lendo o derradeiro: *A Contadora de Contos*. Agora chegamos á inevitábel conclusión de que esta non é unha simple colección de relatos. Hai algo máis, mesmo algo máis ca esa visión cíclica. Hai didactismo, o afán de ensinar a lección que nunca se debe esquencer. A lección da memória íntima de nós, onde algúns relatos conectan moi visibelmente cunha tradición celta (*O cervo e a lúa* e *A fada* contan motivos tradicionais do mundo celta sobre os que se poden atopar tantas versións como Terras) que por outro lado seria imposíbel evitar en temática tal.

> Debo dicer que se trata dun dos **mellores libros de relatos escritos nos últimos vintecinco anos**, que ten, hoxe mesmo, a altura de un clásico

Ao estar dotado, o conxunto de

a nova

GALICIA ENTEIRA

Xosé Luís Laredo Verdejo

Actualizada, nova edición, novo formato

- *12 tomos.*
- *A guía máis vendida en Galicia de tódolos tempos.*
- *Unha xa mítica guía do país, renovada e actualizada.*
- *Con abundante información práctica.*
- *Para viaxar por Galicia coñecéndoa palmo a palmo.*

Á venda:

1. FISTERRA E COSTA DA MORTE
4. RÍA DE VIGO E BAIXO MIÑO

XERAIS

conta de libros



As novelas da Guerra do 36 e do franquismo

Bibliografia de la novela de la guerra civil y el franquismo é un libro de libros, máis concretamente das novelas que xurdiron a partir destas duas etapas continuas que o cuparon máis de corenta anos. O autor, Carlos Fernández Santander, oferece un resumo dos títulos que considera máis notábeis no cumprimento dos sesenta anos do início da guerra. Publicado por Ediciós do Castro, este traballo divídese en novelas con argumento galego ou autores galegos, novelas da guerra civil, narracións e relatos curtos e novelas sobre o franquismo.♦

Os últimos relatos de Alfredo Conde

A casa de Adara é o título do último libro de Alfredo Conde e dun dos oito relatos que o forman. Editado por xerais, o libro comprende *confesión de parte*, *A morte de Blas*, *O loro de Baracaldo*, *A cidade de Alameda*, *Aires de triunfo*, *O proído*, *Cubita la bella* e o que dá nome ao libro. Segundo o autor, o fio dos relatos é comparábel ao do ciclo vital.♦

Pel da ameixa de Marta Dacosta

A poeta Marta Dacosta gañou o Prémio de Poesia *Miguel González Garcés* da Deputación da Coruña, con **Pel de Ameixa**. Marta Dacosta amosa na sua poesia os anceios persoais e recupera as verbas da problemática social e non elude afirmar que os textos "foron escritos durante os anos 1993, en que estoupou, por primeira vez con violéncia, o conflicto das volantas, e o 1994". O libro está ilustrado por Xavier Correa Corredoira.♦

O gañador do Premio Edebé de Literatura Xuvenil ao galego

Xosé António Neira Cruz traduce ao galego **O diccionário de Carola**, da asturiana Carmen Gómez Ojea, gañadora do Prémio Edebé de Literatura Xuvenil. O libro conta a obsesión de Nila, unha moza solitária, por coñecer a anterior proprietária dun diccionário de latin que ela mercou de segunda man. A autora xa recebeu outros prémios como o Nadal en 1981 e o de poesia Carmen Conde.♦

Leituras

relatos, dunha intencionalidade clara e didáctica, esta **Confusión e morte** aparécese como unha publicación *necesária* e non *ocasional ou froito de compromiso*. Isto dalle máis valia.

Polo demais é obrigado facer constar a preséncia do constante fragmentarismo. Fragmentarismo tan fragmentário que algunha vez leva a pensar, falsamente, nunha escrita descoidada. Pola contra, Marica Campo utiliza omnisciéncia total e narrador protagonista ben compaxinados e sen fisuras, manexando o tempo de xeito moi adecuado á trama para lograr finais nos que non se dilua a intensidade do relato. Facendo gala tamén dun vocabulário rico e usado con precisión. Tanto en periodos longos como en periodos breves o seu estilo non decae en momento algun. Mesmo o recurso ao resume, que tantas veces é unha trampa ou ventá de socorro, aqui está perfectamente integrado e dominado.

Agora veremos se as técnicas de marketing lle provocan traduccións ou non. Agora veremos se consegue unha difusión acorde coa sua altura estilística. Agora eu debo dizer que se trata dun dos mellores libros de relatos escritos nos últimos vintecinco anos, que ten, hoxe mesmo, a altura de un clásico —e boa compaña atoparon Fole, Dieste, Castelao, Otero, Ferrín...

Desde agora estamos desexando xa unha nova entrega de Marica Campo —é admirábel o coidado con que os escritores que van xurdindo presentan as suas obras— aberta a outra temática onde o fragmentarismo non sexa recurso tan imprescindíbel e o discurso flua con naturalidade, con esa naturalidade que ela sabe tan ben imprimir no seu contar.

Para finalizar fáiseme necesária unha sincera e efusiva palabra dirixida á autora da que só unha vez vin unha foto: *Parabéns*. E dar as grácias á amabilidade da man que me fixo chegar esta preciosa leitura. ♦

XOSÉ M. EIRÉ VAL

Os anarquistas de Penelas

Título: Los gallegos anarquistas en la Argentina.
Autor: Carlos Penelas.
Editorial: Torres Agüero, editor. Buenos Aires. 1996.

O meu amigo Carlos Penelas tivo a xentileza de enviarme desde Bos Aires o seu recén publicado libro *Los gallegos anarquistas en la Argentina*. Eu supoño que algúns preguntarán que fai o poeta Penelas escribindo sobre os anarquistas *gayegos* nas terras arxentinas. A resposta é moi doada para aqueles que coñecemola honrosa traxectoria do lírico da Espenuca. As páxinas do libro están cheas de amor e de coñecemento para o esforzo duns galegos que por medio da loita e do compromiso social intentaron facer máis digna a súa vida na emigración.



O 6 de setembro de 1930 comeza na Arxentina a dictadura de Xosé F. Uriburu, un grande represor que no seu primeiro discurso público ó país dixo: *He venido a limpiarlo de gallegos y gringos anarquistas*. E cumprindo coa promesa tres anarquistas galegos foron condeados á morte: Xosé Santos Ares, Florindo Gayoso e Xosé María Monteiro. Houbo unha forte movilización da colectividade galega e tres horas antes da súa execución por fusilamento foilles conmutada a pena de morte pola de cadea perpetua. Estiveron presos dous anos en Ushuaia. Logo foron deportados e volveron.

En 1906 chega á Arxentina Eduardo Maria Vázquez Aguirre. Nacera en 1887 en Sober (Lugo). Foi un destacado loitador, fundador da Unión de Tranviarios Automotor e partidario da acción directa. Participou en importantes accións xunto cos seus amigos e compañeiros Simón Radowitzky e Severino di Giovanni. As mortes do xefe de policía Ramón Falcón e do capitán Héctor Varela (o responsable da inxusta e sanguenta represión contra os obreiros da Patagonia) contaron coa axuda —na elaboración da bomba— de Vázquez Aguirre. Estivo moitas veces preso, foi deportado e volveu.

No sur do río Colorado está a Patagonia, un inmenso territorio en mans duns poucos terratenentes. Aquí, na provincia de Santa Cruz, en 1893 unha poucas familias ricas reciben gratis nada máis e nada menos que 2.517.274 hectáreas. Un bo exemplo é a estancia dos Anchorena con 90.000 hectáreas. Nestas terras comeza a xeira dun mozo galego de Ferrol chamado Antonio Soto Canalejo. Estou falando do mítico líder da folga protagonizada polos obreiros de Santa Cruz. Un lexítimo movemento de protesta foi arranxado mediante unha masacre. Os obreiros foron torturados e obrigados a cava-la súa propia tumba. Houbo 1.500 fusilados. Soto era o secretario xeral da Sociedad Obrera de Río Gallegos, unha sociedade que tiña 768 afiliados en xaneiro de 1921. Penelas conta no seu libro os feitos máis destacados da mitica figura de Soto e indica que para afondar máis temos que ler a Osvaldo Bayer, autor dunha fonda investigación recollida en catro tomos e titulada *Los vengadores de la Patagonia trágica*... Cando os tráxicos acontecementos Soto tiña 23 anos, sálvase de ser fusilado e logra fuxir a Chile. Morre en Punta Arenas en 1963.

Axeitado traballo de recuperación a través do que sabemos dos nosos idealistas irmáns lonxe da Galicia e que souberon loitar pola solidariedade

Penelas recolle moitas máis histórias e tamén un moi interesante apéndice documental con censos de poboación, crecemento demográfico, a inmigración, as taxas de analfabetismo e o crecemento da débeda pública arxentina. En resume, quero dicir que Penelas fixo un axeitado traballo de recuperación porque agora sabemos algo máis dos nosos idealistas irmáns emigrados que lonxe de Galicia souperon loitar pola solidariedade. Trátase dunha homenaxe para aqueles "mártires no reconocidos por la historia, los luchadores anónimos que ofrendaron sus vidas por un mundo más justo, más, más libre, más humano". ♦

MANUEL SUÁREZ SUÁREZ

Carlos Penelas.

conta de discos

Música asturiana con parámetros irlandeses

Título: Felpeyu.
Compañía: Fono Astur.

Novo grupo asturiano, que xa paseou a sua música por algun evento "céltico" coma o de Lorient (Bretaña), e que neste disco fan un percorrido polo folclore astur, en base a *fandango*, temas corais, *Muiñeira, polques*... *Felpeyu* son cinco músicos que tocan gaita asturiana, "curdión diatónica", bouzouki, guitarra, mandolina, "banxu", flauta, voces... A sua interpretación resulta un tanto ríxida, e condicionada cicais en exceso polos tópicos rítmicos do que se considera "celtoide"; ou sexa, música asturiana con parámetros irlandeses, nomeadamente na percusión. ♦

Craig Chaquico

Tecnoloxia criativa

Título: A Thousand Pictures.
Autor: Craig Chaquico.
Compañía: Ed. Resistencia.

Ú-lo aquel Craig Chaquico de "Jefferson Starship", grupo de *rock*, emblemático dentro da cultura da psicodélia, que desde hai anos deixou aquela formación?
Co paso do tempo, o guitarrista norteamericano decantouse por unha música con máis sonoridade, relocinte, orientada cara fóra e porén menos instrospectiva, por máis que manifeste "cómpre facer música instrumental que suscite a tua imaxinación". "Mil imaxes" é o título deste seu terceiro disco a solitário, e se o afeizoado desexa disfroitar dun videoclip adxunto ao disco, deberá dispor dun ordenador provisto de leitor CD-ROM.

Música tecnolóxica, acorde cos tempos que corren. Tamén é preciso que existan criadores representativos deste mundo, xa que sempre houbo músicos da sua época. *Rockeiro* e melódico, Chaquico deu cun disco impecábel, pura tecnoloxia criativa. ♦

X.M. ESTÉVEZ

Non tan malo pero igoal de bo

Título: Conversin' with the elders.
Autor: James Carter.
Compañía: Atlantic 7567-82908-2.

Virtuoso dos saxos ou pallaso de circo? Músico novedoso ou biblioteca musical? Este é un mozo sobre o que recaen estas dúbidas e grande parte das iras e admiracións dos aficionados de jazz, e como tales, deberíamos pensar o que iso significa e ser máis respeituosos tanto ás innovacións como aos regresos. Nun músico xoven como este, con ese prodixioso domínio instrumental en toda a gama de saxos só cabe esperar nun futuro —e tamén no caso que nos ocupa—, boas cousas. Nun instrumento difícil como é o saxo barítono non ten rival e, á espera de que pula un sonido próprio ninguén lle poderá negar un imenso respeito polos seus maiores e un coñecemento amplo da história da música jazz. Como aponta el mesmo: «o propósito deste disco é dar luz sobre dos artistas que influiron en min e na miña vida. Quero facer unha homenaxe a eses aportes técnicos e espirituais que contribuiron ao meu próprio desenrolo». E para iso non fai máis que rodearse de músicos como Buddy Tate, "Sweets" Edison, Hamiet Bluiett, o descoñecido Larry Smith, e un grandísimo Lester Bowie que soa en dous temas. Vaia a casa dun amigo que o teña, escóiteo alomenos un par de veces, e se non pode mérqueo. É na práctica unha panorámica sobre os últimos 40 anos da música jazz. ♦

James Carter.

Tópicos uniformizadores

Título: Celtic Reflections.
Autor: John Whelan.
Compañía: Narada. ND-61052.

Esta non é —debo dicilo—, a música que un soe escoitar ou da que fala cos amigos. Aprimeira cousa que me chamou a atención foi a simpleza e reiteración das liñas melódicas. En todo o disco resalta un ton médio (musical e de cámbios harmónicos) imposto polos sintetizadores, que fan que o disco desprenda xa desde unha primeira escoita ese tufo uniformizador ou maldición "céltica" que o mercado das multinacionais da música nos cargaron a aqueles povos situados, máis ou menos, entre os paralelos 42 a 65 da Europa Atlántica. E *cuidadito* que os músicos e a execución son dun grandísimo nivel!, destacando o fermoso son que tira do seu acordeón o irlandés-americano Whelan. Pero resulta frustrante que se exprima un folclore tan rico e vivaz para facer temas que parecen máis adecuados para dormir nenos, acompañar no cinema escenas de cama sen pelo ou esperar que algunha como Enya se decida a utilizar esas melodias como manto sonoro de fondo para as suas anestésias musicais.
Con todos os respeitos, estes *reflexos celtas* para xentes do interior que non podan desprazarse de vacacións este ano e descobrir a variedade musical destes povos. ♦

John Whelan.

C.S.

O *Ourense Film Festival* celébrase do 4 ao 10 de Novembro

Con atención especial ao cine de baixo presuposto

MÓNICA CURRÁS

En plena celebración dos cen anos de cine, a cidade das Burgas prepárase para inaugurar de novo un festival galego adicado a esta arte. Conscientes do interese cada vez maior que esperta o cinema das pequenas productoras e de realizadores independentes entre profisionais do audiovisual e o público en xeral, Ourense adicará unha semana a promocionar este sector máis esquecido da cinematografia mundial. Deste xeito pretende recuperar o papel protagonista que xogou a cidade coas xornadas cinematográficas de finais do 70 e voltar a ser o cruce de camiños culturais no eido audiovisual que foi durante as Xociviga do Carballiño.

Baixo a iniciativa de Eloi Lozano, un ourensano adicado de cheo á publicidade e ao mundo do audiovisual galego, e co patrocinio do Concello de Ourense, ven de xurdir a primeira edición do *Ourense Film Festival, OFF*, que se celebrará do catro ao dez de Novembro.

O *OFF* é un certame internacional que conta cunha sección oficial de carácter competitivo onde poderán concursar longametraxes e curtametraxes producidas desde 1995, que non foran explotadas comercialmente en España e con varias seccións de mostra, fóra de concurso, con fins puramente culturais. Paralelamente, impulsará unha série de actos, (conferéncias, mesas redondas, exposicións, actuacións musicais ou pases especiais) que lle darán á cidade un aspecto festivo centrado no mundo do cine. Trátase de oferecer ao público a oportunidade de achegarse a películas que, doutro xeito, serian moi difícil ver; servindo, á vez, de trinque para o cinema que se fai en todo o mundo con baixo orzamemento pero con grandes doses de imaxinación e orixinalidade.

Aqueles films presentados a concurso poderán optar ao Gran Prémio do Festival, dotado con 3.000.000 de pesetas, e ao prémio á Mellor Dirección, con 1.000.000. Ademáis, concederanse 2.000.000 como Premio Especial á Mellor Película Europea, e 300.000 pesetas para a Mellor Curtametraxe.

O xurado encargado de fallar estes prémios estará formado polo modisto galego Adolfo Domínguez, quen ven de producir as longametraxes *A lei da fronteira* e *A monos*; o escritor Antón Reixa, que proxecta dirixir a sua primeira longametraxe; e Isabel Coixet, directora e realizadora catalana que desempeña o seu traballo da cabalo entre Cataluña e Estados Unidos. Canto ao encargado de presidir ao xurado, a equipa de organización de *OFF*, mentres non obteña a confirmación definitiva, só desvela que será un cineasta europeu de recoñecido prestíxio e ampla traxectória profesional; ademáis de representantes intelectuais da loita que Europa mantén coas *grandes distribuidoras* da indústria cinematográfica norteamericana

O festival de Ourense atende producións de baixo orzamento porque entende que son as máis interesantes para os produtores galegos. Á direita, Eloi Lozano director do Festival Off.

As nacionalidades e o cine independente

Mália o seu carácter internacional, o Festival de Cine Independente de Ourense nace, segundo o seu coordenador, Xurxo Maroto, "coma unha plataforma de relanzamento do audiovisual galego e un ponto de achegamento onde os profesionais poidan coñecer producións de semellantes presupostos aos que se manexan en Galicia".

Nembargantes, nesta primeira edición, o apartado oficial de competición carecerá de representación galega, dado que non existe produción de longametraxes posterior a Xaneiro do 95. Si se agarda receber fitas de curtametraxes galegos de realizadores que xa fixeron a sua solicitude. En todo caso, a organización do certame garante a preséncia deste xénero coa mostra especial *Panorama de cinema galego*, na que se fará unha retrospectiva con pezas escollidas de décads pasadas. Neste senso, cumprindo coa sua misión de difundir o audiovisual galego, o *OFF* proxectará, en primícia, a curtametraxe recentemente restaurada pola filmoteca de Castilla e León *Ciudad Encantada*, do cineasta ourensá Tony Román.

Canto ao cine internacional, entre as máis de sesenta longametraxes e as cento quince curtametraxes chegadas polo de agora para competir na sección a concurso, o Festival de Ourense dispón xa de producións dos máis variados paises. Entre estas atópanse mostras de lugares tan dispares coma Islándia, Hong Kong, Arménia, Israel ou Burkina Fasso; esta última en coprodución con Francia. De todos os xeitos, a organización do certame agarda incrementar a diversidade de aquí ao 15 de Agosto, data na que remata o prazo de recepción de videocasetes.

Non obstante, o cinema das nacionalidades recibe a maior atención por parte do Festival ao través das seccións paralelas e con carácter de mostra para dar a coñecer os aspectos máis inéditos da cinematografia mundial. As, xunta coa sección obrigada de cine galego, inclúense as adicadas ao cine arménio, ao cine galés e ao cine luso, onde baixo o nome de *Lusofonía* se recollen películas de Portugal, Brasil, Moçambique e Cabo Verde.

O Festival de Cine Independente tampouco esquece ao sector máis novo do público, a quen adica a sección monográfica *Cine Infantil*.♦

Oskorri pechará a XVII edición do *Festival de Pardiñas*

Inclue a III Mostra de artesáns de instrumentos de música tradicionais

PAULA BERGANTIÑOS

Como xa é costume, a primeira fin de semana de Agosto os arredores do Balneário de Pardiñas acollerán a "Feira e Festa da Música e da Arte", organizada pola asociación cultural Xermolos de Guitiriz. Dentro da rota de festivais folks do mes Agosto o Festival de Pardiñas ademáis de oferecer duas noites de música en directo, combina as exposicións de pintura, fotografia e cerámica coa literatura e a artesania tradicional.

"Cada festival como cada povo ten a sua própria identidade", explica Alfonso Blanco, Presidente de Xermolos. "Se por algo se caracteriza a Feira e Festa da Música e da Arte e por non concebir a música como un feito aillado das outras artes". O festival conta desde hai xa tres anos cunha exposición de máis de 30 artesáns de instrumentos de música tradicional procedentes de toda Galiza, Cataluña e Portugal. Esta mostra convirte ao festival durante o dia nun cenário de sons tradicionais que se enriquecen coa participación da xente nos diferentes seminários de música e de danza, organizados coa colaboración da Asociación Galega de Gaiteiros.

Consérvase aínda o Domingo como unha xornada de merendas familiares, pero cada vez son máis os mozos e mozas que non deixan pasar a oportunidade de acampar durante duas noites nos arredores do Balneário. Para Alfonso Blanco unha das carácterísticas máis importantes desta festa é a de ser sobre todo un froito do traballo de xente. Segundo el "non se trata dunha actividade suvbencionada ou institucionalizada. Nace e mantense como o festival de Galiza con máis edicións ininterrompidas, grácias ao esforzo de moitas persoas".

Música de Galiza, Irlanda, Euskadi...

A primeira noite do festival inaugúrase coa actuación do *grupo de danzas e gaitas da asociación cultural Xermolos*. Seguiralle o grupo santiagués *Durindaina*, os irlandeses *Sugán* e para pechar o grupo de Ponteareas, *Caimán do río Tea*.

O Domingo o pregón correrá cargo de Xosé Chao Rego que dará paso ao grupo de Euskadi, *Aiala Dantza Taldea*. Logo da actuación de *Sons do muiño* (Galiza) e *Front Range* (EEUU) o XVII Festival de Pardiñas despedirase co grupo de Euskadi, *Oskorri*.

Ortigueira inaugura a rota dos festivais

Esta fin de semana O Festival do Mundo Celta de Ortigueira culmina a sua XII edición cunha grande oferta de grupos musicais de Bretaña, Euskadi, Asturias, Irlanda, Escócia. Galiza conta coa maior presenza de bandas de gaitas como *Robaleira* de Cedeira, *O son do sor* de Mañón ou a própria *Escola de Gaitas de Ortigueira*. Tamén actuarán outras formacións galegas como *Bágoa da Raiña* de Ortigueira, *Os cempés* do Ferrol, *Xeque Mate* ou *Ronsel*. Do extranxeiro chegarán os escoceses *Mauchline*. *District Pipe Band*, *Gewrz* da Bretaña, *Shooglenifty* de Edimburgo, os irlandeses de *Callino* e *Dervish* e *Kepa Junkera* de Euskadi.♦

Dublin. A casa dos whiskies vellos
MARTIN CODAX, 11 VIGO - TELÉFONO 22 07 50

Robert Ferguson



'O CD-ROM non é unha panacea porque asimilar a sua información require a mesma capacidade ca nos libros'

ÓSCAR LOSADA

"Podo ter un estante cheo de CD-ROM, pero esa información hai que asimilala. Non é o mesmo información que coñecemento", afirma Robert Ferguson é profesor do instituto de educación da universidade de Londres e ten publicado unha manchea de artigos verbo da educación para os meios. A sua conferencia pechou o V congreso pé de Imaxe celebrado recentemente na Coruña.

Vostede comentou na sua disertación que habia que analisar o conceito de poder e o que representaba nas aulas, e que esto non se acostuma a facer...

É unha das fórmulas claves nas que estamos a traballar. Debemos analisar cos alumnos como se exerce o poder desde a suxeréncia máis que desde a própria política. Temos que facer que os rapaces se pregunten que imaxe dan deles os média e se esa representación concorda coa realidade. Teñen que pensar se os media falan deles ou con eles. Cómpre investigarmos en como se exerce o poder e quen di as cousas e como as elabora. Non lles dicimos aos alunos que non ollen os media, senón que tenten comprender o interesante e positivo que se acha neles. A nosa finalidade é facer preguntas e procurar respostas, non dar respostas para que todos esteñan dacordo co noso ponto de vista.

Considera que os media construen e exaltan certo tipo de nacionalidades?

Na Gran Bretaña non hai dúbida de que os médios, sobretodo a prensa popular, falan verbo do tema da identidade nacional a cotio. Existe un tipo de identidade nacional que é sumamente negativo e reaccionário, e todo depende de que concepto de nación falemos. Por exemplo, no caso de Palestina é importante identificar a identidade dalgun xeito, o que é moi diferente dunha identidade nacional que se emprega para xustificaren un comportamento reaccionário. Eu pertenzo a un país e teño a miña identidade, que non quero opoñer á identidade dos demais países. Se a identidade nos média é algo que me exclue ou me se para ou vaime facer unha persoa fachendosa, eso é algo malo. O concepto de nacionalidade en si non é un problema, senón unha problemática, unha área que se debe analisar e recapacitar verbo dela en ligazón coas mensaxes que recebemos dos média.

> A xente reúnese arredor dos produtos e se llos quitas non lles queda nada en comun. No caso de *Bennetton* e *Coca Cola* o multiculturalismo é superficial"

Dixo na sua exposición que certas multinacionais do audiovisual están a entrar nas escolas ofertando material gratis que leva como contrapartida o ter que ollar producións criadas por esa casa comercial e os anúncios inseridos nelas. Preocúpalle este feito?

Ese caso dase, sobretodo, nos Estados Unidos. Neste país e na Gran Bretaña as clases médias andan a meterse moito nas novas tecnoloxias e o ponto final desa incorporación son os benefícios financeiros. Co fin de vender un determinado produto, fannos crer que todo é moi doado e accesíbel. Hai que distinguir entre información e coñecemento. Eu podo ter un estante cheo de CD-ROM coa mellor información, pero quen mos vai ler? Ninguén vai facer a leitura por min. Todo coñecemento vén dun posicionamento e os sistemas de vendas queren facer que todo sexa ledo, un entretemento sen fírgoas que te fará pasalo ben só con posuílo. O que farán moitos será pór o CD-room coa información na gaveta e farán uso dos xogos. Ler a información que teñas no aparello require un esforzo e ter unha capacidade de leitura e análise igoal que cando temos un livro. Este dato ignórase ou négase á hora de vender o produto. Por ser proprietário do CD-Room non tes coñecemento, só información.

Multiculturalismo superficial

Está a ser a multiculturalidade nos média un elemento publicitario máis?

Éo no caso de Bennetton e Coca Cola. O seu multiculturalismo é moi superficial e nega as realidades do mundo. En moitos casos, os anúncios oferecen unha visión de multiculturalismo esparexida adoptada para vender, criando un simulacro no que todo o mundo é moi agradábel, mais non ten nada a ver coa realidade. A xente reúnese arredor dos produtos da casa comercial e se lles quitas esos produtos non lles queda nada en comun. A educación para os medios é o se preguntar se podemos construir unha noción de multiculturalidade na que poidamos relacionarnos os uns cos outros sen levar unha roupa determinada ou beber certo refresco, senón porque somos seres humáns e interesámonos.

Vostede leva anos traballando arreo na educación para os médios na escola. Non pensa que ainda que avancen nese proceso tamén os vendedores empregarán cada vez métodos máis persuasivos para continuar ofertando o seu produto?

Efectivamente, penso que mentras haxa mercados ao que vender, eles intentarán atopar fórmulas axeitadas para continuar engaiolándonos cos seus produtos. Agora venden alegando a unidade cultural, porque ao mercado xuvenil vaille ben con ese concepto, senón mirarian por facer outra cousa distinta.

Cando chegou o remate do apartheid en Suráfrica, os anúncios de cervexa foron mudando e xa se podia ollar a brancos e negros dándose unha aperta, xa que o mercado trocara completamente. O motivo polo que quero que a xente estude os médios é para que se deleiten con eles e aprenda, e que ese próprio estudo poidamos trasladalo á realidade. Os estudos para os médios son un proceso, non unha solución. Esta educación debe implicarnos, non ter unha resposta definitiva.♦

CATÁLOGO A NOSA TERRA

Todos os libros e as publicacións de *Edicións A Nosa Terra*, pode atopalos permanentemente nestas 39 librarias de todo o país.



EDICIÓNS A NOSA TERRA

A Coruña
Couceiro II. *A Coruña*
Arenas. *A Coruña*
Lume. *A Coruña*
Colón. *A Coruña*
Nós. *A Coruña*
Hernández. *A Coruña*
Sargadelos. *Santiago*
Follas Novas. *Santiago*
Encontros. *Santiago*
Couceiro. *Santiago*
Pedreira. Santiago
Sargadelos. *Ferrol*
Helios. *Ferrol*
Brañas. *Carballo*
Sementeira. *Noia*
Cunqueiro. *Pontedeume*
Do Neno. *As Pontes*

Pontevedra
Escolma. *Pontevedra*
Michelena. *Pontevedra*
Paz. *Pontevedra*
Seoane. *Pontevedra*
Maxtor. *Vigo*
Cartabón. *Vigo*
Librouro. *Vigo*
Limiar. *Vilagarcía*
Vernet. *Baiona*
Biblos. *Tui*
Atlántica. *A Guarda*
Dalvi. *Lalin*

Lugo
Souto. *Lugo*
Biblos. *Lugo*
Aguirre. *Lugo*
Segrel. *Vilalba*
Porta da Vila. *Viveiro*
Xistral. *Monforte*

Ourense
Torga. *Ourense*
Stylo. *Ourense*
A Nova. *Ourense*
Epi. *O Carballiño*

OPINIÓN

O PSOE E O ESTATUTO DO 36 UNHA FALSA TRADICIÓN

XOAN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

Coincide o 60 aniversário do plebiscito do Estatuto de Galiza do 36 coa campaña de imaxe que ven de lanzar o PSOE cara as eleicións autonómicas, apresentando a sua nova faciana galeguista e progresista. E non se lles ocorreu nada mellor que presentar este Estatuto como proba da sua tradición galeguista.

A campaña, sobre todo en Pontevedra onde me atopo, foi abondo intensa (carteis, megafonia, anúncios en prensa, etc...) como para que pasara desapercibida a sua mensaxe: *60 aniversario do Estatuto: A Nosa Tradición*. E realmentè, sen entrar noutras consideracións, esta campaña é ben sintomática da falla de memória histórica que ten o noso país.

Se fosen os socialistas Cataláns, ou Vascos que na república foron activos defensores dos estatutos das suas respectivas nacións puidera pasar, pero precisamente na Galiza, onde o PSOE se caracterizou por rebentar o proceso estatutário desde a mesma proclamación da República, resulta cando menos paradóxico. Ou quizais o seu referente non sexa o PSOE da República senón a Unión Socialista Gallega que declaraba nun manifesto que cara a autonomia deben ir todos "os camiños a seguir polos socialistas galegos, se queren dar contido xusto e de realidade ás súas arelas e non seguir sendo víctimas da gobernación uniformista de Madrid, imposta —dá o mesmo— por un goberno burgués que polo partido socialista"...

Porque se, en cámbio, se refiren ao PSOE caberia lembrar que mentres se agrupaba entorno ao proxecto da Autonomia case todo o espectro progresista e republicano galego do ano 31, estes, o primeiro que fan proclamada a República é realizar unha asemblea en Monforte adoptando unha resolución contrária "a la inmediata autonomía de nuestra región". Suárez Picallo[1], sorprendido por este posicionamento do PSOE contrário ao que o Socialismo Internacional estaba a soster, só topaba unha explicación: "O Partido Socialista Español nacido nun réxime centralista, na súa forma parello a el, proxectouse do centro á periferia".

Os argumentos da asemblea de Monforte para esta declaración eran a falla de conciéncia autonomista dos galegos, e o feito de que os propulsores do autonomismo non foran abondo demócratas. Picallo respondialles: "¿É que cando o socialismo fixo a súa aparición no escenario español e no escenario mundial, existía no proletariado unha conciencia de clase?..." "o distintivo máis simpático do movemento autonomista noso é o seu abolengo democrático e entrañablemente liberal... non é nosa a culpa se os socialistas —os seus representantes parlamentários— non participaron na sua última redacción como o fixeron os deputados de todos os outros sectores políticos galegos".

Na campaña do Estatuto en 1933, posibelmente os Galeguistas foron os que máis a fondo se empregaron, e houbo outras forzas políticas republicanas que traballaron conxuntamente con estes nos Comités Pro-Estatuto que se criaron en moitos concellos galegos. Pero precisamente os socialistas non foron os que se significaron neses comités, senón, quizais, en sentido contrário. Sirva de ilustración o articulo de Ben-Cho-Shey (dirixente do PG en Ourense) en Marzo dese ano titulado significativamente: ¿Socialismo ou salvaxismo?[2] narrando un mitin de Otero Pedrayo en defensa do Estatuto rebentado con berros de "¡Morra Galicia!" por un grupo de alborotadores promovido polo PSOE:

"Os galeguistas, con todo e non ser este Estatuto o que enche as súas aspiracións, apoiano porque significa o comenzo de redención..." mentres outros partidos que finalmente asumiron de xeito formal este estatuto, denúncia Oxea: "emprenden unha campaña subterránea e vergoñenta fuxindo sempre de dar a cara e de discutir como homes civilizados". A eles dixéranlle os do PSOE de Ourense que lles esperaba en Viana do Bolo, onde fixeran o Mitin, "unha controversia". Despois de ver aos do PSOE armados de cornetas, pitos e paos, "orneando sen deixar que se escoitasen as nosas verbas", Ben-Cho-Shey conclúe: "Polo visto as controversias socialistas son diste xeito".

Grupo de personalidades que participaron nas Asembleas preparatórias do Estatuto do 36. Entre outros Xosé Pasin, Suárez Picallo, Otero Pedrayo, Castelao e Roberto Nóvoa Santos.

> "O 1 de Febreiro de 1938 o Estatuto tomou estado parlamentario, mais Castelao reseña nas páxinas do *Sempre en Galiza* como se lanza unha ofensiva contra o Estatuto por parte do PSOE co fin de neutralizar o dictame das Cortes"

O PSOE no 36 seguia erre que erre coa sua teima, aínda que formalmente xa deixara de ser tan belixerante, participando na asemblea autonomista do 17 de Maio en Santiago (non así a UGT que se desentende).

Na campaña polo Estatuto, por fin aparece unha defensa explicita deste polo PSOE (e do PCE) así como da súa central sindical UGT; pero, como di Xabier Castro[3], isto non significaba que as organizacións obreiras asumiran os plantexamentos nacionalistas, senón que era considerado o estatuto como unha conquista democrática máis —no mellor dos casos— se ben, o próprio Xabier Castro constata unha atitude «semi-agresiva» contra a autonomia. En todo caso esta campaña era utilizada maioritariamente polo PSOE e tamén polo PCE —incumprindo todos os acordos— para facer propaganda partidária: O enfrontamento entre membros do PG e militantes do PSOE e PCE non trascendían á opinión pública polo mutuo interese das organizacións en manter a imaxe de unidade; pero mesmo houbo feridos de bala do PG nestas rifas. De feito en Lugo os galeguistas deciden rexeitar colaborar co PCE e co PSOE, e en moitas localidades queixábanse os galeguistas que o resto do Fronte Popular os abandonara porque consideraban que eso do Estatuto era da incumbencia exclusiva dos nacionalistas.

Máis finalmente o Estatuto é plebiscitado o 28 de Xuño quedando pendentes os trámites parlamentários para a sua plena aprobación. Os sucesos do 18 de Xullo condicionaron ditos trámites, pero o Parlamento seguia a celebrar sesións, e o 1 de Febreiro de 1938 o Estatuto tomou estado parlamentario dándolle a Galiza unha posición semellante á de Euzkadi e Cataluña. Mais Castelao —quen foi un dos artífices deste feito— reseña detalladamente nas páxinas do Sempre en Galiza como se lanza unha ofensiva contra o Estatuto de Galicia por parte do PSOE co fin de neutralizar o dictame das Cortes. Castelao é diáfanamente explícito á hora de referirse á atitude do PSOE diante do Estatuto: "Ben se ve que os socialistas galegos atopáronse entre dous deberes incompatibles, e para mataren os seus escrúpulos inventaron un pantasma e puxéronse a discutir con el. A min produciume ledicia o que manifestaban a prol das reivindicacións galegas [refirese ao encabezamento do Manifesto contra a tramitación do Estatuto] pero esto non se compaxina coa desculpa de feitos intolerables, tales como suprimir a Comisión de Estatutos, ignorar maliciosamente a presentación do noso Estatuto e tratar de estravialo, coaccionando ao Presidente das Cortes para que o Estatuto galego non fose lido na sesión de Montserrat, e por fin, impedindo a constitución do órgano parlamentario que tiña que examinar o proxecto e redactar o dictame correspondente".[4]

Pero non remata aqui as operacións de acoso e derrube do Estatuto do 36 propulsadas polo PSOE, véxase senón as manobras deste partido contra Castelao para expulsalo do Goberno Republicano, que el mesmo denúncia nun informe sobre a crise do Goberno Giral de data 15 de Marzo de 1947, no que entre as suas conclusións pode lerse:

"1º O Partido Socialista sigue representando unha cerril oposición ao Estatuto autonómico de Galiza, como a calquera reivindicación galega... O comportamento dos socialistas é lóxico e normal, porque responde ao criterio unitario e centralista da súa política de Estado... ninguén discutía os dereitos adquiridos por Cataluña e Euzkadi, pero o Part. Soc. faría oposición aos dereitos gañados por Galiza expulsando do Goberno a representación que Giral nos outorgara"...[5]

Por tanto, o sorprendente desta campaña do PSOE non é a sua recente reconversión Galeguista, pois este Partido ten dereito a corrixir a sua traxectória, e mesmo pode aplaudirse senón for máis ca unha camuflaxe, o máis indignante é que se cámbie a historia de xeito tan radical e que non teña na opinión pública a máis mínima reacción. Porque non falamos de matices, non falamos de posíbeis interpretacións, falamos de feitos históricos obxectivos constatábeis sobre a actuación dunha organización nun tema, que agás excepcións individuais, foi clara e contundentemente contrária ao Estatuto de 1936 que agora reclaman como parte da sua tradición. ♦

XOAN CARLOS GARRIDO COUCEIRO é autor do libro *Manuel Garcia Barros, loitando sempre*. Edicións Fouce

(1) SUÁREZ PICALLO, R. "Ante un error político de los socialistas gallegos" *Galicia* Buenos Aires. 29-11-1931. Para máis afondamento: "¿De derecha o de izquierda?" ibidem. 27-12-31; e "¿Estatuto de izquierda o de derecha?" ibidem 20-11-32.

(2) BEN-CHO-SHEY "Socialismo ou salvaxismo" *Galicia* Buenos Aires, 26-3-1933.

(3) CASTRO, XABIER *O galeguismo na encrucillada republicana* Deputación de Ourense, Ourense, 1985 pp. 690.

4 CASTELAO, A. DANIEL *Sempre en Galiza* Akal Editor. Madrid, 1977. pp. 147.

5 CASTELAO, A. DANIEL "A crise do Goberno Giral" *A Trabe de Ouro* nº 12. T. IV. Santiago. 1992.

O GAITEIRO SOLITARIO

MANUEL RIVAS

Jut bai, machiño, ata tomorrou

Como coruñés, entre o Monte Alto e o Monte do Castro de Elviña, a película da miña infancia está chea de barcos. As nosas costas, Bergantiños e As Mariñas, un país de bois e vacas. No horizonte, no labradío do mar, estoutro país de bous e bacas. A igual que Bos Aires estaba no ceo, un topónimo da Rosa dos Ventos, o Gran Sol era para min un fecundo solar mariño onde se collían merluzas coa man. Máis tarde souben canta ironía había na traslación que fixeron os nosos pescadores do orixinario Grand Sole (Grande Linguado). Hai dous anos fixen unha marea de vinte días naquel mar do oeste de Irlanda. O barco furaba nun óleo de pizarra e chumbo e o sol era un deus preguiceiro e ausente. Por suposto, pillábanse as merluzas a costa da maior escravitude que sofren xentes de nós.

Aí souben de verdade o que era un Golpe de Mar. E tamén oín falar de Serafín Mourelle como quen oe falar dun Ulises enxebre, dun home feito lenda. Pola radiofonía dos barcos, naquelas leiras mariñas onde se compite feramente, o nome de Serafin Mourelle asociábase sempre a sabiduría, valor, xenerosidade e loita xusticieira. ¡Un patrón, o mellor patrón, era un *roxo* de Corme! Como en toda lenda, eu non sabía se Serafín Mourelle existía ou non. Ata que o outro día, pola mediación entusiasta e bravú de Xurxo Souto, puiden abrazar a Sarefín Mourelle.

Os mozos de *A tropa da tralla*, esa Coruña á que lle arde o peito, organizaron unha homaxe aos pescadores do Gran Sol cun recital marítimo, ceibando á baía a flor do toxo e mensaxes en botella. E eu puiden contar, po fin, o que a min me contaran como fragmento da *Odisea* galega do Gran Sol. A loita do patrón xusticieiro contra Golpe de Mar. Escoitade.

'Son eu, Serafín Mourelle, o Golpe de Mar. Son o Golpe de Mar, Serafín Mourelle, e veño por ti. Veño por ti, Serafín Mourelle. E entón caeu un telón de cinsa, un húmido veludo de noite prematura. O heraldo dos mascatos soltou do bico o lingote de prata e voou cara Donegal con anguria de arpa. Era os paíños corazóns encollidos polo keroseno do medo. As nubes tatuaron no ceo unha caveira. ¡Serafín Mourelle! bruou Golpe de Mar. ¡Téñoche en fite! Ti es, dixo, a consigna que me anoxa, un capitán fraternal no mar de Irlanda. Ti es o patrón da liberdade, a radio que non cala, e mándanme por ti. Son un lobo, Serafín, ¿notas o alento? E entón Serafín moveu palanca, e puxo a ralentí o peito todo. Deixalo, dixo, deixalo que acometa, que sinta no padal o pan de home. E cando o Golpe dixo ¡Xa che teño!, vai Serafín e berra ¡Avante toda! E as fauces morderon no baleiro. O Golpe foi morrer na propia furia, estoupou en mil ollos pola popa. Gran Sol abriu arco da vella, un cabo aquí e outro acolá, Galicia e Irlanda en sete cores. E o meu capitán, Serafín Mourelle, mirou ao vencido na cinsa da batalla: ¡Jut bai, machiño, ata tomorrou!"♦

CAMIÑO VELLO, CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

A Casa da Parra

A Casa da Parra é, a un tempo, unha alegoría e unha ironía da vida.

Ela érguese contemplando desde un alto o espacio que noutrora foi cemiterio. A súa fachada orientada cara a Quintana dos Mortos, semella fixarse nese recinto de descanso eterno, como se a Catedral por un lado e San Paio polo outro, non fosen máis que circunstancias de veciñanza. As súas fiestras, o seu amplo balcón corrido e a maxestuosa e rica cheminea, miran, altivos, con toda a vida que lles é posible, ese recinto de morte.

Pero nela, o máis destacable é a parra que recorre a súa fachada e lle dá nome.

A vide é o símbolo da vida por excelencia; ela, sobre todo nesta casa, onde cada ano reverdece envolvendo as pedras deseñadas por Domingo de Andrade, convértese nun triunfo sobre a morte. Aquí, máis que noutros lados, faise certo aquilo que dicía Demócrito, de que os átomos do que morre, pasarán a darlle vida a un novo ser. As raíces desta parra mestúranse en terra que foi de cadáveres para sacar nas súas ramas o prezado froito do viño.

A vide é a planta das casas rurais galegas. Tanto as fachadas dos pazos como as das casas máis populares, adórnanse cunha frondosa parra que lles dá sombra e acougo; pero tamén é a que advirte de que nada morre de todo, que sempre queda algo na terra que nos fai revivir.

Ano tras ano, tras a poda, calquera vide semella un feixe de paos secos cravados no chan, amosando esa faciana escura e seca do inerte, aínda que levan dentro de si a zume da vida que,pouco a pouco, iralle facendo saír os primeiros gromos, eses puntiños verdes con forma de folla que a visten en primavera con trazas de moza garrida. Logo, máis cara o verán, o ciclo avivará as follas cun verde acendido que, xa chea de fecundidade, ao tempo que a uva pinta, cobra en si a faciana da madurez. E cumplida a súa andaina, dado o froito, a vide irá palidecendo ata que no outono, xa vendimada, a follaxe acaba por tinxirse dun malva triste, anunciando unha vellez que se agrava, irremediable, coa caída da folla. Pero virá outro ano e outro ciclo, e de novo a renacencia da vida.

Así, nas casas mariñeiras, que teñen fronte a si a presencia da morte vestida de salseiros, o símbolo e a utilidade van sempre unidos. Nelas procúrase ter diante un terreíño desde o que se erguen unhas cepas que, ademais de ser adorno son un símbolo que cumpre unha función de utilidade.

Esta Casa da Parra, tamén encontrou, entre as lousas das súas soleiras, un buratiño e o seu anaco de terra; quizabes o terreo máis pequeno do mundo, pero suficiente para dar cada ano un barriliño de viño.

O froito de calquera planta non é máis que o triunfo da vida sobre a morte.

Paréceme que estou oíndo a aqueles vellos que enlousaron o fronte da súa casa para non ter que pisar lameiros, pero deixaron sitio para plantar o pequeniño xardín que desexaba a muller.

Estes xubilados, aos que a pensión lles exime de ter que cavar hortalizas, discutían hai uns días atrás porque el, que non entende que se cultiven flores nun terreo que podía dar cebolas recriminábaa, que non debía gastar a auga regando aquelas plantas sen utilidade. E ela, sen deixar de augalas, dicíalle:

—Estas flores son o menos que nos merecen os nosos defuntiños.♦

Manuel Forcadela

'A miña xeneración ten pendente o 36 como asunto literário'

Que libros recomendaria?

Recomendaria *Erros e Tánatos* de Gonzalo Navaza (Xerais) e e *A luz dos desnortados* de Xosé Mª Álvarez Cáccamo (Espiral Major). En castelán que lean unha biografia non novelada de Marcel Proust (Anagrama) feita por Ghislain Diesbach, que incorporou unha chea de cartas privadas e traza unha figura completamente nova.

Que está a ler neste momento?

Releo *Carlota en Weimar* de Thomas Mann e aquela biografía de Proust.

Ven de sacar a novela *A Armada Invencible*. (Cúmio) De que vai?

É unha história contada por unha espécie de antropólogo pedante que regresa a unha pequena vila galega e comeza a facer un estudo sobre a figura de seu avó, e a veracidade dás histórias que corren sobre el. Son sucesivos lances e entrevistas que apresentan unha galeria de persoaxes a cada máis extravagante. É unha novela cómica na que a comicidade non só está nas histórias, tamén na linguaxe utilizada, con tics dirixidos ao leitor e chistes sobre o divertido que pode ser falar se un sabe xogar coas palabras. Busquei esa retórica barroca que gostaba a Cervantes e tamén esa gracia que hai en *O porco do pé* de Vicente Risco

Agora que se cumpren 60 anos, por que un momento tan decisivo para Galiza como o golpe militar do 36 apenas ocupou aos nosos escritores?

A memória mítica que temos os da miña xeneración ten pendente a guerra. De pequenos todos escoitamos a história dos que foran ao monte, dos asesinados,... Iso está pendente e antes ou despois vai froitificar na literatura.

Recentemente linlle que as xeneracións literárias *negan* ás que lles anteceden. Vostedes contra o social-realismo e os novos pondo o acento no nacionalismo. Pero iso non os situa a vostedes como anti-nacionalistas, como lle puxeron nos periódicos?

De nengunha maneira. Hai que distinguir entre a realidade e a literatura. Unha cousa é o comportamento e o compromiso cívico e político dun como nacionalista e outra que iso sexa o tema central da tua obra literária.♦

O Trinque

Paco Vázquez, a pegada dun príncipe

A biografía de Luís Pita e Primitivo Carbajo (Edicións Xerais) volta de novo á actualidade. O alcalde coruñés e líder do PSdeG-PSOE retratado de forma amena e en detalle. Convén pescudalo en librarias. A man de Vázquez é longa e algunhas, como o *Corte Inglés* da Coruña, néganse a vendelo.♦

Cangas

■ **FEIRA**

ARGALICA 96

O Xoves 18 a banda de gaitas **Tromentelo** inaugura a mostra *Argálica* 96 que permanecerá aberta até o Xoves 25. Ali expoñen traballos en coiro, madeira ou cerámica, entre outros, chegados de toda Galiza e ainda de Portugal e España.

EXPOS

O Coléxio de Arquitectos de Galiza abre esta mostra até o 31 de Xullo na Casa da Cultura.

A Coruña

■ **EXPOSICIÓNS**

O SOÑO ESPAÑOL

O Kiosko Afonso acolle unha escolma de cadros do artista dadá francés **Francis Picabia** (1878-1953). Comprende 52 cadros do tempo que vai de 1902 a 1950.

EUROAMERICANA DE GRAVADO

Até o 28 de Xullo na estación marítima.

■ **MÚSICA**

COMBO DE PUERTO RICO E O MÉDICO DA SALSA

El Médico de la salsa actua xunto o **Gran Combo de Puerto Rico** o Venres 19 no Coliseum.

MARK KNOPFLER

O famoso guitarrista o Luns 22 no Coliseum.

Ferrol

■ **EXPOSICIÓNS**

FEIRA INTERNACIONAL DE MOSTRAS

Mostra xenérica con preséncia nacional e intenacional, aberta do 19 ao 28 de Xullo no recinto de Ponta Arnela. A entrada normal custa 500 pta., a infantil 200 pta. Abre de 11 a 21 h.

Moaña

■ **GASTRONOMIA**

FESTA DO NASEIRO

O Domingo 21 no Porto de Meira celebran a quinta edición da Festa do Naseiro organizada pola Asociación de Naseiros Artesanais Samertolomeu, un representante dun seitor básico da pesca tradicional. Música tradicional, polbo, camarón, nécora, e viño nesta festa que abre co pregón Xosé Luís Méndez Ferrín.

Monforte

■ **MÚSICA**

DHAIS

O grupo folk actua en Monforte o Venres 19.



Son numerosas as festas gastronómicas nestes dias. O proximo Sábado 27 é a do Carneiro ao espeto de Moraña

Esteiro

■ **COMPETICIÓN**

A BAIXADA DAS CARRILANAS

A sociedade cultural recreativa e deportiva **Esteirana** organiza o IX *Gran Prix de Carrilanas* **do 18 ao 21 de Xullo**. As carrilanas teñen que levar eixos e rodas de madeira, que poden ir cubertas de goma sen ar, e acollerse a cinco categorias sempre que se dispoña de casco. Xoves 18 teñen lugar os entrenamentos oficias, e Venres 19 e Sábado 20 a pre-competición para fixar a orde de saida na **carreira do Domingo 21** (18,30 h). A inscrición fica aberta no local da asociación e pecha o Sábado 20 ás 13 h. na Alameda de Esteiro onde hai que apresentar a carrilana. Hai trofeos para os tres primeiros de cada categoria, as tres carrilanas máis elaboradas, a carrilana *do ano*, e ao gañador do Gran Prix. Información no (981) 76 39 95.

Moraña

■ **GASTRONOMIA**

FESTA DO CARNEIRO AO ESPETO

O Sábado 27 de Xullo unha alineación do R.C. Celta enfrontase á nova equipa Moraña F.C., o encontro forma parte dos engados da Festa do Carneiro ao Espeto que ten lugar ao dia seguinte, Domingo 28.

Ortigueira

■ **MÚSICA**

FESTIVAL DO MUNDO CELTA

Ortigueira acolle doutravolta o Festival do Mundo Celta con exposicións, cursos, zona de acampada e tres dias de concertos do Xoves 18 ao Sábado 20. Xoves 18 actuan **Ronsel**, **Mercedes Peón** e **Xaque Mate** da Galiza, o escocés **Shoogelnifty**, e o bretón **Gwerz**. Venres 19 tocan **Kepa Junquera** (Euskadi), **Llan de Cubel** (Astúries), **Callino** (Eire), **Robaleira** e **Cempés** (Galiza), e a **Mauchilen Distric Pipe Band** (Escócia). Ao dia seguinte, Sábado 20, poderase escoitar a **Escola de Gaitas de Ortigueira**, os **Lagoa da Raíña**, a **Mauchilen Distric Pipe Band**, desta vez cos seus paisanos de **Iron Horse**, e o grupo irlandes **Dervish**. Tres dias de música celta, que se poden seguir de **acampada** no piñeiral da praia de Mourozos (con auga potábel e servícios hixiénicos). Ainda no festival atópase a **feira de artesanía** e as mostras de **instrumentos e traxes tradicionais**. Maior información no Concello de Ortigueira (986) 40 00 00.

Carteleira

C.X.LÓPEZ-PAZOS

☞ **MISIÓN IMPOSÍBEL**. Versión cinematográfica da vella série televisiva. A nostalxa axiña se dilue coas cenas aburridas que quedan por baixo de calquer filme da série Bond. Cruise: guapo cando sorrí; como actor fáltalle moito ainda.

☞ **FARGO**. Un suceso violento nunha pequena cidade. Narrado co estilo directo e reporteril de Truman Capote. Os irmáns Coen (Morte entre as frores) conseguen certa orixinalidade formal, pero non profundizan no carácter das persoaxes.

☞ **ONDE RESIDE O AMOR**. Un grupo de vellas reúnese ao redor dunha colcha, na que cada unha borda o motivo central da sua vida. A personaxe máis nova (Wynona Riders) trata de encontrar un critério para escoller matrimónio.

☞ **AS DUAS CARAS DA VERDADE**. Richard Gere é o gancho comercial desta película que ten como engado principal o peculiar funcionamento do sistema xudicial americano. Xogando coa paradoxa da culpabilidade dun adolescente, un arcebispo *voyeur* asasiñado e un advogado que se sinte chamado a redimirse do seu valeiro afán de protagonismo. O de sempre, desta volta adubiado coa maravillosa voz de Dulce Pontes.

☞ **FOUR ROOMS**. Catro historias asinadas por Allison Anders, Alexandre Rockwell, Robert Rodríguez e Quentin Tarantino, cun botóns e un hotel como fio condutor dunha morea de chistes faciléns (de noite de café e tequila) onde Tim Roth (omnipresente e xa investido da categoria de gran histrión ao Gary Oldman) fai unha homenaxe á máscara de Charlot e Jerry Lewis (autor do xenial *O botóns*), ademais de outros actores de comédia. Tamén está Banderas nesta trécola de película sen pes nen cabeza.

☞ **ABERTO ATÉ O MENCER**. Outra vez os mesmos nomes. Rodríguez asina e Tarantino escrebe e interpreta. As paixóns cinematográficas infantís de Rodríguez, mexicano de pro, asoman neste filme de homenaxes e referéncias (*gore*, cine de vampiros mexicanos e truculéncia a esgalla) de mestura abrupta e gratuita de xéneros, fabricado para solaz dos seus autores. Que fai un gran actor coma Harvey Keitel nesta película?

☞ **O CARTEIRO** (e Pablo Neruda). Continua nalguns cines e paga a pena mesmo viaxar para vela, se xa non a botan na sua cidade. Protagonizada por Massimo Troisi. ♦

***Cempés* forma parte da delegación galega no festival de ORTIGUEIRA**

M. SENDÓN

Do 20 ao 28 deste mes RIBADÁVIA acolle a XII Mostra Internacional de Teatro. Na foto, unha comparsa de Kukas, que é o encargado do Obradoiro de Animación para cativos

Ourense

■ **EXPOSICIÓNS**

MIRAR AO TRAVÉS

A sá Volter abre unha mostra colectiva con obra de **P. Millán**, **A. Negro**, **L. Portabales**, **C. Rivas**, **M. Valdés** e **M. Vázquez**.

COLECTIVA 96 NA MARIMON

Comprende grande variedade de técnicas e formatos, desde a figuración até a abstracción, con artistas nóveis e recoñecidos. Fican representados **Alfonso Albacete**, **Ignácio Basallo**, **Ignácio Burgos**, **Alberto Datas**, **Maria Xosé Diaz**, **Almudena Fernández**, **Ramiro Fernández Saus**, **Monserrat Gómez**, **Vicente Prego** e **Manuel Saiz**. Pintura e escultura na sá Marisa Marimón, até o 31 de Xullo e do 1 ao 15 de Setembro, en Agosto a galeria pecha ao público.

Palas de Rei

■ **MÚSICA**

ROCK NO CAMIÑO

A explanada do mercado de Palas de Rei acolle o festival *Rock no Camiño*, previsto para os dias 26 e 27 de Xullo a partir das 9 da noite. A **Asociación Cultural no Camiño** escolleu un variado cartel. Venres 26 actuan **Korosi Dansas**, **O Caimán do Rio Tea**, **Los Planetas** e de remate **Los Enemigos**. No concerto do Sábado 27 pódese escoitar **Cold Grow**, **Killer Barbies**, **Doctor Explosión** e **Burning**. E a entrada de balde.

***O caimán do rio Tea*, un dos grupos participantes no Rock no Camiño de PALAS**

A Pontenova

■ **MÚSICA**

A TODO TANGO

Espectáculo de danza e música o Sábado 20 na Pontenova.

Pontevedra

■ **CINEMA**

O LIMPIABOTAS

O Mércores 24 ás 20,15 e 22,15 na sá de Caja Madrid, o **Cine clube Pontevedra** (Oliva, 23-2º. teléfono 986-85 95 84) atende os seus ci-

clos de **História do Cinema** e **40 Aniversário** co pase do *Limpiabotas* (Itália 1946) de Vittorio de Sica sobre guión de Cesare Zavattini.

■ **MÚSICA**

CERTAME FOLK DE GALIZA

O Venres 19 ás 11 da noite na Praza do Teucro, celébrase a final do séptimo certame folk de Galiza.

Na Praza de Teucro de PONTEVEDRA é a final do VII certame folk

As Pontes

■ **LEITURAS**

FEIRA DO LIBRO

Instalada nas Pontes do 16 ao 19 de Xullo.

Porto do Son

■ **CONFERÉNCIA**

O CASTRO DE BAROÑA

O historiador **Francisco Calo** oferece unha charla sobre o Castro de Baroña, o Xoves 25 de Xullo, ás 8,30 do serán na Casa da cultura.

■ **EXPOSICIÓN**

AO REDOR DO CINEMA

Do 20 ao 31 na Casa da cultura oferecen pases comentados en vídeo con pantalla grande,. A sesións son de 11 a 13 h., e de 19 a 21 h.

■ **MÚSICA**

BRINCADEIRA E BELADONA

Os dous grupos folk actuan na Praza da Vila na noite do Xoves 25.

Quiroga

■ **TEATRO**

SETE POR UN

O humorista **Farruco** interpreta sete personaxes distintas en Quiroga o Venres 19.

Redondela

■ **TÍTERES**

TANXARINA DE XIRA

O grupo de títeres e marionetas Tanxarina de **Producións Teatrais do Sur** chegou a un acordo co Concello de Redondela para relizar várias funcións polas parróquias da vila. **Tanxarina** comezou a xira o pasado dia 6 de Xullo, tras o seu paso polos festivais de teatro de Cuba e Colómbia, e á volta do FITEI do Porto e o recoñecido Festival de Segóvia. A vinderia actuación é Venres 19, con **Titiricircus** en Chapela, logo van a Tui, o dia 20, con *Ah, ah, ah... estamos monstros de risa*, a mesma peza que levan a Vilar de Infesta o dia 30. A outra peza, *Titiricircus* pódese ver en Reboreda o 27, e en San Martin de Ventosela o 28.

Rianxo

■ **GASTRONOMIA**

FESTA DA XOUBA

Rianxo acolle o Xoves 25 outra edición da festa da Xouba.

Ribadávia

■ **TEATRO**

MOSTRA INTERNACIONAL

Ribadávia acolle do 20 ao 28 de Xullo a décimo segunda Mostra Internacional de Teatro coa participación dunha grande variedade de compañias de Galiza e Europa. O programa da mostra recolle as representacións no auditório do Castelo. O Sábado 20 ás 11 da noite, actuan **Títeres Tecla** con *RE9N*. Domingo 21 **Producciones Andrea** de Madrid pón en cena *D'odorico*. Luns 22 comezan os obradoiros de animacións para cativos de **Kukas** e actua o grupo canário **Delirium** coa obra *La Traba*. Outras representacións do festival *Casting* por **Teatroz** de Andalucia (Mércores 24), teatro de rua con galos de **Hors Strate** (Venres 26 e Sábado 27), e *Oé, oé, oé* de **Teatro do Aqui** (Domingo 28).

Santiago

■ **EXPOSICIÓNS**

GRACIAS DO LUGAR DE A. LAMAZARES

Unha intervención no Dobre Espácio do Centro Galego de Arte Contemporánea, na que o pintor Antón Lamazares volta facer referéncia da natureza galaica. Horário de visitas de Martes a Sábado de 11 a 20 h., Domingos e festivos de 11 a 14 h.

Teatro do Aqui con *Oé, Oé, Oé*, estarán na Praza do Toural de SANTIAGO o dia 18 e o Domingo 28 en RIBADAVIA

VISION ANIMAL

Obra recente de **Vari Caramés**, na Casa da Parra.

MAX ERNST

A Fundación Eugénio Granell expón pinturas e gravados do pintor surrealista alemán vencellado os dadaístas de Colónia, Max Ernst (1891-1976). Abre de Luns a Sábado de 11 a 14 e de 17 a 21 h., Domingos de 11 a 14 h., Martes pecha.

■ **MÚSICA**

CARLOS NUÑEZ E OUTROS

O gaiteiro actua a noite do Xoves 25 na Praza da Quintana, na compaña dalguns dos interprétes do seu último disco *Irmandade das estrelas*.

OSKORRI

O Martes 23 na Praza da Quintana.

■ **TEATRO**

ELEKTRA

De Ricardo Iniesta, interpretadá por **Teatro de La Atalaya**, o dia 17 e 18 no Teatro Principal.

OÉ, OÉ, OÉ

Unha comédia de ambiente futboleiro criada por Maxi Rodríguez e interpretada por **Teatro do Aqui** baixo a dirección de Roberto Vidal Bolaño, o Xoves 18 na Praza do Toural.

■ **ACTOS**

ARENGA DA MOCIDADE

Galiza Nova, recupera o Mércores 24 de Xullo o *Mitin das Arengas*, unha celebración tradicional até 1936, en que deixou de celebrarse por mor do golpe de estado. A primeira Arenga da Mocidade comeza ás 19,30 h. cunha oferenda floral a Alfonso Castelao e Rosalia de Castro no Panteón de Galegos Ilustres (San Domingos de Bonaval) na que intervirán **Jenaro Marinhas del Valle** e **Pilar Garcia Negro**, xunto cos poetas **Manuel Maria** e **Lois Diéguez**. Tras a ofrenda, ás 20,30 h., un grupo de gaiteiros abrirá a marcha até a Praza de Mazarelos onde ten lugar o *Mitin das Arengas*, con **Francisco Rodríguez** e **Martiño Santos Canosa**. Para rematar cunh festival musical, ao redor das 10,15 da noite, e no que actuan os grupos folk **Lastrabordo** e **Hamaraina**, o cantautor **Suso Vaamonde** e os bravus de **Papaqueixos**. Haberá comida e bebida.

Silleda

■ **MÚSICA**

SALTERIUM, RASTREROS E ESTARRICADOS

As festa de Silleda, acollen na noite do Venres 19 a actuación do tres grupos de rock Salterium, Rastreros e Estarricados. Ao dia seguinte canta Juan Pardo.

Convocatórias

O HUMOR, O AMOR DA PAZ

A asociación **Preséncia Cigana** con sede en Madrid, está a receber debuxos, caricaturas e todo tipo de viñetas que ridiculicen o racismo para a exposición O *humor, o amor da paz*. Aceptan traballos en DIN A4, até o 30 de Setembro, na Presencia Gitana. Valderrodrigo 76/78, E. 28039 Madrid. Fax (91) 373 44 62

ESCOLAS DE VERÃO

A **Associação Sócio-Pedagógica Galaico-Portuguesa** artella outro ano máis por várias comarcas da Galiza, as escolas de verão para a formación de educadores de ensino básico e secundário. Xa decorreu en Lalin e en Fisterra a primeira edición destes encontros, que continuan en Setembro, entre os dias 9 e 14 no Coléxio público Reis Católicos coa décimo segunda edición da Escola de Verão de Ferrol; e do 16 ao 28 na Escola de Artes e Ofícios de Lalin coa III Escola de Verão das Áreas Artísticas. Inscricións e información na AS-PGP: apartado 447. 32080 Ourense. Teléfono (988) 24 81 41.

ARTELIXO'96

Logo do grande éxito da edición do ano pasado, a agrupación **Josefá** e máis o **Cine clube Claqueta** están a preparar o ***Artelixo'96***, que terá lugar no mes de **Agosto** en Redondela polas ruas e prazas da vila, onde expoñerán pezas feitas con materiais de desfeita e lixo en xeral. Asi pois convocan a todos os artistas interesados en expoñer algunha obra. Ademais este ano completan a exposición na rua cunha mostra pechada para as criacións de pequeno formato. Para calquer proposta (cinema, charlas, colóquios, teatro, música, etc) ou envio hai que falar cos organizadores no (986) 40 26 93.

CINEMA E VIDEO DO MÉIO AMBIENTE

A **Asociación do Festival de Cinema e Vídeo do Meio Ambiente**, organiza o terceiro *Festival de Cinema e Vídeo do Méio Ambiente*, o que foi o Festival Iberoamericano de Cinema e Vídeo do Meio Ambiente nas anterios edicións, que terá lugar en Gavà do 7 ao 10 de Novembro. O festival abranxe categoria profisional e amateur, que contemplan os apartados de corto (vídeo clips, publicidade) e mediametraxe (reportaxes, documentais, ficción e animación). Os traballos deberán tratar o méio natural, ecolóxico, humanitário, con fin de sensibilizar, informar, educar ou facer divulgación científica. O certame contará con outras actividades da man de ONGs e cadenas de TV invitadas, a maiores das proxeccións (abertas e en pantalla xigante) de todas as fitas inscritas no concurso e algunha pre-estrea de longametraxe concedida ao festival. **A inscrición é gratuíta e fica aberta até o 15 de Setembro de 1996**, no: Festival de Cinema i Video del Medi Ambient. Casal de Cultura American Lake. Castelldefels, 11. 08850 Gavà. Barcelona. Catalunya. Maior información no (93) 638 41 16/665 57 55.

CURSOS DE RUSO EN MOSCOVA E PETERBURGO

A **Asociación Máximo Gorki** de solidariedade entre os povos, prepara para os meses de e Agosto cursos intensivos de idioma ruso a todos os níveis, en Moscova e Petersburgo, con estáncia en famílias ou universidades. A oferta da asociación tamén comprende viaxes turísticos a Moscova, San Petersburgo, Anrl de Ouro e o Transiberiano. Para maior información e facer reservas pódese pasar pola asociación: Marques de Valadares, 14-1º oficina 5. Vigo. Ou chamar ao teléfono (986) 22 44 57.

PRÉMIO DE POESIA ESQUIO

Convocado pola Fundación Caixa Galicia e a **Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol**, oferece 1.000.000 pta. para o gañador. Os orixinais han de chegar por triplicado e baixo plica **antes do 31 de Xullo** á: Sociedade de Cultura Valle-Inclán. Madalena, 234-2º. 15402 Ferrol.

PRÉMIOS DE INVESTIGACION DA REAL ACADÉMIA GALEGA DAS CIÉNCIAS

A Académia Galega das Ciéncias convoca tres prémios de investigación para este ano que receberán traballos sobre temas ou problemas nas áreas de matemáticas, física, física do cosmos, química, xeoloxia, bioloxia, farmácia, ciéncias sociais, económicas e ciéncias técnicas. Os prémios de 1.000.000 pta. para un traballo de investigación, outro de 500.000 pta. para a promoción de xoves investigadores (menores de 28 anos), e un terceiro de 250.000 pta. para un traballo publicado ou en vias de publicación na revista da Académia. Para concorrer hai que dispoñer do título de licenciado ou doutor (o primeiro prémio só teñen acceso os doutores), e de traballos expresamente escritos para o concurso, orixinais, inéditos e rematados neste mesmo ano. Para optar aos dous primeiros prémios ha que remesar os traballos baixo plica (con curricula) e lema, escritos a dobre espazo en DIN A4, por sextuplicado, **antes do 30 de Novembro de 1996**, ao Segredário da Real Académia Galega das Ciéncias: rua do Franco, 2. 15702 Santiago. O xurado vai composto por cinco membros da académia e tres representantes da Fundación Caixa Galicia (patrocinadora dos prémios).

FOTOXORNALISMO E COMUNICACION SOCIAL

Xurxo Lobato dirixe o seminário de Fotoxornalismo e Comunicación Social que organiza a Universidade da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Este seminário decorrerá na Coruña, do 22 ao 26 de Xullo coa participación de Manuel López (revista Foto), Paul Hanna (Axéncia Reuter), Pepe Baeza (La Venguardia), Jaume Mar (El Periódico de Catalunya), Fernando Gutiérrez (El País de las Tentaciones), José Manuel Navia, Jordi Socias, Carlos Pérez de Rozas (La Vanguardia) e Eddie Adams (Prémio Pulitzer 1969). Inscricións na Secretaria da UIMP: Palácio de Congresos. Glorieta de América s/n. 15004 A Coruña. Teléfono (981) 14 08 30. Horário de Luns a Venres de 9,30 a 13,30 h. ♦

Publicacións

O SAPOCONCHO

O boletin trimestral do **Museu do Humor de Fene** chega ao seu Nº 7 coa edición do pasado mes de Xuño. Baixo a dirección de Xaquin Marin recolle unha chea de viñetas de debuxantes como **Xulio Cuba, Leandro, Klros Silvar, Forxán**, entre moitos outros de fóra da Galiza. Adican a páxina dos mestres galegos a Castelao, oferece textos humorísticos de Bieito Pérez Romero, X. Manuel Ramos e Fermaviz, e dá conta da **XI Xornada do Humor**, como fixo no número anterior, e dos concursos de cómic de Renteria (Euskadi), Hravtska (Croácia), Beringen (Bélxica), Foligno (Itália) ou do convocado por Preséncia Cigana (Madrid). O *Sapoconcho* tamén informa da criazón dunha **Asociación de Amigos do Museu do Humor**, unha sociedade que tenta darlle un novo pulo. Para maior información, enviar colaboracións ou peder algun número hai que dirixirse ao Museu do Humor de Fene. Fonte do Campo, 20-22. 15500 Fene. A Coruña. Teléfono (981) 34 14 51, e teléfono/fax (981) 34 24 00. O enderezo da Asociación de Amigos do Museo: Avenida das Pias, 13-B, 3º esquerda. 15500 Fene. ♦

MONUMENTO A BÓVEDA

Se quer colaborar na realización desta obra na Caeira (Poio), pode realizar o ingreso nas contas:

CAIXA PONTEVEDRA
2057 0001 18 3300106697
CAIXA GALICIA
2091 0500 10 3040042433
CAIXA OURENSE
2046 0750 27 3040018967

Anúncios de balde

■ **Oferécese director de bandas de música popular**. Ampla experiéncia. E. Baños. Pizarro, 47-4º F. Vigo. (986) 41 34 96.

■ **Alúgase piso en Vigo**, na rua de Rosalia de Castro. Razón no teléfono (986) 22 89 76.

■ **Véndense números soltos de *A Nosa Terra***, 12, 38, 39, 40, 95, 109, 127 a 239, e do 507 ao 726. Xosé Antón (986) 32 85 64.

■ **Iniciação à língua portuguesa**. Explicações. Tlfne. (986) 23 31 63 Vigo.

■ **Lume contra Espanha**, mensagem que atoparás nos isqueiros que vem de editar a **Assembleia da Mocidade Independentista**. Por só 42 pesos cada um. Enviade em selos à Caixa dos Correios 561. 36080 Pontevedra. Ou ingresar a mesma quantia na conta 2091-0500-10-3000087782 de Caixa Galicia.

■ ***Falcatruada*. Fanzine con música, artigos de opinión, criación literária... No número 0, entrevistas a Ruin Bois, Brams, Nivel 30, Zënzar, Trasto e máis...** Se queres conquerir o nº 0 de Falcatruada, manada un selo de 20 pesos a: Ramiro Vidal Alvarinho. Rua do Viouteiro, 5. 15179 Lians. A Corunha.

■ **Lume contra Espanha**, mensagem que atoparás nos isqueiros que vem de editar a **Assembleia da Mocidade Independentista**. Por só 42 pesos cada um. Enviade em selos á Caixa dos Correios 561. 36080 Pontevedra. Ou ingresar a mesma quantia na conta 2091-0500-3000087782 de Caixa Galicia.

■ **Alúgase vivenda unifamiliar ao lado da praia**. Zona de Cangas. Chamar ao 31 43 00, á noite.

■ **Se queres un canciño pequerrecho** chama ao (986) 36 73 91, e pergunta por Lois.

■ **Regálase un gatiño**. Atende por Tomi. É un gatiño moi cariñoso e moi listo, anque as veces morde para xogar. Perguntar por Nico no (986) 20 18 25 ou no 20 16 65.

■ **Grande oferta en discos e cassettes.** Preguntar polo sr. Baños, tefl. (988) 21 05 85.

■ **Extraviouse "Diccionario marítimo y de construcción naval"**, bilíngüe inglés-español. O Mércores 26 de Xuño no Auditório do Centro Cultural Caixavigo. Urxe recuperación pois é edición única esgotada. Telf. (986) 43 65 84 e 22 22 72.

■ **Busco libros, revistas ou tebeos en galego ou portugués**, xa que por eiqui non atopo publicacións nesas línguas. Antoni Raimón Martí Giménez. Pintor Ferrer Carrera, edifício St. Germain 1. 1º. 46400 València.

■ **Renovação**. Embaixada Galega da Cultura vem de publicar o livro ***Contos do Outono*** do escritor **Moncho de Fidalgo**. Destribui Gralha; apartado dos correios 678. 32080 Ourense. Galiza.

■ **Para informaçom e solidariedade com os/as presos/as independentistas da Galiza**, escreve ao Apartado 875 de Compostela. Fai-te coa revista das JUGA ***A Treu***. Distribuimos material para a solidariedade.

■ **Aulas de inglés:** estudante do último ano de Filoloxia inglesa, recen chegado de cursar un ano de estudos en Inglaterra dentro do programa Erasmus e con experiéncia, imparte aulas de inglés a todos os níveis. Tamén aulas de língua galega, língua española e resto das humanidades. **Chamar ao 25 55 88 da Coruña e** preguntar por Gúmer preferiblemente ao xantar e ás noites.

■ **O Movimento Defesa da Língua (MDL) envia o seu boletim *Língua Nacional*** a quem o desejar. Inclui material à venda para se autofinanciar: camisolas, livros, bandeiras, etc. Fazei as vosas encomendas do Boletim; enviando selo de 30 pta. no Apart. Correios 570 de Ferrol.

■ **Gralha Nº 11: boletim periódico**. Isaac Díaz Pardo: "Ainda estamos vivendo no franquismo". **Isubmissom fiscal**, como fazê-la. **Notícias. Galeguizar o computador... Envio gratuito** a quem o solicitar no Apartado 678. 32080 Ourense.

■ **Contra o bloqueo, solidariedade con Cuba**. Durante todo o mes de Xuño, Galiza Nova en colaboración co concello de Rianxo e a Asociación Rianxeira de Empresários organizan unha campaña de recollida de axuda humanitária para o povo cubano. Recomendan medicamentos e material farmacéutico (xeringas, antibióticos...), alimentos imperecedeiros (conservas...) e material escolar de todo tipo. Entregas nos locais das oficinas de Información Xuvenil e Turismo (baixos da Casa da Cultura, antigo cuartel vello) de 10 a 13 e de 17 a 20 horas.

■ Somos unha **casa de labranza cinxidos de 45.000 m² adicados á agricultura biolóxica e a bosques autóctonos**. Temos tamén cabalos e damos aloxamento. Estamos situados á beira do Miño. Para máis información chamade ao teléfono (986) 66 64 13.

■ **Descenso de rios e rotas pola enseada de San Simón**, en piráugas estábeis, fins de semana, organiza o Náutico de Cobres. Chamar en horas de oficina ao (986) 26 24 95, ou ao 67 24 71 ás noites.♦

Encrucillada

XOAN COSTA



HORIZONTAIS:
1. Composición musical símbolo dun país **6**. ¡Queira Deus! **11**. Pertencentes á voz **12**. Digan unha oración **13**. Que ten a mesma medida **15**. Ao revés, símbolo do sodio **17**. Confianza moi grande **18**. Acamboar unha parella de reforzo á xunta que leva o carro **23**. Acredita, considera que algo é verdadeiro. **24**. Sufixo que significa ocupación ou oficio **25**. Escampa, para de chover **26**. Sinaladas **29**. Sufixo **30**. Preposición **32**. Ácido desoxirribonucleico **34**. Manifestación de apetito sexual nos animais. **36**. Sucedeu **38**. Aborrecín **40**. Para ela foi unha composición de Bethoven **41**. Da nosa propiedade.

VERTICAIS:
1. Sesenta minutos **2**. Desprazarse ata o sitio **3**. Muller que deu a luz un ou máis fillos ou fillas. **4**. Contracción de en e isto **5**. Cada unha das pezas do esqueleto **6**. Profira un discurso; rece. **7**. Común, pouco preciso **8**. O mesmo que acó **9**. Pasa a vista sobre un texto. **10**. Mamífero ruminante do Norte de Europa **14**. Titulado en medicina **16**. Parte saínte da cara por onde respiramos **17**. Conxunto de palabras con sentido **19**. Cualificación escolar entre suficiente e notábel. **20**. Monarca. **21**. Parecia **22**. Lugar onde se celebra sacrificio **27**. Que se deron **28**. Apenados porque algo non lles gustou **29**. Tira a roupa **31**. No plural, unha muller para os seus fillos **32**. Desta maneira. **33**. Espida, sen roupa. **34**. Rocha que sobresae da superficie do mar. **35**. Ao revés, río de Hungría que leva as augas do lago Balatón ao Danubio. **37**. Ao revés, nota musical **39** .Vocais de mesa .

Caldo de letras

X	Ñ	H	B	H	Z	M	C	V	X	I
Ñ	U	Q	I	E	E	Q	I	O	G	B
B	A	B	S	U	C	V	R	E	G	E
G	M	I	O	G	A	A	O	F	U	V
G	O	H	C	N	O	P	L	Q	M	A
M	O	N	T	E	I	R	A	Z	I	E
E	X	Z	L	D	L	Ñ	S	A	A	L
L	I	O	L	L	I	T	S	U	X	S
F	A	L	T	R	I	Q	U	E	I	R
S	F	B	I	C	O	R	N	E	B	F
Z	E	M	D	F	O	Ñ	D	Ñ	P	G

Catorce nomes de prendas de vestir.

SOLUCIONS A ENCRUCILLADA

HORIZONTAIS:
1. himno 6. oxalá 11. orais 12. fecen 13. isomera 15. an 17. fe 18. abordelar 23. cre 24. eir 25. rae 26. indicadas 29. iz 30. en 32. adn 34. cio 36. pasou 38. odiei 40. elisa 41. nosas

VERTICAIS:
1. hora 2. ir 3. mai 4. nisto 5. oso 6. ore 7. xeral 8. aca 9. le 10. ante 14. medico 16. nariz 17. frase 19. ben 20. rei 21. era 22. ara 27. dados 28. doído 29. ispe 31. nais 32. así 33. nua 34. con 35. ois 37. al 39. ea

SOLUCIONS AO CALDO DE LETRAS



Trives

■ **GASTRONOMIA**

FESTA DA BICA

Trives celebra a festa do tradicional biscoito o Sábado 27.

Vigo

■ **COMPETICIÓN**

TORNEO DIA DA PATRIA GALEGA

O departamento de Migración da CIG artella o segundo torneo de futbol sala Dia da Pátria, con equipas de distintas federacións da central. O torneo xógase desde o dia 15 e até o 24, todos os dias ás 8 do serán nas instalacións do colexio Lope de Vega, Estrada Provincial, 119.

■ **EXPOSICIÓNS**

MAMBRUS A GUERRA

Lalo R. Vilar expón na Casa das Artes *Mambrus á guerra*, unha escolma de fotografias ao redor do espectáculo futboleiro. Abre de Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21 h. Sábados á tarde e Domingos á mañá.

O GABINETE DO COLECCIONISTA

A galeria Ad hoc abriu o pasado Venres 5, o Gabinete do coleccionista onde reune obra en pequeno e mediano formato de máis de 30 artistas de distintas nacionalidades. Leiro, Berta Cáccamo, Pedro Proença ou Antonio Murado, teñen representación nunha sá colmada, máis de cen cadros, das máis variadas tendéncias. Abre até o 7 de Agosto, Luns de 18 a 21,30 h., de Martes a Venres de 11 a 13,30 e de 18 a 21,30, e Sábados de 12 a 14 h.

OS DESASTRES DA GUERRA

Uns 80 gravados ao augaforte de 24x34 cm., feitos por Goya, e pertencentes pá primeira tirada (1863) realizada pola Académia de Belas Artes de San Fernando. Expostos no centro cultural Caixavigo.

GRAVADOS DOS ANOS 90 DE LAXEIRO

A Casa das Artes acolle até o 30 de Setembro, gravados realizados por Laxeiro nos 90, ao tempo que manten aberta a mostra antolóxica do mesmo autor. A sá abre de Luns a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21 h. Sábados á tarde e Domingos á mañá.

A Casa das Artes de VIGO mostra os gravados realizados por Laxeiro nos 90

■ **MÚSICA**

LOS VAN VAN

O famoso conxunto cubano leva a salsa ao Malecón, o Domingo 21 con dous pases, ás 12,30 e ás 2 da noite. A entrada vai a 2.000 pta. Tamén no Malecón, pero o Xoves 18 ás 12,30 actua **El Médico de la salsa**.

FESTIVAL FOLCLORICO

O Festival Folclórico do Concello vai do Venres 19 ao Domingo 28 con actuacións en vários pontos da cidade. Venres 19 na Salgueira, Sábado 20 en Candeán e Xoves 25 en Návia, os tres dias ás 9,30 da noite, actuan o grupo de danza **Tonalamatl** (México), a as agrupacións folclóricas **Giralda** (Sevilla) e **Bursa** (Turquia). Domingo 21 ás 6 do serán en Cabral e Venres 26 ás 9,30 da noite, suben ao cenário o grupo de danza **Vesna** (Ucránia), e os conxuntos Giralda e Bursa. Martes 23 ás 10 da noite no Calvário estarán Vesna, Giralda e Tonamatl. Mércores 24 a partir das 10 da noite en Castrelos actuan todos os anteriores xunto a **Escola Municipal de Danza** e os grupos **Corisco, Andarela, Lembranzas Galegas** e **A Buxaina**. Xoves 25 ás 9,30 en Návia. A entrada é libre en todos os concertos.

■ **TEATRO**

GOYA

O Sábado 20 ás 10,30 da noite no centro cultural Caixavigo, por Teatro del Temple. Intérpretes: Sancho Gracia, Enriqueta Carballeira, Mariano Anos e Clara Sanchís.

Vilagarcia

■ **MÚSICA**

ASALTO ROCK

O primeiro Asalto Rock en Vilagarcia comeza ás 10,30 da noite do Sábado 20, na praza do Doutor Carus. Catro horas de música con grupos da comarca: **Ulcerato Pum, Itupas, Tone B. Willisch & Banda, Extorsión, Los Problemas, Luismi** e **Lua Kornuda**. O asalto ten outros engados como un mercadillo de discos e comics de segunda man, pasarruas, postos de venda de maquetas, e a apresentación dun Katálogo do pop-rock Vilagarcián *K-7*. O asalto ven organizado polos próprios grupos participantes e máis o bar Corsário.♦

I Asalto Rock en Vilagarcia o Sábado 20 a partir das 22,30 h. na Praza do Doutor Carus

Impreso en papel reciclado Greencery 50 de 60 gr./m²

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Alfonso Eiré López EMPRESA XORNALISTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 18 DE XULLO • 1996 • Nº 735 • ANO XIX •

8 400021 303104 00735

Os barcos tradicionais galegos causan admiración no *Brest 96*

As vellas velas fisterráns reviven na Bretaña

G. LUCA

A lancha de relinga de Muros que sauda con deferéncia ao vento Plougastel, pescaba hai anos as mesmas espécies que o lugre de Concarneau. Por camiños diferentes, as velas fisterráns encóntranse ao cabo na extrema da Bretaña para celebrar o *Brest 96*, nunha xuntanza de máis de tres mil barcos.

Máis de tres mil barcos xuntáronse en Brest.

Das pescas de Brest, de Douarnenez, de Groix e do Ouessant sairan as salazoneiras. Detrás medraron os estaleiros de ribeira e as fábricas de conserva e as corbetas e bergantins do comércio que deron traballo por moitos anos ao Oeste bretón. Daquil mundo de arboraduras e salgazón quedan só sete mil empregos nunha beiramar brutalmente reconvertida desde os anos 70.

Brest 96 xunta barcos chegados da costa continental pero sobre todo da beiramar do Gran Sol e serve para reflexionar sobre o futuro do património marítimo. Todos os vellos barcos receben hoxe o tratamento de *tradicionais*, un adxectivo que os pon a navegar entre o pasado e o valor patrimonial. E cada Estado dalles un trato diferente, segundo os considere só maquetas para museu ou vexa nos vellos cascos outros méritos, como o de explicar a inventiva coa que se daba burlado a forza do mar e aproveitaba a propulsión do vento.

Na xuntanza de Brest, a *Federación Galega pola Cultura Marítima* súmase a un movemento de defensa dos barcos tradicionais que comeza a ser un clamor. Ameazada pola incúria legal das novas construccións, que esixe a liquidación dos cascos vellos, a vela que foi orgullo da beiramar convértese en botin de guerra. A normativa que paga pola liquidación das vellas carenas é un golpe mortal para todos os barcos de menos de 20 toneladas.

Despois de o *Plano Mellick* arrasar case o sesenta por cento dos barcos de madeira construidos na Franza antes de 1960, promoveuse a protección patrimonial para a vela de traballo. Unha reacción semellante por parte dos poderes públicos é a que reclaman a *Asociación da Dorna Meca* de Ogrobe, a *Asociación de Viciños Boureante* de Poio, que reconstruiu a buceta, e a *Asociación A Buxaina* do *CRAC* de Coruxo, que recuperou a gamela. Todas levaron a Bretaña os seus barcos, xunto coa lancha de relinga e o polbeiro da *Escola de Carpinteiria de Ribeira*.

A fúria liquidadora

Para a *Federación Galega pola Cultura Marítima* que integran estas asociacións de defensa dos barcos tradicionais, o importante é manter a continuidade entre os barcos de labor e os barcos de lecer, algo que fixeron británicos, noruegos e suecos e que xa se converteu en obxectivo dos bretóns ao pedir a declaración de monumento nacional para certos barcos. Moitos anos de mar condensados nos planos da obra viva da dorna Meca, na caida do mastro da lancha de Muros, ou na medida do mínimo esforzo constructor para a máxima manobrabilidade que representa a gamela, poden extender a sua utilidade como barcos para o lecer, acomodados ao uso popular. A admiración dos visitantes de *Brest 96* polos barcos galegos está, xa que logo, nas antípodas da fúria liquidadora da Administración.

Sobre os peiraos de Brest, os participantes galegos discutiron sobre o futuro da frota tradicional cos representantes da *Federación Rexional da Cultura Marítima da Bretaña*. Na ria, as velas chegaban desde o faro branco de Plougonvelin deica as carballeiras de beiramar de Landevenec, coas arboraduras xigantes a recortar as vergas das dornas. En terra, a gaita tumbal de *Xistra* de Coruxo, replicaba á bombarda do Sochantre, ao organistro e á zanfoña.

No centro do porto de Brest unha carpa branca de tres mil medros cadrados garda un inventário do património naval fráxil e disperso. A revista de etnoloxia marítima Chasse Marée lanzara no encontro do 92 en Brest un primeiro concurso de construcción e restauración de cen barcos tradicionais. O éxito daquela convocatória animounos a lanzar para esta ocasión do 96 outro concurso sobre a conservación da beiramar e dos rios. "As beiras da mar e dos ríos son a xoia de moitas paisaxes pero por non seren de ninguén despertan a cobiza da especulación ou de actuacións violentas". Fotografías e proxectos dan conta de vellas calas aterradas para facer un estacionamento ou un campo de baloncesto. Nalguns casos, gañou a incultura da escavadora eleitoral e deitaron unha lousa de porla sobre o pais. Noutros, as bases do concurso serveron para mobilizar asociacións e protexer rios e ribeiras ameazados. ♦

Dezaoito

XOSÉ ANTONIO GACIÑO

Os versos terríbeis de León Felipe, que berraba contra o sapo iscariote e ladrón co seu escuadrón de cardeais e banqueiros (aquel Franco que se quedou coa facenda, o cabalo e a pistola). As fotos aínda vivas que captou Robert Capa, con aqueles milicianos que morrian de pé antes que vivir de xeonllos. Aquelas vellas grabacións, recollidas despois por *Le Chant du Monde*, coas cancións populares adaptadas ás circunstáncias, entre a raiba e a esperanza ("Madre, qué bien resisten"). E aqueles debuxos de Castelao en *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*, nos que o dramatismo das imaxes se completa co amargor das lendas ("A derradeira leción do mestre", "matáronlle o fillo"....)

Todo ese mosaico de palabras, imaxes e sons acúdeme agora de golpe, nunha primeira ollada mental a esta dolorosa conmemoración do 18 de Xullo, sesenta anos despois de que a España máis tenebrosa puxera a funcionar toda a sua capacidade represora para abortar aquela primavera de liberdades —para os homes e para os povos— que florecera un 14 de Abril cinco anos antes.

Levamos os últimos vinte anos —outra conmemoración— a tratar de recuperarnos dos corenta anos anteriores que, á sua vez, estiveron ben asentados nun pasado histórico, no que as ráfagas de lucidez liberadora apenas serviron para facer máis evidente o implacábel escurantismo que atravesa as páxinas dunha inquietante convivéncia marcada polo afán do poder —central, por suposto— por uniformizar homes e povos baixo o seu domínio.

Difícil de recuperarse de corenta longos anos de pedra, con séculos de petrificación detrás, sobretodo cando as circunstáncias da transición aconsellaron —obrigaron— esquecer aos nosos mortos, matizar os nosos agrávios e mirar cara adiante como se nada, como se Franco —e o seu escuadrón de cardeais e banqueiros— só fora o protagonista dun pesadelo que simplemente se esvae ao despertar sesenta anos despois. ♦

VOLVER AO REGO

A visita a Vigo do presidente de Namíbia Sam Nujoma, onde mantivo reunións con vários representantes da flota conxeladora, recorda que a alternativa dos acordos bilaterais foi boa para Galiza.

A créncia de que Madrid e Bruxelas reforzarian a capacidade negociadora de Galiza demostrou ser un calote lamentábel, sobre todo despois da guerra do fletán. Bonino e o ministro español poden representar os intereses de certas multinacionais ou dos empresários da aceituna pero non os da competitiva flota galega. ♦

OFERTA EN VÓS

— IDA E VOLTA —

Buenos Aires	119.000 ptas.	Paris	28.900 ptas.	Buenos Aires	82.000 ptas.
São Paulo/Rio	106.000 ptas.	Lima	122.500 ptas.	São Paulo / Rio	69.000 ptas.
S. José	128.000 ptas.	Quito	128.000 ptas.	Amsterdam	41.000 ptas.
Toronto	55.000 ptas.	Milano	63.000 ptas.	Paris	17.900 ptas.
New York	98.000 ptas.	Amsterdam	63.000 ptas.	Geneva	39.500 ptas.
Londres	36.000 ptas.	Bogotá	118.000 ptas.	Frankfurt	39.500 ptas.
Santiago de Chile	127.000 ptas.	Asunción	135.000 ptas.	Bruxelas	48.000 ptas.

— SÓ IDA —

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asisténcia embarque sen cargo

MADEIRA
8 dias / 6 noites no mes de Xullo
Avión + hotel de 3 estrelas: 50.600 / 55.700
Avión + hotel de 4 e 5 estrelas: 54.600 / 69.700
prezo por persoa

MINHO EXPRESSO
VIAGENS
SAIDA DO PORTO
TELF. (07 - 35151) 82 48 93 - FAX 23 798 — VALENÇA DO MINHO

ALGARVE
apartamentos 4 persoas en Xullo
QUARTEIRA 6.900
VILAMOURA 8.400
MONTECHORO 7.300
ARMAÇÃO DA PERA .. 10.500
PRAIA DA ROCHA 10.400
Ptas./noite